Sobre a situación do patrimonio arbóreo da cidade de Ourense e o estado de desenvolvemento dos proxectos que ten a Xunta de Galicia para a súa mellora

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 23911 (12/POC-003857)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o grao de cumprimento do pacto ambiental asinado entre o Goberno galego e Ence en 2016 polo que a empresa se comprometía a realizar unha serie de investimentos e actuacións no complexo industrial de Lourizán

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 23912 (12/POC-003858)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a protección dos valores ambientais dos hábitats naturais da serra do Suído e do alto Tea

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 23915 (12/POC-003859)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co destino dos terreos actualmente ocupados por unha estación de servizo e un complexo hostaleiro no porto de Pontedeume logo do remate das respectivas concesións

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 23919 (12/POC-003860)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia previstas no convenio de colaboración co Concello de Ferrol para a rehabilitación urbana da cidade, así como os prazos para a sinatura do devandito convenio e a súa posta en marcha

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 23925 (12/POC-003861)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre o avance do programa Rexurbe en Ferrol para a adquisición de inmobles destinados a vivenda de alugueiro accesible, das actividades de rehabilitación da Área Rexurbe de Ferrol e das áreas de rehabilitación integral declaradas polo concello desta cidade

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 23931 (12/POC-003862)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a fase en que se atopa a construción de vivendas de promoción pública por parte da Xunta de Galicia no polígono do Bertón, no concello de Ferrol, e os compromisos orzamentarios vinculados a estas actuacións

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 23933 (12/POC-003863)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións respecto da tramitación dos proxectos eólicos Anduriña e Zudreiro, promovidos por Green Capital na área de desenvolvemento eólico do monte Acibal, e das accións de protección ambiental e cultural dese territorio repartido entre varios concellos da contorna de Pontevedra

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 23940 (12/POC-003864)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a postura e as previsións da Xunta de Galicia ante a demanda dunha modificación do servizo de garda do persoal médico forense do Instituto de Medicina Legal de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 23947 (12/POC-003865)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre os obxectivos que espera acadar a Xunta de Galicia en 2025 no ámbito da empregabilidade das persoas con discapacidades

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 23953 (12/POC-003866)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego ante a sentenza que anula parte do proxecto para unha liña eléctrica que atravesaría a contorna do castro Lupario, en Rois, e o Camiño Portugués

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo



- 23961 (12/POC-003867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de convocar unha reunión cos grupos da oposición e de impulsar un plan de rescate galego debido á situación provocada pola actual suba dos aranceis en Estados Unidos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 23962 (12/POC-003868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de convocar unha reunión cos grupos da oposición e de impulsar un plan de rescate galego debido á situación provocada pola actual suba dos aranceis en Estados Unidos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23963 (12/POC-003869)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de convocar unha reunión cos grupos da oposición e de impulsar un plan de rescate galego debido á situación provocada pola actual suba dos aranceis en Estados Unidos

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 23967 (12/POC-003870)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as denuncias de acoso laboral no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo contidas nun recurso presentado por unha funcionaria do centro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 23973 (12/POC-003871)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de execución dos programas orzamentarios en materia de políticas activas de emprego dos últimos dez anos e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para melloralo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 23974 (12/POC-003872)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o nivel de execución dos programas orzamentarios en materia de políticas activas de emprego dos últimos dez anos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 23 de abril de 2025, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 23 de abril de 2025, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 15 de abril de 2025, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único. Debate anual sobre política Xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 24009, 12/DEBA-000001)

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Cristina Fernández Davila e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as deficiencias na liña de transporte XG 644016011001 (Vilamartín de Valdeorras-IES Cosme López) no concello da Rúa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Cosme López é o instituto público de referencia no concello da Rúa. A el acoden nenas e nenos do concello da Rúa e tamén de concellos limítrofes, como por exemplo de Vilamartín de Valdeorras.

Para transportar as nenas e nenos a este IES hai varias liñas de transporte que percorren os diferentes núcleos rurais do ámbito do referido centro. Unha destas liñas é a que figura co nome XG64401601001 Vilamartín de Valdeorras- IES Cosme López Rodríguez. Esta liña, segundo figura na información do propia administración da Xunta de Galiza, ten o seguinte itinerario:

Vilamartín de Valdeorras (bar Marbella)----->San Miguel de Outeiro----->Valencia do Sil (praza)----->Somoza (praza)----->San Roque (A Rúa Bar)----->A Rúa Camiño Novo-----> Vilela (A Rúa)----->IES Cosme López Rodríguez.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A empresa, e de xeito unilateral, comezou a cambiar o itinerario de recollida dos nenos, de xeito que se incrementa o tempo que están no autobús dun xeito inxustificado. O itinerario que impuxo a empresa é o seguinte:

Somoza (praza)----->Vilamartín de Valdeorras (bar Marbella)----->San Miguel de Outeiro----->Valencia do Sil (praza)----->San Roque (A Rúa Bar)----->A Rúa Camiño Novo-----> Vilela (A Rúa)----->IES Cosme López Rodríguez.

Deste xeito as nenas e nenos de Somoza teñen que saír da casa ir a Vilamartín e despois volver parada por parada até chegar ao IES. Este cambio supón un incremento de tempo no autobús de 20 minutos en cada traxecto pasando de 4,5 km que tiñan no itinerario previsto a 15 km. En total cada día estes nenos de Somoza teñen que pasar 30 minutos en cada traxecto de autobús para desprazarse a un instituto que teñen a 4,5 km. E todo este desprazamento ten que facerse por estradas perigosas cunha negra historia de accidentes con escolares afectados. Estamos ante un cambio de traxecto inxustificado que non aporta ningún beneficio aos usuarios do transporte, sexan escolares ou non.

Esta situación foi trasladada en numerosas ocasións aos responsábeis do transporte en Ourense, incluso advertindo da ilegalidade de tal situación. Segundo a ANPA do IES que tamén se dirixiu a Xunta de Galiza para denunciar esta alteración, a empresa de transporte chegou a “pedir” aos proxenitores dos escolares que asinaran unha petición de modificación do itinerario.

A sorpresa dos pais e nais foi maiúscula cando en días pasados recibiron un escrito a traveso da ANPA do IES Cosme López do servizo de mobilidade da consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes no que autorizaban o cambio de itinerario a petición da empresa prexudicando enormemente aos escolares de Somoza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, e tamén en relación con esta liña de transporte, hai que indicar que todos os escolares que van nesta liña de transporte chegan 15-20 minutos antes de que comecen as clases no IES, polo que teñen que estar no centro educativo esperando fora da edificación escolar. O mesmo pasa cando rematan as clases pero en sentido inverso; é dicir teñen que agardar 15-20 minutos a que chegue o transporte escolar para volver aos seus domicilios.

Para o BNG é indecente a actuación da Xunta do PP, non se poden antepor os intereses dunha empresa á dos usuarios, usuarios que son escolares. Para o BNG non se pode impor a vontade dunha empresa, hai que defender as cativas e cativos, para que podan ter un ensino adecuado e non mirar sempre os intereses alleos a sociedade.

Ante as numerosas queixas dos usuarios, prolongadas e que parece que non teñen visos de solución, e por todo o exposto anteriormente, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Coñece Xunta de Galiza a fondo a realidade mencionada sobre o terreo?
- Coñece Xunta de Galiza a situación dos escolares cando chegan ao IES e o tempo de agarda para esperar as clases ou ao remate para coller o bus?
- Por que a Xunta de Galiza atende so as demandas da empresa?
- Que “argumentos” tan extraordinarios deu a empresa para convencer a Xunta de Galiza para cometer tal inxustiza cos escolares desta liña de autobús?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Cristina Fernández Davila

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 04/04/2025 10:28:29

Paulo Ríos Santomé na data 04/04/2025 10:28:40

Cristina Fernández Davila na data 04/04/2025 10:28:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade e o proxecto do Goberno galego para o territorio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todo parece apuntar que nesta ocasión a Ribeira Sacra si que será recoñecida como Patrimonio da Humanidade despois dunha tentativa falida anteriormente. Unha noticia da que nos aledamos no grupo parlamentar do BNG por todo o que isto implica para un territorio moi castigado en moitos sentidos. Todo isto a pesar de eivas importantes, ao noso ver, na candidatura que a Xunta propón á Unesco como a falta de participación real da comunidade local ou a falta de conservación real dos usos históricos da terra.

Non obstante, desde o Bloque cremos que o territorio que constitúe a Ribeira Sacra merece un proxecto ben deseñado e consensuado para os anos posteriores á previsíbel declaración como patrimonio mundial. Este proxecto debería implicar unha planificación seria do futuro do sector vitivinícola (actualmente en perigo), unha planificación para resolver os problemas demográficos no territorio, unha planificación laboral ou un plan turístico para o territorio unha vez este sexa declarado patrimonio da humanidade, entre moitas outras cuestións.

De pouco vale que a Ribeira Sacra sexa recoñecida como patrimonio da humanidade se isto non implica mellorar a vida das persoas que habitan e traballan o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

territorio e que, ao longo de moitos anos, foron perfilando a paisaxe que hoxe tanto veneramos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- En que se está a basear a candidatura da Xunta de Galiza para que a Ribeira Sacra sexa recoñecida como Patrimonio Mundial?
- Que plan ten o Goberno galego no caso de que a Ribeira Sacra sexa escollida como Patrimonio da Humanidade?
- Como pretende dar solución o Goberno galego á falta de remuda xeracional no sector vitivinícola, verdadeiro garante de que se mantén a paisaxe?
- Cal é o plan no eido turístico para unha Ribeira Sacra patrimonio Mundial?
- Ten plan a Xunta para dar resposta á crise demográfica que vive o territorio?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2025 10:46:37

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2025 10:46:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **Preguntas para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a ausencia de atención pediátrica durante o verán no centro de saúde de Coles para a poboación dos concellos de Coles, Amoeiro, A Peroxa e Vilamarín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza residencia no Centro de Saúde de Coles a asistencia médica pediátrica da poboación dos concellos de Amoeiro, Vilamarín, A Peroxa e Coles, mediante a presenza dunha facultativa dous días a semana para atender a saúde de aproximadamente 700 cativos e cativas das máis de 40 parroquias que compoñen os 4 concellos sinalados, Concellos que abranguen unha superficie total de preto de 232 km².

Con carácter ordinario a mocidade destes concellos só lles está permitido enfermarse os días sinalados, pois caso contrario os seus procesos deberían ser atendidos en centros máis afastados dos seus domicilios, vía ordinaria en Ribadavia ou mediante o recurso a atención de urxencia no CHUO, se ben neste último caso non estaría garantida que a atención fose prestada por unha especialista en pediatría.

Mais esta precaria atención pediátrica que padece a poboación de Coles, Amoeiro, Vilamarín e A Peroxa, consecuencia da negligente despreocupación da Xunta de Galiza, ameaza con agravarse durante os meses do verán, nos que segundo diversas informacións o centro de saúde de Coles non disporá de especialista en pediatría ningún día. Segundo se informou ás usuarias, a partires do 1 de xullo a Xunta de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

suspenderá toda asistencia facultativa de pediatría no centro de saúde de Coles, non mantendo nin sequera o precario servizo de que dispuña a poboación destes 4 concellos.

A falla de previsión da Xunta de Galiza, incapaz de manter a mínima asistencia sanitaria que dispuña a poboación destes concellos da Galiza interior, obrigará ao desprazamento da veciñanza ao centro de saúde de Ribadavia para poder recibir atención pediátrica. Desprazamentos de máis dunha hora, en caso de que se dispoña de vehículo particular ou, en caso contrario e debido á escasa oferta de transporte público, mesmo poderían ser imposíbeis.

A Xunta de Galiza continúa o seu avance no desmantelamento e precarizacións dos servizos públicos, na renuncia a calquera medida de reequilibrio territorial e de defensa dos dereitos básicos da poboación de Galiza, atinxindo principalmente á do interior.

Alén do anterior cumpre lembrar que a poboación de feito dos concellos galegos medra considerablemente nos meses de verán debido, fundamentalmente ao retorno vacacional da poboación emigrante, polo que a desatención sanitaria atinxe a máis poboación da habitual. A Xunta de Galiza suprime servizos na época na que existe máis poboación que os pode demandar.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Existe a previsión de reducir nos meses de verán a asistencia médica pediátrica que se presta no centro de saúde de Coles?

-Por que razón?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-En caso afirmativo, que tería que a poboación para recibir asistencia sanitaria pediátrica?

-Considera a Xunta de Galiza que as liñas de transporte e frecuencias actualmente existentes permiten a calquera veciña das parroquias dos concellos de Amoeiro, A Peroxa, Coles ou Vilamarín desprazarse até Ribadavia ou Ourense?

-Que medidas ten previsto adoptar para o reforzo o transporte público e a supresión de servizos non impida o acceso á asistencia sanitaria da poboación dos referidos concellos?

-Cal é o incremento da poboación dos concellos de Amoeiro, A Peroxa, Coles ou Vilamarín durante a época estival?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/04/2025 12:07:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2025 12:08:08

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2025 12:08:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o ingreso de persoas menores de 65 anos con doenzas mentais e outros perfís en residencias para persoas maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego vimos denunciando desde a pasada lexislatura a situación, cada vez máis grave, que se está a vivir nas residencias de maiores da Xunta de Galiza polo ingreso nelas de persoas menores de 65 anos con perfís que nada teñen a ver cos destes centros.

De maneira especial, falamos de persoas con enfermidades de saúde mental, mais non só. Segundo os datos publicados polo xornal Praza Pública (datos solicitados tamén por este grupo parlamentario sen obter resposta da Xunta de Galiza):

A 31 de decembro as residencias de maiores da Xunta ou as prazas concertadas en centros privados sumaban un total de **593 persoas menores de 65 anos** ingresadas nelas. **Un ano antes había preto de 700**. Isto é, unha de cada **20 persoas en prazas residenciais de maiores que dependen da Xunta** non está nelas pola idade senón por outras circunstancias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

	PERSOAS MENORES DE 65 ANOS INGRESADAS EN PRAZA PÚBLICA RESIDENCIAL A DATA DO 31/12/2023	
PROVINCIA	CENTROS TITULARIDADE DA XUNTA DE GALICIA E CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR	CENTROS PRIVADOS CON PRAZAS PÚBLICAS DE CONCERTADAS
A CORUÑA	115	68
LUGO	41	67
OURENSE	35	111
PONTEVEDRA	84	72

2

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA
Complexo Administrativo San Caetano.Edificio 8 B
15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 807
dxmas.politicasocial@xunta.gal

Neste senso, malia que a Xunta de Galiza non proporciona os datos de persoas con doenzas psiquiátricas de maneira desagregada, segundo a Asociación de inspectores de Política Social representarían o 40% das persoas que acceden a unha praza de residencia de maiores polo procedemento da emerxencia social.

Esta situación que afecta todas as residencias públicas ou privado-concertadas, denuncian as traballadoras e traballadores; as organizacións sindicais e mesmo a Asociación galega de inspectores en servizos sociais, está a causar graves problemas porque:

1. As residencias son centros de atención a persoas maiores, con ou sen dependencia, non son hospitais psiquiátricos ou centros especializados en doenzas mentais. Nin sequera están debidamente preparadas para atender situacións cada vez máis habituais de alzheimer ou demencias.

2





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Para as que o persoal das residencias non ten nin formación, nin medios para atender debidamente. Nin sequera hai persoal especializado en psiquiatría nas residencias de maiores galegas.

Isto está a causar graves problemas de convivencia nas residencias en boa medida pola falta de persoal e de recursos para atender persoas que teñen necesidades moi específicas e, desde logo, totalmente diferentes ás que teñen persoas maiores mesmo con alzheimer ou demencia.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cre a Xunta de Galiza que as residencias de maiores son o lugar e o servizo que precisan estas persoas?

- Vai adoptar algunha medida diante das denuncias do persoal que traballa nelas?
Cales?

- Cre o Goberno galego que esta situación é sostíbel por máis tempo?

- Vai impulsar algún centro sociosanitario para atender como merecen e precisan estas persoas?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ariadna Fernández González

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2025 12:13:35

Ariadna Fernández González na data 04/04/2025 12:13:47

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2025 12:13:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación do Servizo de Axuda no Fogar e as medias que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza, o Servizo de Axuda no Fogar é o que máis persoas usuarias concentra de todos os que se inseren no SAAD.

Neste senso, cos últimos datos publicados polo INMSERSO, no noso País hai 25.495 persoas usuarias de SAF (datos de febreiro de 2024). Porén, malia ser unha peza clave na atención e o coidado das persoas dependentes, os concellos galegos e a Fegamp veñen alertando desde hai anos á Xunta de Galiza, do risco de quebra do servizo pola falta de recursos económicos e a incapacidade de moitos municipios para facer fronte – especialmente co persoal do que dispoñen-- da crecente demanda que existe.

Cómpre lembrar que Galiza conta cunha poboación maior de 65 anos que alcanza o 30% do total e cunha alta esperanza de vida que incrementará progresivamente o número de persoas usuarias, como xa vén acontecendo desde hai máis dunha década.

Na actualidade, o SAF finánciase a través de módulos de financiamento nos que a Xunta achega 12 euros a hora e o resto se divide entre as aportacións municipais e das persoas usuarias en función do seu nivel de renda e patrimonio das mesmas. Doutra





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

banda, os concellos con menos de 20 mil habitantes contan con apoios das deputacións provinciais sendo estes diferentes en función de cada provincia.

Segundo os datos do Colexio de Traballo Social de Galiza no estudo realizado en 2020 sobre a situación do SAF no noso País, o custe real da prestación do mesmo oscila entre os 21 e 23€/hora + IVE.

Pola súa banda, a Fegamp asegura que o prezo do servizo está incrementándose cada vez máis oscilando nunha media entre 19 e 25 euros/hora. De acordo cos datos da representación municipal tendo en conta a aportación do Goberno galego –contando nel as aportacións do Estado vía transferencia-- os concellos galegos están a soste o servizo con 200 millóns de euros fronte aos 112 millóns da administración autonómica.

De feito, de maneira insistente nos últimos anos, os concellos galegos veñen reclamando da Xunta unha reforma do sistema de financiamento do SAF para garantir a sostibilidade do servizo e que este se presta nas mellores condicións ao conxunto da poboación.

É evidente que un servizo tan importante para garantir o dereito a envellecer no fogar que, ademais, atende xa máis de 25 mil persoas en Galiza, esixe dun maior esforzo investidor por parte da Xunta que, cómpre lembrar, é a titular das competencias en servizos sociais e atención á dependencia tal e como recolle a Lei de servizos sociais de Galiza (2008) e a Orde que regula o SAF (2009).

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopa o SAF en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai atender o Goberno galego as demandas da Fegamp e revisar o modelo de financiamento do SAF?

- Vai incrementar a Xunta a súa aportación ao financiamento do SAF nesta lexislatura?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2025 12:28:33

Ariadna Fernández González na data 04/04/2025 12:28:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as familias de acollida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros de protección da infancia e adolescencia son aproximadamente 62 no noso país, podendo estas entidades ser públicas (con titularidade da Xunta), privadas (con contratos e concertos) ou mixtas. Na maior parte dos casos son pequenos, de non máis de oito residentes de diferentes idades situados en vivendas comúns, aínda que non sempre é así, segundo os datos ofrecidos pola propia Xunta de Galicia ($\frac{1}{3}$ dos enumerados na páxina da Xunta teñen máis de 8 prazas e 7 deles superan as 20). Neles ofrécense os coidados e servizos de calquera familia cos seus fillos/as, excepto a escolarización e a atención sanitaria, que lle corresponde a organismos normalizados. Ditos centros son fogares para nenos/as e adolescentes que residen alí a tempo completo por a imposibilidade de facelo coa súa familia, ou por non ser convinte que sexan integrados cunha familia alternativa e están baixo a tutela da Xunta. Noutros casos, nestas institucións, préstase apoio durante determinadas horas do día, aínda que logo as crianzas sigan vivindo no seu fogar de orixe.

Este acollemento residencial é, ou debera ser, un recurso temporal, que non substitúe de forma permanente a convivencia nunha familia, polo que a intención é traballar para o regreso dos menores ao fogar de orixe ou para a integración nunha familia alternativa coa maior premura posible.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito, as familias acolledoras son de vital importancia xa que, de non ser posible que o neno/a sexa acollido pola súa familia extensa (é a primeira opción), serían unha oportunidade de que o menor puidese ser atendido da mellor maneira posible, medrando co apoio e a seguridade necesaria e desenvolvendo adecuadamente a súa personalidade, sen ter que permanecer durante moito tempo institucionalizado, co que iso conleva a nivel persoal. O acollemento familiar é un acto solidario, que se leva a cabo en favor dun neno, nena ou adolescente e da súa familia de orixe, que se encontran nunha situación de especial vulnerabilidade, e ten unhas características específicas. Unha delas é a duración (é temporal) e outra o mantemento da relación do menor coa súa familia de orixe, polo que non é o mesmo que unha adopción. Ditados programas de acollemento familiar teñen prioridade sobre o acollemento residencial, especialmente nos menores de 6 anos, para preservar o seu benestar, tratando sempre de evitar que o menor teña unha estada nun centro que se perpetúe durante os anos.

No ano 2015 acadouse un acordo estatal entre todos os partidos políticos en prol da protección da infancia, polo cal os menores de 6 anos debían estar acollidos en familias e non en centros residenciais, fíto histórico que deixou a ventá aberta ás comunidades autónomas, que son as que teñen as competencias en materia de servizos sociais para adaptar o tempo e fomentar o acollemento familiar. Esta lei foi incumprida sistematicamente dende aquela, firmándose no 2022 de novo o compromiso de sacar dos centros residenciais ás crianzas comprendidas entre esas idades, promesa que quedou en papel mollado ao confirmarse que o número destes nenos/as medrou dende esa data.

Galiza non foi a excepción deste incumprimento, xa que temos, segundo datos da Asociación Estatal de Acollemento Familiar, aproximadamente 80 menores de 6 anos en centros residenciais dun total de 745 no noso país (41 deles son menores de 3 anos), dato que contrasta sorprendentemente coa cantidade de familias que agardan para levar a cabo de xeito solidario ese servizo, que non deixa de ser unha labor social pouco





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recoñecida (aproximadamente 20 en lista de agarda). Deste xeito os máis prexudicados seguen a ser as crianzas que, en lugar de vivir nun ambiente familiar propicio para o seu desenvolvemento persoal, seguen sen ter familias de destino nas que instalarse, alegando as comunidades, entre elas a nosa que hai falla de familias acolledoras, algo que as asociacións implicadas achacan a unha falla clara de vontade política e de investimento neste senso.

Dende o goberno e a administración deberíanse ter en conta os dereitos dos menores e a súa protección, cumprindo as leis, os dereitos constitucionais e tendo a este grupo de idade como protagonista das políticas sociais das que son obxecto, sen ter unha percepción e perspectiva cunha visión unicamente adulta das súas necesidades e carencias.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cantas familias de acollida temos en lista de agarda en Galiza?

Cantos menores de 3 e de 6 anos temos en centros residenciais de menores en Galiza superando en máis dun mes a súa estadía neles?

Que ratio de traballadores sociais temos nos centros residenciais de menores? Cúmprese a legalidade?

Hai estudos sobre o fracaso escolar nos nenos/nenas e adolescentes que residen en centros de menores?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ariadna Fernández González

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 04/04/2025 12:33:24

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2025 12:33:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández e Iria Carreira Pazos, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os atrasos e as continuas prórrogas nas obras de reforma das consultas externas do hospital de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación sanitaria de Galiza é grave. Valdeorras non é allea a esta situación, máis ben estamos peor. O Hospital de Valdeorras está nunha situación límite e a cidadanía ten que estar día si e día tamén manifestándose na súa defensa para evitar o seu desmantelamento.

A esta situación engádese un problema grave de falla de comunicacións coa cidade de Ourense, a onde son derivados os usuarios da sanidade pública, tendo que realizar traxectos que requiren tempo para recorrer os quilómetros que separan calquera concello do distrito da cidade, ao que se engaden a carencias en canto a transporte público.

Dentro das tarefas de mantemento e mellora tan necesarias das instalacións de consultas externas do Hospital, a Consellería de Sanidade encargou a empresa TRAGSA no mes de agosto do ano 2022 unhas obras de reforma. Esas obras contaban cun prazo de execución dun ano e un orzamento de 650000 €





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A partires de aí unhas obras que non parecían demasiado problemáticas nin tampouco cuantiosas comezaron o seu particular vía crucis de demoras e prórrogas. E cales son as razóns desta situación:

- Un ano despois de encargar ditas obras, estamos en xullo do 2023, solicitouse unha prórroga das mesmas para en teoría facer modificacións do proxecto e dando lugar a primeira prórroga que sería até finais do 2023.
- Non contentos con esa primeira prórroga a empresa solicita outra a finais do 2023 que lle foi concedida ate xuño do 2024 séndolle concedida esta segunda prórroga.
- Como non hai dúas sen tres a empresa solicita de novo outra terceira prórroga no mes de xuño autorizándolle a administración do PP esta terceira prórroga até outubro do 2024.
- Non acaba aquí o conto das prórrogas para estas obras, que xa parece unha broma de mal gusto; pois solicitan unha cuarta prórroga que acaba de ser concedida até o 31 de decembro do 2024.

Imos polo tanto pola cuarta prórroga. Dende o BNG non comprendemos nin entendemos como unhas simples obras teñen este atraso continuado no tempo. Ao BNG parécenos realmente vergoñento que a consellería de sanidade dependente da Xunta gobernada polo PP non dea realizado estas obras de adecuación nunha instalación hospitalaria. Mentres a consellería, os conselleiros e a empresa se escriben cartas e publicacións no DOG con motivos diversos para non facer as obras as veciñas e veciños e os traballadores sofren os problemas.

Ante este despropósito en forma de prórrogas e prórrogas e tendo en conta que ditas obras non se rematan e as veciñas e veciños do distrito sanitario de Valdeorras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

están a sufrir as consecuencias dende o Bloque Nacionalista Galego esiximos á Xunta de Galiza o remate sen mais demoras de ditas obras.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Coñecen na Consellería de Sanidade cantas prórrogas levan para unhas obras de reforma valoradas en 650000 €?
2. Cales son as xustificacións da Xunta de Galiza para esta demora nas obras?
3. Por que a Xunta de Galiza non é capaz de acabar as obras nos prazos indicados?
4. Como valora a consellería de sanidade os prexuízos aos usuarios das instalacións hospitalarias por causa das demoras das obras ?
5. Vai a consellería de Sanidade autorizar máis prórrogas nestas obras?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 04/04/2025 12:39:18

Iria Carreira Pazos na data 04/04/2025 12:39:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas, Secundino Fernández Fernández e Sonia Vidal Lamas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa aos proxectos de investigación mineira na provincia de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de xuño o Diario Oficial de Galicia publicaba tres acordos do 9 de abril de 2024, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se somete a información pública a solicitude do permiso de investigación denominado **Novo Cima** número 5292, para recursos da sección C), sito nos concellos de Verín e Vilardevós. **Novo Frixo** número 5291, para recursos da sección C), sito nos concellos de Laza, Sarreaus e Cualedro, e **Novo Arboim** número 5290, para recursos da sección C), sito no concello de Oímbra. Todos estes concellos pertencentes á provincia de Ourense.

Os permisos de investigación están regulamentados no Título V, Capítulo III (artigos 43 a 59), da Lei 22/1973, de 21 de xullo, de Minas, consonte ao disposto no Título V, Capítulo III (artigos 62 a 78), do Real Decreto 2857/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral para o Réxime da Minaría. Os permisos de investigación, que se outorgarán polo prazo que se solicite, sen que este poida ser superior aos tres anos (que poderá ser prorrogado por tres anos máis e, excepcionalmente, para sucesivos períodos, pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética Minas), conceden aos seus titulares «o dereito para realizar, dentro do perímetro demarcado, os estudos e traballos encamiñados a poñer de manifesto e definir un ou varios recursos da sección C) e a que, unha vez definidos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outorgueselles a concesión de explotación dos mesmos» (art. 44 da Lei 22/1973, de 21 de xullo, de Minas); así mesmo confiren o dereito da exclusividade, o da ocupación temporal dos terreos comprendidos dentro do seu perímetro, o de dispoñer dos recursos que obtivese para fins non só de investigación, senón outros distintos se obtén autorización expresa da Delegación Provincial correspondente e o de transmitilo nas condicións sinaladas pola Lei.

Pola súa banda, as obrigas, de acordo cos artigos 56, 57 e 58 a antedita Lei de Minas poden ser resumidas nos seguintes puntos: 1) comezar os traballos dentro do prazo de seis meses, a contar da data en que estea en condicións de ocupar os terreos necesarios para a súa execución; 2) manter en actividade os labores coa intensidade programada nos proxectos ou plans anuais; 3) presentar cada ano ante a Delegación Provincial correspondente un plano de labores; 4) iniciar o oportuno expediente de ocupación temporal, de acordo coa Lei de Expropiación Forzosa, dentro do prazo de dous meses, a contar da data en que sexa notificado o outorgamento do permiso, se non se chegou a un acordo cos propietarios, os titulares doutros dereitos ou ocupantes dos terreos que sexan necesarios para o desenvolvemento dos traballos ou o acceso a eles, e 5) ampliar as actividades de investigación para localizar recursos distintos aos outorgados cando for convidado polo Estado e sempre que sexa presumible a existencia daqueles.

As tres solicitudes que nos ocupan, a mercantil (Omega Real Estate S.L.) indicou nas correspondentes memorias que os permisos solicítanse para realizar unha serie de actividades nos primeiros de 2 anos, nos que desenvolverá unha denominada “primeira fase” de prospección e caracterización xeoquímicas e que non comportarían sondaxes perforantes. Indica tamén que nunha “segunda fase”, a empresa ten previsto solicitar as correspondentes prórrogas para proceder coas campañas de sondaxes, en caso de atopar indicios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a antedita lexislación de minas, os permisos de investigación poden concederse por un máximo de 3 anos, e nos expedientes a empresa subliña que só precisa 2 para a “primeira fase”, e que posteriormente solicitaríanse as respectivas prórrogas. Porén na documentación da solicitude a mercantil non indica o período de tempo para o que solicita o permiso de investigación, senón que se limita a describir as actividades a desenvolver neses primeiros dous anos. Ademais, a empresa inclúe tamén nas súas solicitudes os proxectos de labores e planos de restauración requeridos por lei malia a non presentar os proxectos de sondaxes, por ter indicado que non son precisos nesta “primeira fase”. Este proceder non resulta conforme co establecido na lexislacion de minas para as solicitudes de permisos de investigación de recursos mineiros da Sección C.

O feito de que a non presentación da campaña de sondaxes impide concretar e, xa que logo, valorar tanto o alcance das afeccións ambientais como a idoneidade e efectividade das medidas de restauración propostas. Asemade, unha eventual concesión dos permisos de investigación solicitados nas condicións expostas pola mercantil, podería impedir a axeitada consulta e participación pública a respeito das posíbeis afeccións (ambientais, patrimoniais, a outras propiedades e dereitos) das campañas de sondaxes, pendentes de ulteriores prórrogas nunha “segunda fase”, por canto o preceitivo trámite de consulta pública estaría xa cumprido.

As actividades para as que a empresa di solicitar o permiso (recoñecementos xeolóxicos de campo e cartografía xeolóxica; recoñecemento de labores e indicios mineiros; toma de mostras manuais e análises; estudos petrográficos; xeoquímica de solos; xeofísica; e traballos de gabinete), subliñando repetidamente nas súas solicitudes que non vai realizar perforacións, teñen un mellor encaixe na figura do permiso de exploración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os permisos de exploración encóntranse regulamentados nos artigos 40 a 42 da Lei 22/1973 de Minas (Título V, Capítulo II), consonte ao disposto nos artigos 59 a 61 do Real Decreto 2857/1978 que aproba o Regulamento Xeral para o Réxime da Minaría (Título V, Capítulo II). Atendendo ao art. 41.un da antedita Lei, os permisos de exploración confiren ao solicitante, entre outros, o seguinte dereito:

a) *Efectuar estudos e recoñecementos en zonas determinadas, mediante a aplicación de técnicas de calquera tipo que non alteren substancialmente a configuración do terreo e coas limitacións que estableza o Regulamento.*

Xa que logo e tal e como reitera a empresa nas súas solicitudes, os traballos para os que solicita os respectivos permisos encaixan perfectamente na definición de permiso de exploración máis que de investigación:

“Hay que remarcar de nuevo durante la primera fase de investigación (los dos primeros años de vigencia del permiso definidos en el presente proyecto) solo se realizarán trabajos de recopilación de información, reconocimiento geológico de campo y tomas de muestras manuales. De los trabajos previstos no existe ninguno que podría afectar (aunque sea mínimamente) el entorno natural.”

Asemade, e a respecto da defensa do interese público que subxace a todo beneficio dos recursos xeolóxicos, o feito de conceder un permiso de investigación, que ten unha vixencia inicial máxima de 3 anos, implica a reserva de facto das cuadrículas solicitadas a favor da peticionaria. Fican excluídas portanto, durante o seu periodo de vixencia, as posibles solicitudes realizadas por outras mercantís, que puideran achegar proxectos máis acaídos en relación ás obrigas que impón a lei con respecto ao permiso de investigación. Pretender obter en exclusiva uns dereitos por 2 ou 3 anos prorrogábeis con proxectos de investigación máis propios de actividades de exploración, que teñen unha vixencia máxima de 1 ano, non deixa de ser unha fraude de lei que lesiona a competencia e o interese público que debe guiar a concesión dos dereitos mineiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

. Concorda a Xunta de Galiza coa avaliación que facemos sobre o estado da documentación dos proxectos de investigación de Novo Cima (5292), Novo Frixo (5291) e Novo Arboim (5290)?

. Van denegar o permiso de investigación en base á documentación presentada?

. Esixiran da comercial que reformule as solicitudes coma permisos de Exploración, condicionado á avaliación ambiental vixente?

. Ten a Xunta un inventario do uso das terras nas que se pretende investigar?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Secundino Fernández Fernández

Sonia Vidal Lamas,

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 04/04/2025 12:46:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/04/2025 12:46:26

Secundino Fernández Fernández na data 04/04/2025 12:46:38

Sonia Vidal Lamas na data 04/04/2025 12:46:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas, Carmela González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o peche da central térmica das Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de agosto do pasado ano 2024 o BOE publicou resolución da Dirección xeral de política enerxética e minas pola que se autorizou o peche dos catro grupos da central térmica que ENDESA GENERACIÓN, S.A. ten na vila das Pontes, cada un deles con unha potencia neta de 350 MW.

Este peche prodúcese nun contexto de grande incerteza aínda 4 anos despois de ser solicitado formalmente pola sociedade propietaria da central, sen que exista a día de hoxe proxecto ningún que teña o seu futuro despexado, sen convocar o Concurso de transición xusta para adxudicar os 1.400 MW, que sería o principal valor para garantir a reindustrialización das Pontes, e finalmente, sen que exista tampouco nada parecido a un plan industrial para a reactivación económica e industrial do Concello e da comarca impulsado polo goberno galego, obrigado para calquera goberno que non renegue do exercicio das súas competencias estatutarias e das súas responsabilidades políticas.

No entanto, o grupo de investigación da UDC estima que o peche da térmica terá un forte impacto socioeconómico sobre o conxunto da comarca, nun informe no que cifra a destrución de emprego en máis de 1.400 postos de traballo e o impacto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económico en perdas de máis de 70 millóns de euros "polo que a implicación dos máximos responsábeis políticos é obrigada"

Na actualidade, coa autorización do peche dos 4 grupos xa oficial, non hai escusa para que non se aclare todo o relativo ao nó de transición das Pontes, e para que se impulse dun xeito urxente o concurso de transición, un proceso que para ser xusta debe ser real e debe realizarse dun xeito progresivo, solapando a redución da capacidade instalada coa posta en marcha de novos proxectos industriais para evitar un impacto traumático sobre o emprego.

E o papel do goberno galego neste escenario non pode ser o de espectador, debe exercer as súas competencias e facer, como se fixo en outros momentos de crise nas Pontes, de promotor dun plan económico e industrial no que participen, con fondos, todos os actores relevantes no territorio, a comezar polo goberno estatal e por Endesa, mais tamén a propia Xunta de Galiza a través dos seus orzamentos.

A falta de planificación e de compromiso gobernativo coas Pontes xa está a traducirse a día de hoxe, en perda de emprego, tanto na central de Endesa como en Einsa, outra das empresas emblemáticas do Concello.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Que opina a Xunta de Galiza do proceso de transición xusta nos concellos galegos afectados?
2. Por que a Xunta de Galiza rexeita promover un Plan para a reactivación económico e industrial do Concello das Pontes contribuíndo con fondos propios?
3. Coñece a Xunta de Galiza o informe da UDC sobre o impacto do peche da central térmica das Pontes? Que opinión lle merece?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Coñece a Xunta de Galiza o Plan industrial que se activou con motivo do peche da mina das Pontes? Que valoración fai dos resultados de aquel plan? Por que rexeita promover agora un modelo semellante?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 04/04/2025 12:54:42

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/04/2025 12:54:51

Carmela González Iglesias na data 04/04/2025 12:55:01

Ramón Fernández Alfonso na data 04/04/2025 12:55:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 04/04/2025 12:55:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o proxecto denominado “Fábrica de pneumáticos Sentury, declarado proxecto industrial estratéxico (PIE)” nas Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consello da xunta declarou, na súa reunión do 6 de outubro de 2022 como proxecto industrial estratéxico (PIE) o proxecto denominado “Proxecto de construción dunha planta de fabricación de pneumáticos no concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña)” presentado pola empresa empresa Sentury Tire Spain, S.L.U.

O 31 de marzo de 2023, a Secretaría Xeral de Industria, publica un anuncio polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto denominado Fábrica de pneumáticos Sentury, declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 6 de outubro de 2022, que se implantará no concello das Pontes de García Rodríguez.

Segundo consta na documentación exposta ao público, o proceso de fabricación de pneumáticos sería un proceso altamente automatizado que parte dunha serie de materias primas (fibras téxtiles, caucho natural, caucho sintético, cables de aceiro e aditivos) que se mesturan e combinan en proporcións e procesos específicos, segundo as características construtivas de cada clase de pneumático que se vaia producir.

O orzamento do proxecto ascende a 531.370.000 euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A futura fábrica estará formada por unha serie de edificios de produción, xestión e servizos auxiliares, cunha ocupación en planta de aproximadamente 26 ha localizadas en terreos próximos ao lago das Pontes, an parroquia de Espiñaredo.

Xunguido a este proxecto de Sentury, autorízanse unha serie de parques eólicos en vaías zonas da provincia da Coruña baixo o modelo de Power Purchasing Agreement (PPA) Sumando unha potencia total de 680 MW.

Nos últimos días vemos na prensa que a empresa promotora retirou o capital reservado para a planta de As Pontes, e potenciando a construción doutra planta de semellantes características que está a construír en Marrocos.

Por todo o exposto formúlase as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- . Cal é estado actual na tramitación do proxecto de Sentury para As Pontes?
- . Corre perigo a construción desta planta de fabricación de pneumáticos?
- . En que situación quedan os parques eólicos vencellados ao proxecto de Sentury?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Ramón Fernández Alfonso
Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 04/04/2025 13:02:22

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/04/2025 13:02:37

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/04/2025 13:02:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o escudo de armas da Casa de Torno, no concello do Saviñao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Torno é un lugar da parroquia saviñá de Mourelos, nel encóntrase a coñecida como ‘Casa de Torno’, unha edificación de grande valor patrimonial e cuxa construción data da década de 1590, no século XVI. Un dos moitos e variados exemplos de xoias patrimoniais con que conta a comarca de Lemos, o sur de Lugo e toda a Ribeira Sacra; patrimonio que, lamentabelmente desde o Grupo Parlamentar do BNG, vemos que non é obxecto da protección que merece e que as Administracións deben fornecer.

Ao longo dos últimos anos, principalmente desde 2019, a Casa de Torno foi suxeito de diversos derrubamentos das partes que a compoñen. Así, foron caendo o tellado do inmóbel, unha cheminea de pedra, a lareira e mesmo boa parte da fachada principal; sendo este último un derrubamento moi preocupante polo feito de conter a fachada da vivenda un escudo de armas tan antigo como a propia casa. Desta forma, o escudo está desde o momento do derrubamento (decembro de 2023) xunto aos cascallos derivados da caída da fachada no patio interior da vivenda, de acceso público. Ademais, após os sucesivos derrubamentos, foron constatados roubos e espolios de varios elementos de inmenso valor da propia vivenda, polo que non é descartábel que o escudo tamén poida ser furtado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tanto o Concello do Saviñao como a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza son coñecedoras desta situación, xa que foron informadas do acontecido e da situación actual deste escudo mesmo por persoas particulares que través de comunicación epistolar fixeron saber a ambas Administracións da conxuntura.

A casa e o escudo están catalogados como ‘Monumento’, así figura no Anexo II13 sobre Bens inmobles clasificados na paisaxe cultural no Saviñao do Decreto 166/2018, de 27 de decembro, polo cal se declara Ben de Interese Cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra, máis concretamente na referencia 27.927. Na lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galiza establécese o “deber de conservación” deste tipo de edificacións, mais lamentablemente temos constatado desde este Grupo Parlamentar como dita lei está a ser claramente incumplida en múltiples casos ao longo e largo da xeografía galega e con certo énfase na Ribeira Sacra.

O noso patrimonio debe ser albo da maior das proteccións por parte das Administracións competentes, máis aínda cando un territorio como a Ribeira sacra aspira a ser declarado Patrimonio da Humanidade. Apelamos por tanto ao Concello do Saviñao é ao Goberno galego a que actúen coa maior das celeridades para pór fin a este caso palmario de desleixo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Coñece a Xunta de Galiza a situación en que se encontra a casa de Torno e o seu escudo de armas?
- Ten pensado a Xunta de Galiza levar a cabo algunha acción para reverter a situación en que se encontran?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como protexerá o Goberno galego o escudo de armas do século XVI da casa de Torno actualmente caído após o derrubamento de boa parte da fachada principal da vivenda?

- Por que se vén incumprindo a lei no relativo á casa de Torno e ao seu escudo de armas?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 07/04/2025 10:26:05

Mercedes Queixas Zas na data 07/04/2025 10:28:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a ampliación da declaración do BIC nas instalacións da Central Térmica de Endesa nas Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As recomendacións da Carta de Nizhny-Tagil sobre o Patrimonio Industrial (TICCIH 2003) establecen que as comunidades industriais que se vexan ameazadas por rápidos cambios estruturais deben ser apoiadas polas autoridades gobernamentais, para o que se deben elaborar procedementos de resposta rápida ao peche de sitios industriais importantes para previr a destrución ou o traslado dos elementos significativos; segundo a mesma, non deben escatimarse esforzos á hora de asegurar a consulta e a participación das comunidades locais na protección e a conservación do seu patrimonio industrial, que depende da preservación da integridade funcional, polo que as intervencións nun sitio industrial deben estar enfocadas a manter dita condición tanto como sexa posíbel, xa que o valor e a autenticidade dun sitio industrial poden verse enormemente reducidos ao extraérense a maquinaria/compoñentes ou ao destruírense os elementos secundarios que forman parte do conxunto dun sitio.

O peche da Central Térmica de carbón de Enel-Endesa en As Pontes foi solicitado en decembro de 2019, pasando logo polo proceso de impacto ambiental, primeiro nun intento errado por parte da propietaria de facer uso do procedemento simplificado, o mesmo que o resto de centrais en peche do Estado, que foi desestimado polo MITECO na súa Resolución de abril de 2021 obrigando ao sometemento dun





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procedemento ordinario, a única central de todo o Estado, o que evidencia a súa singularidade, que rematou coa publicación da Declaración de Impacto Ambiental do seu desmantelamento en marzo de 2022.

Na data do 21.3.2022 o Ministerio para a Transición Ecolóxica do Goberno de España emite unha resolución pola que se formula a declaración de impacto ambiental do proxecto de desmantelamento dos grupos 1, 2, 3 e 4 da central termoeléctrica das Pontes no TM das Pontes de García Rodríguez (A Coruña) no que non se recolle ningunha medida de conservación polo seu valor cultural de ningunha das partes das súas construcións e instalacións.

Previamente, na data do 4.2.2021 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitir un informe no devandito procedemento no que se indicaba a existencia de elementos potencialmente integrantes do patrimonio cultural de Galicia que non foran convenientemente estudados desde a perspectiva dos seus valores culturais na súa avaliación e que, en conclusión, se estimaba de forma desfavorable a demolición da cheminea.

Na data do 20.6.2022, tendo en conta as evidencias da existencia dun valor cultural sobranceiro da cheminea, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural resolve incoar de oficio o procedemento para declarar ben de interese cultural a cheminea da central termoeléctrica das Pontes de García Rodríguez.

Na tramitación do procedemento administrativo, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural solicita un informe en diversas ocasións e a varios dos órganos consultivos dos que establece o artigo 7 da LPCG, mais no expediente administrativo só consta un dos dous informes preceptivos favorables sobre o valor cultural sobranceiro da cheminea necesarios para poder declarar un ben de interese cultural, segundo establece o artigo 18.2 da LPCG.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En consecuencia, na data do 20.6.2024 o procedemento administrativo para declarar ben de interese cultural a cheminea da central termoeléctrica das Pontes de García Rodríguez caduca, segundo o artigo 20.2 da LPCG, ao ter transcorrido vinte e catro meses desde a data da resolución de incoación sen resolverse e notificarse o procedemento.

Na data do 26.9.2024 entra no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de declaración de ben de interese cultural da cheminea da central térmica das Pontes de García Rodríguez presentada por un particular.

A Xunta de Galiza, a traveso da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, subliñou en todo o procedemento ambiental, simplificado e ordinario, de xeito reiterado, que, segundo os criterios e definicións sinalados na Lei do Patrimonio Cultural de Galiza e no Plan Estatal de Patrimonio Industrial, parte das estruturas do conxunto fabril, poderían posuír as calidades e os valores propios do patrimonio industrial, polo que sería preciso un estudo concluínte en canto á caracterización do valor cultural dos inmobles (polo menos a cheminea e o conxunto que esta forma coas torres de refrixeración), a xustificación da súa eventual consideración como bens integrantes do patrimonio cultural de Galiza, e, de ser o caso, a protección e as medidas correctoras para a súa salvagarda; ao non realizar Endesa a análise/estudo demandado, o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural foi desfavorábel acerca da demolición da cheminea, cuestión que non tivo consideración algunha por parte do MITECO co argumento de que na data da resolución non constaba que se tivera iniciado ningunha tramitación respecto diso.

Na mesma liña que os pronunciamentos de conservación anteriores, mais nun senso máis amplo aínda ao enunciar a necesidade de conservar unha central térmica íntegra como testemuño do significado e da cultura do traballo como exemplo do ciclo completo da produción de enerxía a partir do carbón, tense pronunciado o Ministerio de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cultura -non consultado no proceso ambiental- a traveso do Grupo de Traballo da Comisión de Seguimento do Plan Estatal de Patrimonio Industrial do Instituto do Patrimonio Cultural de España, nun informe específico sobre do valor cultural das centrais térmicas en proceso de desmantelamento, en outubro 2022, que, logo de cualificar dito proceso como de “destrución masiva destas instalacións sen ter en conta posíbeis vías de conservación que garantan a transmisión dos valores patrimoniais ás xeracións futuras, tal e como se establece na lei 16/1985 de Patrimonio Histórico Español”, facía propostas de conservación, administrativas e técnicas, como definir unhas pautas de recompilación e xestión da documentación das centrais, pór en coñecemento das administracións locais e dos propietarios as posíbeis vías de xestión e financiamento para a conservación dos elementos patrimoniais, e incluír nos plans de desmantelamento, nos concursos de transición xusta e nos proxectos Futur-e a vertente cultural/patrimonial de forma explícita para a posta en valor do patrimonio cultural como un importante activo á hora de fomentar a actividade económica e a empregabilidade da zona, e mitigar o impacto social e emocional.

Na actualidade, cunha autorización do MITECO para o peche da Central publicada en agosto de 2023, cunha fase de pre-desmantelamento iniciada e case que rematada, modificada en xaneiro de 2024 a Autorización Ambiental Integrada para establecer as condicionantes ambientais durante o seu desmantelamento, sen convenio de transición xusta, cunha paralización unilateral do Futur-e por parte de Endesa, con proxectos que, no mellor dos casos, non iniciarán a súa actividade no curto prazo, coa expectativa dun solo industrial nos terreos da Central para non antes do 2032 e sen que exista neste momento proxecto algún que os pretenda ocupar, coa previsión das convocatorias dos fondos da Transición Xusta até o 2027 e os PERTE até o 2026, e con todos os indicadores socioeconómicos en caída libre, a Xunta de Galiza ten incoado un procedemento para a declaración de Ben de Interese Cultural a cheminea da Central, que deberá rematar antes do 23 de xuño vindeiro, que obriga a Endesa como propietaria á súa conservación, mantemento e custodia debida e a evitar a súa perda, destrución ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deterioración, coa aplicación inmediata, aínda que provisional, do réxime de protección previsto no artigo 17.4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galiza, cun contorno de protección configurado por unha área que circunscribe a cheminea a unha distancia de 45 metros do perímetro da súa base, fóra do cal considera compatíbeis o desenvolvemento doutras actividades industriais ou a súa integración en espazos libres ou destinados a dotacións ou actividades públicas, sendo posíbel autorizar as restantes actuacións do desmantelamento.

As instalacións da Central das Pontes e o seu entorno son unha oportunidade para representar, analizar, evidenciar, socializar e facer rendíbel o papel que este tipo de patrimonio xogou no desenvolvemento industrial de Galiza e a necesidade da súa transformación cara a xeración de enerxías verdes, como entende a sociedade contemporánea actual este patrimonio e que relación de identidade mantén con el, a caracterización das paisaxes industriais, e a necesaria posta en valor destes patrimonios industriais. Débese, logo, considerar razoábel unha patrimonialización selectiva das Pontes como testemuño galego máis senlleiro dunha tecnoloxía enerxética altamente explotadora do territorio e altamente contaminante, correspondente a un pasado recente, e facelo de xeito divulgativo e educativo, ademais de cultural e turístico, se cabe, mostrando a evolución da civilización industrial galega, no que é obrigada a implicación, cando menos, da propietaria Endesa e das distintas administracións públicas como parte integrante do órgano xestor, e o deseño e desenvolvemento dun plan de usos, xestión e conservación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. Cal é o estado de tramitación da cheminea da central termoeléctrica das Pontes como Ben de Interese Cultural?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Ten previsto a Xunta de Galiza ampliar a declaración de Ben de Interese Cultural da cheminea da Central termoeléctrica das Pontes para que contemple tamén a inclusión do parque de carbóns, unha caldeira, a sala de turbinas, dúas torres de refrixeración próximas entre elas, e a sala de control?

3. Está previsto a musealización dos elementos a conservar na Central termoeléctrica das Pontes?

4. Conta o espazo que ocupa a actual central termoeléctrica das Pontes cun plan de xestión?

5. Está a Xunta de Galiza a colaborar co resto de administracións no proceso de extinción da actividade industrial da central termoeléctrica das Pontes, en que termos se basea esta colaboración?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Ramón Fernández Alfonzo

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 07/04/2025 10:49:11

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/04/2025 10:49:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 07/04/2025 10:49:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a ampliación da declaración do BIC nas instalacións da Central Térmica de Endesa nas Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O peche da Central Térmica de carbón de Enel-Endesa en As Pontes foi solicitado en decembro de 2019, pasando logo polo proceso de impacto ambiental, primeiro nun intento errado por parte da propietaria de facer uso do procedemento simplificado, o mesmo que o resto de centrais en peche do Estado, que foi desestimado polo MITECO na súa Resolución de abril de 2021 obrigando ao sometemento dun procedemento ordinario, a única central de todo o Estado, o que evidencia a súa singularidade, que rematou coa publicación da Declaración de Impacto Ambiental do seu desmantelamento en marzo de 2022.

Durante a tramitación ambiental foron varios os informes contrarios ao desmantelamento total e completo das instalacións, como o caso dunha das alegacións presentadas polo Concello das Pontes na que demandaba a conservación da infraestrutura do parque de carbóns. Tamén unha asociación de arqueoloxía industrial do ámbito estatal, en febreiro 2021, dende a base de que os diferentes elementos deben ter unha vinculación directa co proceso produtivo global (entrada de materias primas, proceso de xeración de enerxía eléctrica, e saída de produtos elaborados), unha singularidade, estética, facilidade de conservación, potencial para novos usos, interese social e cultural, e tamén testemuño tecnolóxico e do traballo, facía a proposta de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conservación dalgúns dos elementos máis significativos deste ben patrimonial como o parque de carbóns (que podería usarse como chan industrial en actividades tales como viveiro de empresas, actividades industriais relacionadas con biomasa, diferentes propostas da Administración Local/Autonómica, actividades que requiran un gran espazo diáfano, como feiras, etc), unha torre de refrixeración (como espazo cultural, espazo expositivo de artes plástica: pintura, escultura, son, ...), a cheminea (como icona do patrimonio da Central, ascensor con vista panorámica, estación ambiental), a nave de turbinas (para un futuro centro de referencia e xestión deste patrimonio industrial, onde se recollería, entre outras cousas, computadores, pantallas pupitres e outros elementos da sala actual de control, antigos paneis de control do seu inicio nos anos 70, de existir, elementos de pequenas dimensións de características singulares e significativas no proceso produtivo da Central ao longo da súa historia, documentación e arquivo do proxecto orixinal en papel, posíbeis equipos informáticos utilizados durante o período de actividade -1972/2022-, pequenos elementos de interese como sensores, paneis de mando e control, testemuños orais dos traballadores, fotografías, etc), e unha parte da subestación de transformación de 400 kV (1 posición das 4 existentes, 1 transformador de potencia, e un tramo de liña de alta tensión con polo menos 2 torres). A proposta de conservación parcial foi apoiada e complementada para profundar no seu significativo valor cultural industrial por parte dalgunha entidade local de referencia no ámbito dos estudos históricos e sociais.

A Xunta de Galiza, a traveso da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, subliñou en todo o procedemento ambiental, simplificado e ordinario, de xeito reiterado, que, segundo os criterios e definicións sinalados na Lei do Patrimonio Cultural de Galiza e no Plan Estatal de Patrimonio Industrial, parte das estruturas do conxunto fabril, poderían posuír as calidades e os valores propios do patrimonio industrial, polo que sería preciso un estudo concluínte en canto á caracterización do valor cultural dos inmobles (polo menos a cheminea e o conxunto que esta forma coas torres de refrixeración), a xustificación da súa eventual consideración como bens integrantes do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

patrimonio cultural de Galiza, e, de ser o caso, a protección e as medidas correctoras para a súa salvagarda; ao non realizar Endesa a análise/estudo demandado, o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural foi desfavorábel acerca da demolición da cheminea, cuestión que non tivo consideración algunha por parte do MITECO co argumento de que na data da resolución non constaba que se tivera iniciado ningunha tramitación respecto diso.

Na mesma liña que os pronunciamentos de conservación anteriores, mais nun senso máis amplo aínda ao enunciar a necesidade de conservar unha central térmica íntegra como testemuño do significado e da cultura do traballo como exemplo do ciclo completo da produción de enerxía a partir do carbón, tense pronunciado o Ministerio de Cultura -non consultado no proceso ambiental- a traveso do Grupo de Traballo da Comisión de Seguimento do Plan Estatal de Patrimonio Industrial do Instituto do Patrimonio Cultural de España, nun informe específico sobre do valor cultural das centrais térmicas en proceso de desmantelamento, en outubro 2022, que, logo de cualificar dito proceso como de “destrución masiva destas instalacións sen ter en conta posíbeis vías de conservación que garantan a transmisión dos valores patrimoniais ás xeracións futuras, tal e como se establece na lei 16/1985 de Patrimonio Histórico Español”, facía propostas de conservación, administrativas e técnicas, como definir unhas pautas de recompilación e xestión da documentación das centrais, pór en coñecemento das administracións locais e dos propietarios as posíbeis vías de xestión e financiamento para a conservación dos elementos patrimoniais, e incluír nos plans de desmantelamento, nos concursos de transición xusta e nos proxectos Futur-e a vertente cultural/patrimonial de forma explícita para a posta en valor do patrimonio cultural como un importante activo á hora de fomentar a actividade económica e a empregabilidade da zona, e mitigar o impacto social e emocional.

Na actualidade, cunha fase de desmantelamento iniciada e case que rematada, modificada en xaneiro de 2024 a Autorización Ambiental Integrada para establecer as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

condicionantes ambientais durante o seu desmantelamento, sen convenio de transición xusta, cunha paralización unilateral do Futur-e por parte de Endesa, con proxectos que, no mellor dos casos, non iniciarán a súa actividade no curto prazo, coa expectativa dun solo industrial nos terreos da Central para non antes do 2032 e sen que exista neste momento proxecto algún que os pretenda ocupar, coa previsión das convocatorias dos fondos da Transición Xusta até o 2027 e os PERTE até o 2026, e con todos os indicadores socioeconómicos en caída libre, a Xunta de Galiza ten incoado un procedemento para a declaración de Ben de Interese Cultural a cheminea da Central, que deberá rematar antes do 23 de xuño vindeiro, que obriga a Endesa como propietaria á súa conservación, mantemento e custodia debida e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración, coa aplicación inmediata, aínda que provisional, do réxime de protección previsto no artigo 17.4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galiza, cun contorno de protección configurado por unha área que circunscribe a cheminea a unha distancia de 45 metros do perímetro da súa base, fóra do cal considera compatíbeis o desenvolvemento doutras actividades industriais ou a súa integración en espazos libres ou destinados a dotacións ou actividades públicas, sendo posíbel autorizar as restantes actuacións do desmantelamento.

Ademais, algunha entidade de referencia no ámbito da cultura galega, e á vista do xa comentado con anterioridade, estima que se debera ampliar os elementos a conservar, xa que segundo a Lei 5/2016 e coas recomendacións e cartas europeas, é mellor non desvincular todo o proceso industrial no que se integra, representar todos os valores, para que o proxecto que, xunto cos elementos da central térmica, se decidan patrimonializar, ben sexa na súa totalidade ou nalgúns partes, sexa quen de evidenciar e comunicar a paisaxe industrial das Pontes, das instalacións mineiras e industriais e da maquinaria que se conserve, dos conxuntos urbanos e dos espazos naturais vinculados e utilizados pola Central e os seus traballadores, atendendo ás dimensións territorial, industrial, da enxeñería e arquitectura, material e inmaterial, tamén dende a mirada sociolóxica e antropolóxica en relación coa memoria do traballo, as relacións e os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conflitos laborais en todo o proceso industrial a paisaxe industrial, a central térmica como patrimonio industrial e tamén como fito construtivo, o papel que xogou na industrialización do País nun pasado recente e no proceso de transformación da produción de enerxía en Galiza, xunto á súa relación coa sociedade contemporánea galega. E todo elo nun entorno, local ou veciño, no que as distintas tecnoloxías de xeración eléctrica e o seu desenvolvemento no tempo teñen a súa pegada e presenza.

Na data do 21.3.2022 o Ministerio para a Transición Ecolóxica do Goberno de España emite unha resolución pola que se formula a declaración de impacto ambiental do proxecto de desmantelamento dos grupos 1, 2, 3 e 4 da central termoeléctrica das Pontes no TM das Pontes de García Rodríguez (A Coruña) no que non se recolle ningunha medida de conservación polo seu valor cultural de ningunha das partes das súas construcións e instalacións.

Previamente, na data do 4.2.2021 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitir un informe no devandito procedemento no que se indicaba a existencia de elementos potencialmente integrantes do patrimonio cultural de Galicia que non foran convenientemente estudados desde a perspectiva dos seus valores culturais na súa avaliación e que, en conclusión, se estimaba de forma desfavorable a demolición da cheminea.

Na data do 20.6.2022, tendo en conta as evidencias da existencia dun valor cultural sobranceiro da cheminea, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural resolve incoar de oficio o procedemento para declarar ben de interese cultural a cheminea da central termoeléctrica das Pontes de García Rodríguez.

Na tramitación do procedemento administrativo, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural solicita un informe en diversas ocasións e a varios dos órganos consultivos dos que establece o artigo 7 da LPCG, mais no expediente administrativo só consta un dos dous informes preceptivos favorables sobre o valor cultural sobranceiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da cheminea necesarios para poder declarar un ben de interese cultural, segundo establece o artigo 18.2 da LPCG.

En consecuencia, na data do 20.6.2024 o procedemento administrativo para declarar ben de interese cultural a cheminea da central termoeléctrica das Pontes de García Rodríguez caduca, segundo o artigo 20.2 da LPCG, ao ter transcorrido vinte e catro meses desde a data da resolución de incoación sen resolverse e notificarse o procedemento.

Na data do 26.9.2024 entra no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de declaración de ben de interese cultural da cheminea da central térmica das Pontes de García Rodríguez presentada por un particular.

As instalacións da Central das Pontes e o seu entorno son unha oportunidade para representar, analizar, evidenciar, socializar e facer rendíbel o papel que este tipo de patrimonio xogou no desenvolvemento industrial de Galiza e a necesidade da súa transformación cara a xeración de enerxías verdes, como entende a sociedade contemporánea actual este patrimonio e que relación de identidade mantén con el, a caracterización das paisaxes industriais, e a necesaria posta en valor destes patrimonios industriais. Débese, logo, considerar razoábel unha patrimonialización selectiva das Pontes como testemuño galego máis senlleiro dunha tecnoloxía enerxética altamente explotadora do territorio e altamente contaminante, correspondente a un pasado recente, e facelo de xeito divulgativo e educativo, ademais de cultural e turístico, se cabe, mostrando a evolución da civilización industrial galega, no que é obrigada a implicación, cando menos, da propietaria Endesa e das distintas administracións públicas como parte integrante do órgano xestor, e o deseño e desenvolvemento dun plan de usos, xestión e conservación.

Galiza, como xa existe na maioría dos países, ten dereito a un Museo da Electricidade, e o lugar idóneo é As Pontes, non só polas instalacións da Central





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Térmica, senón tamén pola existencia doutras instalacións de xeración eléctrica que conforman un conxunto único.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Cal é o estado de tramitación da cheminea da central termoeléctrica das Pontes como Ben de Interese Cultural?
2. Ten previsto a Xunta de Galiza ampliar a declaración de Ben de Interese Cultural da cheminea da Central termoeléctrica das Pontes para que contemple tamén a inclusión do parque de carbóns, unha caldeira, a sala de turbinas, dúas torres de refrixeración próximas entre elas, e a sala de control?
3. Está previsto a musealización dos elementos a conservar na Central termoeléctrica das Pontes?
4. Conta o espazo que ocupa a actual central termoeléctrica das Pontes cun plan de xestión?
5. Está a Xunta de Galiza a colaborar co resto de administracións no proceso de extinción da actividade industrial da central termoeléctrica das Pontes, en que termos se basea esta colaboración?
6. Vai convocar a Xunta de Galiza a Mesa para o Impulso da Actividade Económica das Pontes, cando?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 07/04/2025 12:08:17

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/04/2025 12:10:51

Mercedes Queixas Zas na data 07/04/2025 12:11:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Secundino Fernández Fernández, Daniel Pérez López, Sonia Vidal Lamas e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a conservación e posta en valor do patrimonio histórico monumental de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai anos dende a facultade de historia do Campus de Ourense advertíase do deterioro que padecían as estruturas dalgúns dos bens que integran o patrimonio histórico artístico de Ourense, malia constituíren unha das súas principais riquezas da provincia.

Ourense conta con 77 bens catalogados como de interese cultural que se distribúen en 42 concellos, sendo a cidade de Ourense o concello que conta cun maior número, seguido de Ribadavia, Allariz e Celanova, estando a metade dos BIC en concellos que só contan con un só ben catalogado, malia o que dende hai anos se ben advertindo do risco de ruína de varios deles, nomeadamente a Torre de Sande en Cartelle, o Mosteiro de Santa María de Melón, a Torre de Torán en Taboadela e o Mosteiro de San Paio de Abeleda en Castro Caldelas.

Hai uns meses o “Foro Líceo”, espazo de estudio e debate de amplo espectro constituído por asociacións profesionais, empresariais e culturais de Ourense, publicaba un informe sobre o Estado dos Monumentos histórico arquitectónicos dende a exclusiva





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perspectiva da súa sinalización e accesibilidade para ser visitado, tanto por turistas foráneos como polos propios ourensáns.

O informe abrangue 106 monumentos constatándose que a meirande parte deles precisan de actuacións de conservación e mantemento. Asemade detectouse un grande déficit na sinalización, tanto para a súa localización, como sobre a súa identificación, denominación e historia.

Dos 90 monumentos cuxo disfrute exige de apertura só en 39 dos casos é posíbel, tendo que facerse en 14 casos en horario de culto. Xa que logo dos monumentos que precisan de apertura para seren visitados só nun 28% dos casos existe esa posibilidade, estando excluídos deste aceso público boa parte do patrimonio eclesiástico románico, no que Ourense é un referente destacado.

Ourense posúe numerosos recursos e potencialidades susceptíbeis de ser aproveitados para xerar actividade económica e benestar da cidadanía que se están a desaproveitar, cando non estragar, pola falla de interese por parte de quen ten a responsabilidade da súa xestión e coidado.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Cal é a consideración da Xunta de Galiza sobre o patrimonio monumental histórico da provincia de Ourense?

Cónstalle a realización de actuacións de mantemento e conservación periódicas ou de inspección para coñecer o estado dos mesmos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entende a Xunta de Galiza que o patrimonio monumental de Ourense é un importante recurso para o desenvolvemento económico, social e cultural do territorio?

Inspecciona a Xunta de Galiza se os bens catalogados como de interese cultural son visitables polo público, e os horarios e condicións en que tal visitas son posíbeis?

Cantos incumprimentos detectou e cal foron as medidas, no caso, adoptadas?

Ten coñecemento a Xunta de Galiza das condicións da sinalización tanto para acceder aos monumentos históricos urbanísticos de Ourense, como para coñecer as súas características, historia e valor?

Que xestións realizou ou impulsou a Xunta de Galiza para a divulgación de información sobre o patrimonio histórico monumental de Ourense, mesmo para a súa inclusión en circuitos turísticos organizados?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Secundino Fernández Fernández

Daniel Pérez López

Sonia Vidal Lamas

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/04/2025 16:23:46

Secundino Fernández Fernández na data 07/04/2025 16:24:21

Daniel Pérez López na data 07/04/2025 16:24:32

Sonia Vidal Lamas na data 07/04/2025 16:24:46

Noa Presas Bergantiños na data 07/04/2025 16:24:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á Manifestación de Interese sobre os nós de Galiza destinados a realizar poxas de capacidade de xeración de acceso á rede, desenvolto polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2024, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), co obxectivo declarado de incrementar o coñecemento da Administración sobre as demandas de acceso e o detalle dos proxectos interesados en cada nó para acadar un maior éxito nos concursos de proxectos de renovables e almacenamento, procedeu á apertura dunha Manifestación de Interese (MdI) sobre os nós destinados a realizar concursos de capacidade de xeración de acceso á rede, trámite cuxo prazo remataba o 12 de abril.

Os nós seleccionados representaron un terzo dos totais do Estado, todos eles situados nas comunidades autónomas peninsulares, presentando Andalucía, Extremadura, Euskadi, Murcia e A Ríoxa máis da metade dos seus nós incluídos, mentres que no caso de Galiza foi o 32 %, 18 dos 57 da súa zona, cun ao 100% e outro ao 0%, cunha ocupación nodal media do 25%, lixeiramente superior á de Extremadura (22%) e moi por debaixo do 64% de Murcia, e cun capacidade total de 18,7 GW (308,3 GW do conxunto). Sinalar que no caso de Castela e León (Herrera 400 kV) e Valencia (Eliana 400 kV e La Plana 400 kV) foron incluídos na MdI 3 nodos sen capacidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conkursable, situación na que está o nó de Transición Xusta As Pontes 400 kV, segundo REE.

A MdI procuraba información sobre a demanda de cada un dos nós, a preferencia de conexión na rede de transporte ou distribución, o tipo de tecnoloxía e a intención de hibridación dos proxectos, novos, de ampliación ou con acceso concedido, con DIA favorable, e sobre a súa tipoloxía (autoconsumo, I+D+i,...)

Por outra banda, no marco dun necesario incremento da electrificación industrial e do desenvolvemento de novas actividades como a produción de hidróxeno mediante electrolizadores e a carga de vehículos eléctricos, REE publicou a principios de setembro unha lista de 17 nós (17,2 GW) para convocar as primeiras poxas de acceso á rede para a demanda, fundamentalmente a asociada a grandes proxectos industriais. Os nós están situados en Andalucía (6; 7,2 GW), Aragón (5; 3,5 GW), Castela e León (1; 0,8 GW), Castela-A Mancha (2; 4,2 GW), Catalunya (1; 0,1 GW), Madrid (1; 0,9 GW) e Valencia (1; 0,5 GW), dos cales 6 non estaban reservados para concurso (Cristóbal Colón 220 kV en Andalucía; Ave Zaragoza 220 kV, Montetorrero 220 kV, Praza II 220 kV, Villanueva del Gállego 220 kV en Aragón; El Serrallo 220 kV en Valencia), 1 (Franco 220 kV en Catalunya) non tiña posibilidade de conexión, e outro (Barcina 400 kV en Castela e León) é un nó de Transición Xusta, segundo a información de REE, aínda que non figura no Anexo do Real Decreto 23/2020. O resto dos nós tamén apareceron na MdI do MITECO.

Dada a importancia socioeconómica dos concursos de acceso á rede da demanda asociada aos grandes proxectos industriais, ademais de asignar de forma eficiente a limitada capacidade da rede e garantir a integración de novas demandas, xunto cos da capacidade de acceso de evacuación, especialmente a derivada dos peches de centrais térmicas de carbón, para o xa avanzado no tempo e aínda sen resultados concretos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proceso de *transición xusta*, que inclúe, entre outras, as Comarcas de Cerceda e As Pontes en Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Considera a Xunta que a información, actualizada e en tempo real, relativa á xestión e situación dos nós de acceso e conexión situados en Galiza é fulcral para desenvolver unha planificación enerxética óptima por parte da propia Administración? De consideralo, dispón a Xunta da mesma? De non dispoñer da mesma, cales son os motivos e que ten feito a Xunta para demandala?

2. Coñece a Xunta os criterios que se utilizaron para a selección inicial dos nós incluídos na Manifestación de Interese realizada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico? Coñece a Xunta por que non se incluíron nela todos os Nós de Transición Xusta, concretamente o de As Pontes 400 kV?

3. Ten información a Xunta sobre cales foron os resultados da Manifestación de Interese realizada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para cada un dos nós de Galiza (Abegondo 220 kV, Frieira 220 kV, Mesón do Vento 400 kV, Parque Eólico do Sil 220 kV, Pazos de Borbén 220 kV, Portodemouros 220 kV, Ponte Bibeí 220 kV, Sabón 220 kV, San Caetano 220 kV, Santo Estevo 220 kV, San Pedro 220 kV, Santiago de Compostela 220 kV, Silleda 400 kV, Sobrado 220 kV, Trives 220 kV, Velle 220 kV, Vilariño de Conxo 400 kV, e Xove 400 kV), referida aos obxectivos nela establecidos (demanda, preferencia de conexión na rede de transporte ou na de distribución, tipo de tecnoloxía e intención de hibridación, proxectos novos, de ampliación ou con acceso concedido, con DIA favorable, e tipoloxía dos mesmos - autoconsumo, I+D+i,...-)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Coñece a Xunta se a lista publicada por REE para convocar os primeiros concursos de acceso á rede por parte da demanda está relacionada cos resultados da Manifestación de Interese realizada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico? Ten información a Xunta como se xustifica a exclusión dos nós situados en Galiza na citada lista?

5. Ten constancia a Xunta de que empresa ou empresas son concesionarias de capacidade no Nó de Transición Xusta As Pontes 400 kV ou afectadas por el -indíquese-, en que cantidade, para que plantas de produción de enerxía eléctrica, desde que data, e en que procedemento e normativa? ? No caso de perda do citado dereito, ten información a Xunta sobre a posibilidade de liberar para concurso a capacidade no citado nó? Ten información a Xunta sobre do cumprimento do disposto no Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica? De ser así, coñece a Xunta cales foron os motivos da súa non aplicación?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Brais Ruanova Vilas-Boas
Ramón Fernández Alfonso
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 07/04/2025 16:43:04

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/04/2025 16:43:14

Ramón Fernández Alfonso na data 07/04/2025 16:43:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Valcárcel Armesto e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as actuacións por parte da Xunta de Galiza para garantir o cumprimento da lexislación vixente en materia de prevención de incendios no Carballiño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo determina a normativa vixente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, a consellaría competente en materia forestal determina a xestión da biomasa e a retirada de especies arbóreas e determina as instrucións que especifican as competencias locais e autonómicas, os procedementos de sanción e de execución subsidiarias dos traballos pertinentes.

Así as cousas, a Xunta de Galiza vén sendo a administración competente, segundo as súas propias atribucións para alén das competencias en materia de medio rural determinadas polo Estatuto de Autonomía, para fiscalizar, vixiar e facer cumprir o que atinxe ás franxas de protección arredor das vías de comunicación. No caso de incumprírense as obrigas legais, a administración galega é a administración pública competente que debe recordar súa obriga legal, mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia e, no caso de persistir no incumprimento, impoñer as correspondentes sancións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As marxes da estrada OU-0413, nomeadamente entre Banga e o enlace co Corredor do Ribeiro, pasando por Cabanelas, presentan unha preocupante acumulación de maleza, vexetación e árbores caídas que obstaculizan a visibilidade dos vehículos, afectando á propia seguridade viaria e constituíndo un serio perigo en caso de incendio forestal. A normativa sobre incendios forestais establece a obriga de manter as vías de comunicación e os seus arredores en condicións que minimicen o risco de propagación de lume, así como libre da caída de árbores ou pólas que poidan danar a persoas e vehículos ou, na peor das situacións, provocar accidentes.

Por estes motivos, recentemente foi posto en coñecemento do Concello do Carballiño esta situación por parte de veciñanza e do Bloque Nacionalista Galego do Carballiño, pois presenta un perigo evidente para a seguridade das e dos usuarios da vía incumprindo asemade coas actuais normativas de incendios, solicitando que, de maneira urxente, se proceda á limpeza e mantemento das beiravías da estrada OU-0413, retirando a maleza e podando e/ou retirando as árbores caídas ou con risco de caer, que poidan supoñer un risco para a seguridade viaria e como prevención ante a propagación dun incendio. Porén, esta situación mantense no tempo e é preciso coñecer cal é a valoración da Xunta de Galiza e aclara se a administración galega iniciou algún tipo de actuación ou se lle foi solicitada por parte doutra administración ou persoas e entidades interesadas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir o cumprimento da lexislación vixente en materia de prevención de incendios no Carballiño?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coñece a Xunta de Galiza o estado das marxes da estrada OU-0413, nomeadamente entre Banga e o enlace co Corredor do Ribeiro, pasando por Cabanelas?

Contactou ou foi contactada a Xunta de Galiza por algunha outra administración a respecto desta cuestión?

Contactou ou foi contactada a Xunta de Galiza con persoas propietarias da contorna a respecto desta cuestión?

Emitiu ou vai emitir a Xunta de Galiza algún anuncio a respecto desta cuestión no DOG ou no BOE?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Valcárcel Armesto

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/04/2025 17:00:11

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/04/2025 17:00:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Secundino Fernández Fernández na data 07/04/2025 17:00:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto, Secundino Fernández Fernández e Luís Bará Torres deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a enfermidade hemorráxica epizoótica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade hemorráxica epizoótica é causada por un virus da familia Reoviridae, do xénero Orbivirus, e trátase dunha proceso infeccioso, non contaxioso, transmitido por vectores (Culipoides spp.). O ciclo biolóxico destes mosquitos picadores actívase coa subida das temperaturas, despois dunha pausa invernal larvaria na auga, do que podemos deducir que coa chegada da primavera e o verán o número de casos irá en aumento no país.

Dita doenza afecta tanto a ruminantes domésticos coma salvaxes, dando lugar a unha clínica moderada e autolimitante, aínda que nalgúns casos pode derivar en secuelas ou incluso a morte (1% mortalidade media, cunha morbilidade media do 7,53%). Trátase dunha enfermidade de declaración obrigatoria e o seu período de incubación oscila entre os 2 e os 10 días.

En Galiza os primeiros casos detectáronse en setembro do 2023, nos concellos de A Capela e Abegondo, data dende a cal se continuaron confirmando positivos polo resto do país ao longo de varios meses, afectando a todas as provincias (a última Pontevedra, cun caso en Vila de Cruces a finais do outubro pasado), ata reducírense considerablemente pola chegada das estacións frías, onde o vector é menos activo e o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

risco diminúe de xeito evidente, aínda que non total. A incidencia prevíase maior nesta tempada do verán de 2024 pero, malia iso, dende o Goberno da Xunta as escasas medidas preventivas e paliativas non chegaron a tempo para ser efectivas e os gandeiros comezaron a sufrila sen estar preparados para a nova vaga de casos que comezou hai semanas no sur do país.

Dende a Xunta de Galiza habilitáronse en 2023 indemnizacións para paliar a morte dos animais afectados pola doenza, para as cales se destinaron, segundo a súa propia páxina web 196000 euros, que aínda están sen percibir por parte dos afectados. Se se comparan coas axudas recibidas no resto do estado, que tamén cobren, en moitos casos, os tratamentos dos animais ou as desinsectacións de prevención, son unha cifra excesivamente discreta para o número de casos totais da enfermidade. Estes son os máis preocupantes, xa que a media de gasto por animal que estea afectado e cuxos síntomas se deban tratar é de aproximadamente 400 euros, que os gandeiros terán que custear en Galiza sen axuda por parte da Consellería de Medio Rural. Hai exemplos coma Extremadura, onde se dirixiron a esta fin, por parte da Xunta desa CCAA, 7.059.710 euros que se repartiron entre 2700 afectados, os 3 millóns de euros que o goberno de Asturias aportou para complementar as axudas estatais e que son de carácter retroactivo, ou os 6 millóns de euros que a Junta de Castilla y León aprobou en axudas directas aos gandeiros afectados para facerlle fronte a gastos de mortes, limpeza, desinsectación ou desinfección das granxas afectadas.

Coa chegada do verán de 2024 apareceron os primeiros casos na provincia de Ourense, derivados dos aumento das temperaturas, rexistrándose casos nas comarcas de Verín, Viana, A Gudiña, Terra de Trives e Terra de Caldelas, que foron avanzando ata situarse esta última semana en terras de Lugo (Sarria, Ancares, Terra de Lemos e Quiroga), con resultados dramáticos para os animais e por extensión para os propietarios, que se atopan nunha situación de desesperación absoluta pola elevada morbilidade que a enfermidade está mostrando nesta tempada, onde xa hai casos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

confirmados en 10 zonas veterinarias do país, con 388 casos confirmados en laboratorio e sen chegar aínda o pico de afectación.

Mais non somos os únicos afectados no conxunto de Europa, coma é evidente. Na propia península amósase o caso do país veciño Portugal que, na mesma liña que a sur de Galiza ten declarado no seu informe da evolución da EHE casos na zona limítrofe con Ourense, ata chegar no conxunto do país dende xullo de 2023 a notificar 106 casos en bovino, ao igual que en Francia onde, nun mesmo período de tempo similar se detectaron 4330 casos.

Ao tratarse dunha enfermidade vírica non existe tratamento máis que paliar os síntomas, máis recentemente a AEMPS ven de autorizar unha vacina coa que poder previr a doenza e facerlle fronte ao verán, que está actualmente a disposición para a súa comercialización, suxeita a prescrición veterinaria e que, acompañada da prevención serán as ferramentas chave para facerlle fronte a nova tempada de EHE que se acaba de iniciar para esta Enfermidade de Declaración Obrigatoria recollida no RD 779/2023.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Valora a Xunta de Galiza subvencionar a vacinación voluntaria no noso país dado que se trata dunha enfermidade de declaración obrigatoria, favorecendo así a aqueles gandeiros/as que decidan subministrar as doses aos seus animais? De ser así, que contía se destinará a tal fin?

2. Continúa a Xunta de Galiza sen ter intención de indemnizar con fondos propios da Consellería de Medio Rural e que complementen aos que se reciban do goberno do estado, os tratamentos de aqueles animais que sufran a enfermidade e non morran e os servizos veterinarios derivados desta doenza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que información se lles fixo chegar aos gandeiros galegos sobre a EHE e que vías se usaron para tal fin?

4. Proponse dende a Xunta habilitar unha partida orzamentaria específica para afrontar indemnizacións por lucro cesante dos animais que superen a enfermidade e sufran secuelas?

5. Vai a Xunta de Galiza reforzar o persoal veterinario das oficinas agrarias para dar un maior servizo aos gandeiros afectados pola doenza no seu gando e a toma de mostras deses animais para analíticas de confirmación de positivos e recompilación de datos que sexan de utilidade para saber a que nos enfrontamos?

6. Era consciente a Consellería de Medio Rural de que se achegaba unha etapa complicada en canto a afección dos animais por esta enfermidade? Que medidas preventivas tomou, no caso de facelo?

7. Que partida orzamentaria se destinará dende a Consellería de Medio Rural a facerlle fronte aos efectos da EHE en Galiza no 2024? A achega económica da Xunta de Galiza non vai aumentar e vaise agardar por parte do goberno o apoio unicamente do Ministerio de Agricultura e Gandería?

8. En que estudos se baseou a Consellería de Medio Rural para non tomar medidas específicas para atallar a EHE no 2024?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Secundino Fernández Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 07/04/2025 17:49:41

Sonia Vidal Lamas na data 07/04/2025 17:50:05

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/04/2025 17:50:16

Secundino Fernández Fernández na data 07/04/2025 17:50:29

Luis Bará Torres na data 07/04/2025 17:50:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as axudas agroambientais á agricultura ecolóxica para o ano 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período coñecida como PEPAC 23-27. Neste novo período as explotacións agrogandeiras galegas tiveron a opción de solicitar axudas agroambientais, concretamente as *axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023, cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Feader*. Axudas con compromisos plurianuais e que son fundamentais para as explotacións de Galiza.

Estas axudas incluían as seguintes seguintes intervencións agroambientais do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027:

d) Intervención 6503 “Compromisos agroambientais en agricultura ecolóxica”

Liña: Cultivos agrícolas ecolóxicos

Subintervención 65030.17: Conversión de cultivos agrícolas ecolóxicos

Subintervención 65030.18: Mantemento de cultivos agrícolas ecolóxicos

Liña: Viñedos para vinificación ecolóxica

Subintervención 65030.19: Conversión de viñedos para vinificación ecolóxica

Subintervención 65030.20: Mantemento de viñedos para vinificación ecolóxica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Liña: Gandería ecolóxica

Subintervención 65030.21: Conversión de gandería ecolóxica

Subintervención 65030.22: Mantemento de gandería ecolóxica

Liña: Apicultura ecolóxica

Subintervención 65030.23: Conversión de apicultura ecolóxica

Subintervención 65030.24: Mantemento de apicultura ecolóxica.

Son axudas moi importantes para o mantemento, viabilidade e permanencia das explotacións agrarias galegas ecolóxicas; sobre todo as profesionais, e afectan a explotacións agrícolas, gandeiras e apícolas.

Segundo o artigo 46 da *ORDE do 27 de febreiro de 2024 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (códigos de procedemento MR250A, MR239G, MR239K, MR239O, MR240D, MR241C e MR241D)*:

Estas axudas serán decrecentes en función da superficie ou colmeas admisibles:

Agricultura ecolóxica:

- a) Ás primeiras 20 ha correspóndelles o 100 % do importe*
- b) Entre máis de 20 ha e 40 ha incluída, o 60 %.*
- c) Entre máis de 40 ha e 80 ha incluída, o 30 %.*
- d) A partir de máis de 80 ha, o 5 %.*

Gandaría ecolóxica:

- a) Ás primeiras 40 ha correspóndelles o 100 % do importe.*
- b) Entre máis de 40 ha e 80 ha incluída, o 60 %.*
- c) Entre máis de 80 ha e 200 ha incluída, o 30 %.*
- d) A partir de máis de 200 ha, o 5 %.*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta degresividade é especialmente grave na gandería ecolóxica, xa que unha explotación profesional non pode cobrar o 100% da axuda nas súas terras. ao ter unha redución significativa a partires das 40 primeiras has.

Na convocatoria do ano 2023 aprobáronse axudas, pagáronse tarde mal e arrastro con meses de atraso. Unha vez aprobadas viuse que non cubriron a totalidade do crédito existente para estes tipos de axudas debido fundamentalmente a esta degresividade que impide aos nosos gandeiros ter un nivel de axudas adecuado as súas explotacións.

Malia esta situación, a convocatoria do ano 2024 tampouco se abriu a novas solicitudes, nin tampouco a ampliación de compromisos das solicitudes existentes; polo que supoñemos que tampouco se cubrirá a totalidade de crédito existente para este tipo de axudas, e que está consignado no PEPAC 2023 – 2027. Ademais, na convocatoria do 2024 non se eliminou ou se modificou a degresividade que limita o cobro da totalidade da axuda as nosas explotacións, principalmente as gandeiras.

En definitiva, no BNG non entendemos que si hai crédito orzamentario para estas axudas se siga pondo limitacións; non entendemos esta actuación da Xunta do PP, contraria ás mulleres e homes que están traballando e vivindo no rural.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Canto diñeiro quedou sen executar da partida prevista para as liñas de ecolóxico?
- Cal é o montante económico que non se executará nos anos de duración da PEPAC 2023-2027 no referido ao ecolóxico?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A que quere destinar a Xunta de Galiza o diñeiro sobrantes destas axudas?
- Cal é o motivo polo que se sigue aplicando a degresividade nesta liña?
- Cal é a situación dos expedientes de solicitude do ano 2024?
- Vanse cubrir as previsións orzamentarias no 2024 segundo o PEPAC 2023-2027?
- Vai a Xunta de Galiza abrir a novas solicitudes no ano 2025?
- Vai a Xunta de Galiza abrir a novos compromisos das solicitudes no ano 2025?
- Vai a Xunta de Galiza cambiar os criterios da degresividade ou eliminala nas solicitudes no ano 2025?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Sonia Vidal Lamas

Ariadna Fernández González

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 07/04/2025 17:54:43

Sonia Vidal Lamas na data 07/04/2025 17:54:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 07/04/2025 17:55:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a reclamación da mellora dos servizos de ferrocarril e a restitución de itinerarios e horarios eliminados nos últimos anos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade.

Alén destas características, o transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático, reducindo cada vez máis o uso dos vehículos privados e gañando en calidade ambiental.

Estas son algunhas das potencialidades dun bo servizo público de transporte, mais para que estas potencialidades poidan ser explotadas, é fundamental que as políticas públicas de mobilidade se deseñen en consonancia a estas potencialidades.

Atender a cuestións tan importantes como a intermodalidade, é central para conseguir facer que o uso deste servizo sexa útil e atractivo para a poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E é que o reto da intermodalidade é a chave para a mobilidade do futuro, onde as distintas modalidades de transporte deben ser complementarias e estar conectadas e interconectadas.

O ferrocarril xoga un papel central nesta cuestión, polo que un bo funcionamento desta modalidade de transporte é central para unha mobilidade de calidade.

Na última década observamos unha clara intencionalidade dos diferentes gobernos do estado en deixar baixo mínimos os servizos de transporte por ferrocarril en Galiza, coa eliminación de horarios e itinerarios, a desaparición do tren en moitas comarcas do país ao que se ven a sumar o déficit histórico en materia de financiamento en infraestruturas e servizos ferroviarios.

Os principais indicadores avalan o uso do ferrocarril en Galiza, sendo o eixo atlántico unha das rutas de media distancia con máis viaxeiros no estado español.

Coa chegada da COVID e das súas consecuencias, implementáronse diferentes bonificacións que fixeron máis accesible a mobilidade en ferrocarril mais é incomprendible como Galiza sigue e padecer a non restitución de horarios e itinerarios e mesmo a ampliación dos servizos para superar os que xa foron eliminados.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que valoración fai o goberno galego sobre a eliminación de horarios e itinerarios no servizo ferroviario na última década?

Entende importante, a Xunta de Galiza, unha mellora nos servizos ferroviarios en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que posición ten a Xunta de Galiza ante a posibilidade de contar cun servizo ferroviario de proximidade galego?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas
Luis Bará Torres
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 07/04/2025 18:02:30

Alexandra Fernández Gómez na data 07/04/2025 18:02:40

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/04/2025 18:02:51

Sonia Vidal Lamas na data 07/04/2025 18:03:06

Luis Bará Torres na data 07/04/2025 18:03:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os beneficios multimillonarios da concesionaria da AP9, a transferencia da infraestrutura e o rescate da concesión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O pasado 27 de marzo déronse a coñecer os resultados da AP9 en 2023 con unha cifra récord de ingresos e beneficios para a concesionaria: 192,6 millóns de ingresos totais (+12%) e 82,6 millóns de beneficios (+24,9%). Dos ingresos totais, 58, 7 millóns corresponden a pagamentos do Estado por bonificacións (36,7 millóns), peaxes en sombra (12,6 millóns) e limitación de tarifa (9,2 millóns).

2. A partir do 17 de agosto de 2023 a AP9 debería ser gratuíta, como outras autoestradas da mesma época, mais as galegas e galegos seguiremos pagando unhas peaxes abusivas debido a unha medida aprobada polo goberno do PP en 2000: a prórroga da concesión por 25 anos até o máximo legal de 75 anos (2048), situación que só se dá en dúas autoestradas estatais galegas (AP9 e AP 53) e noutra en Castela-León (León-Campomanes).

Esta prórroga está sometida a unha investigación da Comisión Europea, a partir dunha denuncia da asociación En Colectivo baseada no feito de que a normativa europea obrigaba a licitar en concorrência pública o contrato de concesión e non permitía unha prórroga automática. Como consecuencia, a Comisión requiriu ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gobierno español que xustificase o cumprimento da normativa europea sobre contratos e concesións públicas.

3. Ademais da escandalosa cifra de ingresos e beneficios da concesionaria, fican outras cuestións pendentes en relación coa AP9. A primeira é a transferencia da autoestrada a Galiza, unha medida que foi aprobada por unanimidade en numerosas ocasións polo parlamento galego e que foi sistematicamente vetada polos gobernos centrais. O último intento foi en 2021-2023 e viuse frustrado polo obstrucionismo dos grupos parlamentares do PP e do PSOE no Congreso, que presentaron emendas e dilataron os prazos de tramitación para facer fracasar a transferencia. No ano 2023 aprobouse unha nova proposición de lei para a transferencia da autoestrada, que deberá ser admitida a trámite polo Congreso.

A segunda cuestión pendente é o rescate da concesión, ben por iniciativa do goberno ou ben polo procedemento aberto pola Comisión Europea. Sexa cal sexa o procedemento, é necesario facer estudos sobre os custos que podería ter unha medida deste tipo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cales son as razóns, a xuízo do Goberno galego, polas que aínda non se efectivizou a transferencia da autoestrada AP 9 a Galiza?

Considera xusto o goberno galego que a concesión da AP 9 se prolongue até o ano 2048 mentres outras estradas da mesma época son gratuítas?

Considera de interese o goberno galego a contratación dun estudo ao sistema universitario galego sobre a viabilidade da anulación da concesión da AP9 e o seu rescate para o público, analizando a fórmula xurídica máis acaída, a vía aberta polo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procedemento incoado pola Comisión Europea, e os custos financeiros para o Estado da situación actual e dun hipotético rescate da concesión?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Valcárcel Armesto

Sonia Vidal Lamas

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 07/04/2025 18:10:10

Paulo Ríos Santomé na data 07/04/2025 18:10:17

Alexandra Fernández Gómez na data 07/04/2025 18:10:29

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/04/2025 18:10:47

Sonia Vidal Lamas na data 07/04/2025 18:11:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a mobilidade na comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Coruña ten a mobilidade entre os seus principais problemas. A diario, entran e saen da cidade máis de 100.000 persoas, de acordo con datos do INE, o que fai preciso prestar especial atención a este asunto, tanto desde o punto de vista das infraestruturas como dos servizos de transporte público que se prestan.

En canto ás infraestruturas, o plan viario da comarca da Coruña (concellos da Coruña, Arteixo, Bergondo, Culleredo, Cambre, Oleiros e Sada) máis recente data do ano 2004. En 2002, varios dos concellos afectados uníronse para demandar unha actualización urxente deste documento. Este plan debe incluír a finalización da Vía Ártabra co seu trazado orixinal (que incluía a ligazón coa A-6, ademais da AP-9 e da N-VI), ademais doutras estradas que deben servir para vertebrar a mobilidade comarcal, con prazos de execución concretos.

Por outra banda, é preciso mellorar e actualizar o servizo do transporte público, que en absoluto se adecúa á realidade poboacional, laboral e social da comarca: as liñas de transporte en autobús, as súas frecuencias e itinerarios non concordan coa realidade da cidadanía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, a Xunta de Galiza debe asumir a súa responsabilidade no transporte ferroviario e as súas competencias no ámbito da media distancia que, xunto cos trens de proximidade, deben contribuír a desconxestionar as estradas da comarca. Para isto, é imprescindible que a Xunta de Galiza asuma a súa competencia na media distancia. A combinación do transporte por ferrocarril e por autobús debe estar á disposición das necesidades da cidadanía.

A Xunta de Galiza debe estudar a viabilidade da recuperación do transporte marítimo na ría da Coruña, co obxectivo de favorecer a mobilidade dos veciños e veciñas da comarca, de desincentivar o uso do vehículo privado e de adecuar os servizos á realidade social, laboral e ambiental da comarca.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2.^a:

- Cando vai elaborar o goberno galego un plan actualizado para a rede viaria da Comarca da Coruña?
- Que medidas ten previsto impulsar o goberno galego para mellorar os servizos de transporte público na comarca da Coruña?
- A Xunta de Galiza vai asumir a súa competencia no ámbito da media distancia ferroviaria, para responsabilizarse da ligazón entre A Coruña e Betanzos?
- Cales son as actuacións previstas para mellorar as liñas e frecuencias de transporte por autobús na comarca da Coruña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O goberno galego ten previsto estudar a viabilidade do transporte marítimo na ría da Coruña?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 08/04/2025 12:14:09

Mercedes Queixas Zas na data 08/04/2025 12:14:23

Paulo Ríos Santomé na data 08/04/2025 12:14:33

Luis Bará Torres na data 08/04/2025 12:14:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, en relación coa creación de solo empresarial na área de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque empresarial do Campiño está ao límite da súa total ocupación nestes momentos e os parques de Curro e A Reigosa teñen un nivel moi alto, polo que a posibilidade de crecemento de solo está “practicamente estrangulada”.

A execución da ampliación do Campiño é un proxecto que estivo paralizado durante dez anos, período no que non se atenderon as demandas de dotación de solo empresarial formuladas polo concello de Pontevedra e se incumpriron as previsións do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia (PSOATEG), que cualificou como estratéxicas para o período 2025-2024 a ampliación do Campiño e o creación do parque empresarial de Fragamoreira en Poio.

É imprescindible corrixir este desleixo e actuar coa máxima axilidade. No caso do Campiño, a proposta de ampliación ten todas as condicións a favor: conexións á rede de abastecemento de auga, á rede tecnolóxica, e tamén á rede viaria, co enlace á A57 no futuro inmediato.

O parque de Fragamoreira en Poio foi boicoteado e paralizado por puro sectarismo, mentres gobernou o BNG no concello de Poio. Co cambio de goberno municipal, a Xunta sacou o proxecto do caixón e anunciou a súa reactivación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tanto no caso do Campiño como Fragamoreira, os anuncios da Xunta presentan un incuestionábel tufo de promesas eleitorais que se teñen que concretar coas conseguíntes dotacións e partidas orzamentarias para levar a cabo as expropiacións ou as obras.

Estas dúas actuacións, imprescindíbeis para a dinamización socioeconómica da área de Pontevedra, suporán a posta a disposición duns 800.000 metros cadrados de solo industrial e dotacional.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que previsións ten a Xunta en relación coa ampliación de solo empresarial na área de Pontevedra?

Por que razón a Xunta paralizou durante dez anos a ampliación do parque empresarial do Campiño e a creación do parque empresarial de Fragamoreira?

Que impacto tivo no ámbito da actividade económica e do emprego esta paralización?

Que investimentos prevé levar a cabo nos anos 2024 e 2025 a Xunta en relación coa dotación de solo empresarial na área de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 08/04/2025 12:23:03

Alexandra Fernández Gómez na data 08/04/2025 12:23:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas necesarias a tomar para mellorar a seguridade viaria na estrada PO-551 nos puntos quilométricos 7+800 a 8+80.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai aproximadamente dous anos, a Consellería de Infraestruturas acometeu as obras de mellora do Tramo de Concentración de Accidentes (TCA) na estrada PO-551, concretamente nos puntos quilométricos 7+800 a 8+800, unha actuación que mellorou a seguridade viaria e o acceso peonil nese tramo competencia da Xunta de Galicia e que se corresponde co límite entre os termos municipais de Bueu e Marín e a baixada á praia de Covelo, na parroquia de Cela. Con todo, e tal e como se foi demandando en recorrentes momentos por parte do Concello de Bueu, esta actuación precisa ir máis alá e estenderse ao resto de núcleos desa zona, concretamente ata o cruce de A Torre, toda vez que ano a ano detéctanse problemas debido á gran cantidade de tráfico existente e que se incrementa notablemente nos meses de verán.

A mellora da seguridade viaria e da accesibilidade a todos os núcleos de poboación é unha necesidade urxente, e por iso o Concello de Bueu acometeu actuacións nos viais e espazos propios, ademais de demandar con insistencia o compromiso e a actuación das outras administracións nos viarios de competencia autonómica e provincial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As obras do TCA na estrada da PO-551 incluíronse por parte da Consellería de Infraestruturas no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020. Ese plan foi enviado ao Concello de Bueu no 2017, e dende o consistorio remitiu xa naquel momento unha serie de alegacións, nas que se facía referencia a propostas propias e a outras achegadas nas diferentes reunións mantidas con veciños e veciñas do lugar, ademais de propietarias dos terreos próximos.

Nesas alegacións incidiuse na colocación das glorietas, e tamén se facía referencia á ampliación das beirarrúas, reivindicándose que “para mellorar a seguridade dos peóns, considérase imprescindible a continuación da senda peonil dende Lapamán ata o P.K. 9+470, entorno do cruce coa EP-1304 no que xa se dispón de beirarrúas. A continuidade da senda peonil na marxe dereita da estrada permitiría tamén a colocación dunha canalización de recollida de pluviais nas zonas que o precisen así como garantir o confinamento da parte alta do muro de contención existente a carón do P.K. 7+910. O citado muro presenta deficiencias e desperfectos que a foron comunicados á AXI en varias ocasións”.

Posteriormente, o Concello de Bueu recibiu resposta ás alegacións por parte da AXI, e no que respecta ao punto das beirarrúas, indícase textualmente que “o alcance do proxecto é limitado e enmárcase nun programa de mellora da Seguridade Viaria nas estradas autonómicas, polo que a execución de tramos de sendas ou beirarrúas debería levarse a cabo en todo caso integrados noutra liña de actuacións da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)”.

Ao longo destes anos solicitáronse varias reunións coa Conselleira de Infraestruturas, co obxectivo de solicitar incrementar as actuacións por parte do organismo autonómico nas sendas peonís, sobre todo tendo en conta que cada vez máis persoas circulan en vehículos ou a pé polas estradas e que é necesario que ambos usos convivan con seguridade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A iso habería que engadir a campaña cidadá de recollida de sinaturas que se está levando a cabo por parte da veciñanza do lugar e na que xa contan cun milleiro de sinaturas de apoio, para reclamar estas beirarrúas dende a Panadería Freire ata a entrada da Praia de Lapamán, ademais de tres pasos de peóns ou semáforos en tres puntos deste traxecto (o 1º na entrada da praia de Covelo, o 2º onde o cruce do Bar Muíño Vello, e o 3º onde o cruce do antigo Bar Remiñoto, hoxe Asador Posada de Lapamán).

A seguridade viaria e a mobilidade amable deben terse en conta cada vez máis no deseño das políticas, e por iso defendemos o dereito a todos os veciños e veciñas da vila a contar con espazos que lle permitan transitar con todas as garantías e sen perigo para as súas vidas.

Por todo o exposto formúlase as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

É coñecedora a Xunta de Galiza, da necesidade de reforzar e mellorar a seguridade viaria na PO-551 nos puntos concretados na iniciativa?

Que medidas, e en que prazos, vai adoptar a Xunta de Galiza para mellorar a seguridade viaria na PO-551 entre os termos municipais de Bueu e Marín?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 08/04/2025 12:27:48

Luis Bará Torres na data 08/04/2025 12:27:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O DOG do 2 de xaneiro de 2012 publicou o anuncio da Dirección Xeral de Conservación da Natureza polo que se acorda someter a información pública a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 Galicia. Este documento di literalmente o seguinte:

A rede Natura 2000 en Galicia atópase actualmente composta por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) que representan unha superficie de máis de 101.000 ha (medios mariños e terrestres) e 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) que abranguen unha superficie de máis de 374.500 ha (medios mariños e terrestres). De acordo coa clasificación en ecorrexións da Comisión Europea, 55 LIC adscribíense á rexión bioxeográfica atlántica e 10 á mediterránea, e seis destes espazos superfícies posúen en ambas as rexións. No seu conxunto, a rede Natura 2000 ocupa unha superficie de 389.737 ha (medios mariños e terrestres).

A actual lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) en Galicia foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea, polo que é preciso completar a aplicación en Galicia da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa aprobación dunha nova proposta de LIC. Así, a Comisión Europea, nas súas decisións polas que se aproban as primeiras listas de lugares de importancia comunitaria (rexión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

bioxeográfica atlántica, Decisión 2004/813/CEE, Diario Oficial de la Unión Europea, 29.12.2004, e rexión bioxeográfica mediterránea, Decisión 2006/613/CE, Diario Oficial de la Unión Europea, 21.9.2006), estableceu para cada unha das rexións bioxeográficas e para cada estado membro as necesidades de mellora na contribución á rede Natura 2000 que se debían considerar nas futuras ampliacións, corrixindo as insuficiencias detectadas ou mellorando a información.

Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión das dúas decisións, é urxente iniciar os trámites para completar a rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandado da Comisión.

Un mes máis tarde publicouse un novo anuncio no DOG, ampliando o prazo de información pública:

“Desde a data da publicación do anuncio no DOG recibíronse un importante número de consultas de particulares, concellos e interesados diversos xunto coa solicitude de ampliación do prazo establecido para a participación por consideralo insuficiente para valorar adecuadamente a proposta. Conforme o establecido no artigo 16.1.a) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente,

Data envío: 09/04/2025 12:59:17.272

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a contía do financiamento e instrumentos utilizados por parte da Xunta de Galicia para a construción da planta de fabricación de estruturas navais flotantes para a eólica mariña no porto exterior de Ferrol?
2. Cal é a contía do financiamento e instrumentos utilizados por parte da Xunta de Galicia para o proxecto centrado como Centro de Fabricación Avanzada no tratamento térmico do aceiro na comarca do Ferrol, Eume e Ortegal?

Santiago de Compostela, a 8 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 09/04/2025 12:43:51

Patricia Iglesias Rey na data 09/04/2025 12:44:01

Lara Méndez López na data 09/04/2025 12:44:10





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

O Consello da Xunta de Galicia anunciou que o Goberno autonómico ten previsto construír un novo centro de saúde no barrio ferrolán de San Xoán nunha parcela cedida polo Concello de Ferrol ao Servizo Galego de Saúde, para que a Consellería de Sanidade realice os trámites necesarios para á licitación do proxecto.

Segundo o que informa o Consello da Xunta este novo centro de saúde en Ferrol prestará asistencia sanitaria a máis de 10.200 persoas usuarias, que actualmente reciben a atención médica noutros centros de saúde do Concello, dos barrios de San Xoán, Catabois e Santa Cecilia, a atención pediátrica manterase no Fontenla Maristany.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2025 13:00:43
Nº Rexistro: 23798
Data envío: 09/04/2025 13:00:43,287

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o proxecto e orzamentos de construción do novo centro de saúde no Concello de Ferrol? Cales son as condicións do convenio co Concello de Ferrol para a construción do novo centro de saúde?
2. Cales son as características, dotación de recursos humanos e especialidades que se porán en marcha no novo centro de saúde do Concello de Ferrol?
3. Cales son os prazos que ten a Xunta de Galicia para a sinatura do convenio, da cesión da parcela polo Concello de Ferrol e de licitación e construción do novo centro de saúde?

Santiago de Compostela, a 9 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 09/04/2025 12:49:17

Elena Espinosa Mangana na data 09/04/2025 12:49:45

Silvia Longueira Castro na data 09/04/2025 12:49:53

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

79138

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Carmen Rodríguez Dacosta e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

Unha destas accións que anunciou o Consello da Xunta a licitación da redacción do proxecto de obra de acondicionamento do local destinado á nova oficina de emprego de Ferrol centro e que tamén albergará o Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC), indicando que as accións que realizará a Xunta de Galicia para dotar esta nova oficina será adquirilo e rehabilitalo.

A Oficina estará sitiada no Edificio Pita Romero (Galerías Ferrol) entre a rúa Galiano e a rúa Real.

Esta oficina uniríase a xa existente no barrio de Esteiro de Ferrol, que continuará a funcionar na súa localización da avenida de Vigo. Esta actuación enmarcaríase no proceso de modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia que pretende realizar a Xunta reforzando os servizos para o impulso da empregabilidade, da xestión das ofertas, da formación para o emprego, a orientación en materia laboral, etc.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2025 13:02:10
Nº Rexistro: 23805
Data envío: 09/04/2025 13:02:10.662

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son os compromisos orzamentarios para adquirir o edificio que albergará a nova oficina do Servizo de Mediación, Arbitraxe e Conciliación (SMAC) en Ferrol?
2. Cales son os prazos e orzamentos para a rehabilitación do edificio adquirido pola Xunta de Galicia para albergar a nova oficina do Servizo de Mediación, Arbitraxe e Conciliación (SMAC) en Ferrol?
3. En que data ten prevista a Xunta de Galicia poñer en servizo a nova oficina de SMAC para reforzar os servizos de impulso da empregabilidade, da xestión das ofertas, da formación para o emprego, a orientación en materia laboral?

Santiago de Compostela, a 9 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 09/04/2025 12:54:12

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/04/2025 12:54:21

Elena Espinosa Mangana na data 09/04/2025 12:54:30

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

79140

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ao novo rebentón de tubaxes no Complexo Hospitalario de Ourense o día 9 de abril de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mércores 9 de abril de 2025 tiña lugar un novo rebentón de tubaxes de auga quen no Complexo Hospitalario de Ourense o día 9 de abril de 2025 na zona de atención ás e aos pacientes e saída cara urxencias do edificio Cristal, que é un continuum ao Materno, no que 11 días antes se derrubaba parte do teito por terceira vez en ano e medio.

Esta situación dá conta da falta de medidas de prevención e mantemento que arrastra o Complexo Hospitalario e pon de relevo a pouca confianza política e de xestión que está a dar a Xerencia da Área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras e da Consellaría de Sanidade, toda vez que ao mesmo tempo están a difamar as preocupacións de cidadanía, asociacións de doentes, xunta de persoal, grupos da oposición e demais colectivos que se están a mobilizar, preguntar ou requirir información sobre as instalacións hospitalarias.

Novamente un incidente deste tipo causou transtornos para a prestación dos servizos e, afortunadamente, non tivo danos persoais pois por fortuna a auga quente non danou traballadores, traballadoras ou persoas usuarias. Porén, deben ser esclarecidas as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

causas, as medidas a tomar, as afeccións e as medidas que se van tomar para que non volva acontecer.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cales son as causas, consecuencias e medidas tomadas por parte da Xunta de Galiza ante o novo rebentón de tubaxes acontecido no CHUO no mes de abril?

En que consistiu a avaría ou avarías?

Cal foi a última inspección de seguridade da zona afectada? En que data e con que resultados?

Cantas veces houbo avarías relacionadas coas tubaxes no Edificio Cristal nos últimos cinco anos?

Considera o goberno galego que está a tomar as medidas necesarias para a adecuada revisión das instalacións do CHUO tendo en conta os últimos acontecementos?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/04/2025 13:09:46

Iria Carreira Pazos na data 09/04/2025 13:11:50

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/04/2025 13:12:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á atención de doentes de covid persistente en Ourense e ás decisións do goberno galego encamiñadas a recortar e precarizar a súa atención.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia da covid-19 trouxo múltiples consecuencias en materia sanitaria e de saúde pública. Entre outras, está o reto da atención a todas aquelas persoas que sofren o que popularmente coñecemos como covid persistente e que a propia Organización Mundial da Saúde ten definido como afección posterior á covid-19, condición posterior á covid ou covid de longa duración.

Trátase da condición que ocorre en doentes con antecedentes de infección probable ou confirmada, xeralmente tres meses despois do inicio e con sintomatoloxía que dura cando menos dous meses e non pode explicarse cun diagnóstico alternativo. Entre esta sintomatoloxía podemos falar de fatiga, dificultade para respirar ou disfuncións cognitivas e que xeralmente teñen un impacto no funcionamento diario e calidade de vida destas persoas.

Recentemente, pacientes de Ourense alertaron do peche definitivo da unidade post covid que viña funcionando no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Así, usuarios e usuarias convocaron á cidadanía a unha mobilización para reclamar o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mantemento do servizo e manifestar a súa preocupación polo abandono da administración galega despois de levar xa meses reducindo o persoal.

Cómpre lembrar que tal e como recordan as e os afectados, esta Unidade Multidisciplinar Post-Covid atendía as persoas que quedaron con secuelas graves na fase aguda das primeiras ondas da pandemia do Covid 19 e tamén a aquelas diagnosticadas de Covid Persistente. Porén no 2024 a Xerencia comezou o seu desmantelamento ao non cubrir baixas e agora pretende culminar co peche, desta forma o SERGAS abandona definitivamente aos centos de pacientes vítimas da Covid para unha poboación de máis de 300.000 persoas se temos en conta as derivacións dos hospitais comarcais ao centro de referencia.

As desculpas emitidas pola Xerencia pasan porque presuntamente as persoas afectadas terán unha enfermeira de referencia que os atenderá coordinadamente con facultativos da unidade de enfermidades infecciosas e que se van manter terapias grupais. Porén, para as e os doentes, que foron informados e informadas de que non serían atendidos por este tipo de especialistas, estas afirmacións xenéricas non resolven os problemas e necesidades de actuación e é necesario maior transparencia e compromiso para asegurar unha boa atención sen esperas e por equipos que poidan traballar de forma coordinada e integral tendo en conta a complexidade da realidade destes doentes.

Segundo informou a Xunta de Galiza recentemente no Parlamento Galego, as consultas vinculadas á covid persistente reducíronse nos últimos anos. Segundo datos da propia Xunta acadaron a súa actividade máxima no ano 2022 ao rexistrarse un total de 12.104 atencións. Desde xaneiro de 2023 o fluxo de pacientes nestas unidades descendeu e contabilizáronse 5.406 consultas nese ano e 1.302 no 2024.

A Xunta afirmou en sede parlamentaria que *“Este descenso da demanda provocou que se reorganizase a atención na maioría das áreas sanitarias e co consenso*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cos seus equipos profesionais, a continuidade asistencial especializada pasou aos servizos hospitalarios de referencia.” porén, á luz das informacións das e dos doentes de Ourense, esta planificación non está sendo adecuada, nin transparente nin suficiente e a preocupación é máxima ao sentírense desamparados e desamparadas, máis tendo en conta a invisibilización desta enfermidade, o que provoca un enorme sufrimento e incompreensión.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Con que número de efectivos vai contar a Área sanitaria de Ourense para atender ás persoas doentes de covid persistente? Supón un aumento ou unha redución?

Cales foron as razóns para eliminar a configuración da unidade específica tal e como estaba concibida?

Por que as medidas non son consensuadas tamén coas persoas doentes e o asociacionismo de pacientes?

Que categorías profesionais e tipo de especialistas se van dedicar especificamente á atención deste perfil de doentes?

Cal vai ser o itinerario e protocolos que se van aplicar? Cal vai ser o mecanismo para garantir unha atención integral e en equipo?

Non considera a Xunta que está a colaborar coa invisibilización desta doenza?

Cantas persoas están a tratar por esta doenza na Área sanitaria nestes momentos?

Cal é a evolución desde 2021?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a distribución xeográfica?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/04/2025 16:00:11

María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2025 16:00:24

Iria Carreira Pazos na data 09/04/2025 16:00:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/04/2025 16:00:51





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A contratación Pública Estratéxica é unha aproximación á contratación pública que busca maximizar o impacto das compras realizadas polas administracións públicas, non só en termos de eficiencia económica, senón tamén incorporando obxectivos sociais, ambientais e de innovación.

Esta visión está impulsada por directivas europeas e as, lexislacións nacionais, buscan transformar a contratación pública nunha ferramenta clave para o desenvolvemento sostible e a modernización do sector público.

Asemade, a nivel estatal dende o Ministerio de Consumo e Servizos sociais e Axenda 2030 estase a ultimar a aprobación do Real decreto de comedores escolares saudables e sostibles, que non só vai garantir que haxa unha alimentación máis saudable nos centros escolares, tamén que os nosos agricultores, gandeiros e pescadores teñan salarios máis xustos e un futuro máis estable, e que se reduza a contaminación e o desperdicio.

O 20 de febreiro de 2025 aprobouse por unanimidade unha iniciativa promovida pola PSdeG, pola que o Goberno galego adquiriu o compromiso de promover nas contratacións públicas que se liciten dos servizos de comedores públicos o consumo de produtos de proximidade e KM0.





Por outra banda, estamos a vivir unha situación chea de incerteza a nivel xeopolítico mundial, pola política arancelaria que está a decidir de forma unilateral o presidente Trump.

Por iso, é urxente que o Executivo autonómico adopte propostas para paliar estes efectos e estas perdas que poden ter as empresas galegas. E unha das resposta do goberno ten que ser a compra local, o produto fresco, de proximidade, e iso temos que levalo á contratación pública e instar a que en centros públicos como carácter prioritario se introduzan, como criterio de valoración ou condición especial de execución, o consumo de o produto de proximidade. Unha proposta que os socialistas levaron ao Parlamento galego e que contou co respaldo unánime.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En cantos dos procedementos de contratación pública das consellerías ou entidades do sector público autonómico dos servizos de comedores das escolas infantís, centros educativos, hospitais ou residencias de maiores recollan dos centros que dependen da Xunta de Galicia se recolle como criterio de solvencia, criterios de adxudicación ou condicións especiais de execución?
2. Cantos servizos de comedores das escolas infantís, centros educativos, hospitais ou residencias de maiores que dependen da Xunta de Galicia, contan con cociña propia? E cantos contan con servizo de catering? En cantos dos servizos de catering se ten en conta que se valore o consumo de produtos de proximidade ou ecolóxicos?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2025 16:41:23
Nº Rexistro: 23832
Data envío: 09/04/2025 16:41:23.031

3. Nos procedementos de contratación pública dos servizos de comedores das escolas infantís, centros educativos, hospitais ou residencias de maiores, cal é o criterio de adxudicación que máis peso ten na valoración das ofertas das empresas licitadoras?

Santiago de Compostela, 8 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/04/2025 16:26:54

Paloma Castro Rey na data 09/04/2025 16:27:04

Julio Abalde Alonso na data 09/04/2025 16:27:12

Silvia Longueira Castro na data 09/04/2025 16:27:22

Elena Espinosa Mangana na data 09/04/2025 16:27:31





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A contratación Pública Estratéxica é unha aproximación á contratación pública que busca maximizar o impacto das compras realizadas polas administracións públicas, non só en termos de eficiencia económica, senón tamén incorporando obxectivos sociais, ambientais e de innovación.

Esta visión está impulsada por directivas europeas e as, lexislacións nacionais, buscan transformar a contratación pública nunha ferramenta clave para o desenvolvemento sostible e a modernización do sector público.

Asemade, a nivel estatal dende o Ministerio de Consumo e Servizos sociais e Axenda 2030 estase a ultimar a aprobación do Real decreto de comedores escolares saudables e sostibles, que non só vai garantir que haxa unha alimentación máis saudable nos centros escolares, tamén que os nosos agricultores, gandeiros e pescadores teñan salarios máis xustos e un futuro máis estable, e que se reduza a contaminación e o desperdicio.

O 20 de febreiro de 2025 aprobouse por unanimidade unha iniciativa promovida pola PSdeG, pola que o Goberno galego adquiriu o compromiso de promover nas contratacións públicas que se liciten dos servizos de comedores públicos o consumo de produtos de proximidade e KM0.





Por outra banda, estamos a vivir unha situación chea de incerteza a nivel xeopolítico mundial, pola política arancelaria que está a decidir de forma unilateral o presidente Trump.

Por iso, é urxente que o Executivo autonómico adopte propostas para paliar estes efectos e estas perdas que poden ter as empresas galegas. E unha das resposta do goberno ten que ser a compra local, o produto fresco, de proximidade, e iso temos que levalo á contratación pública e instar a que en centros públicos como carácter prioritario se introduzan, como criterio de valoración ou condición especial de execución, o consumo de o produto de proximidade. Unha proposta que os socialistas levaron ao Parlamento galego e que contou co respaldo unánime.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. En cantos dos procedementos de contratación pública das consellerías ou entidades do sector público autonómico dos servizos de comedores das escolas infantís, centros educativos, hospitais ou residencias de maiores recollan dos centros que dependen da Xunta de Galicia se recolle como criterio de solvencia, criterios de adxudicación ou condicións especiais de execución?
2. Cantos servizos de comedores das escolas infantís, centros educativos, hospitais ou residencias de maiores que dependen da Xunta de Galicia, contan con cociña propia? E cantos contan con servizo de catering? En cantos dos servizos de catering se ten en conta que se valore o consumo de produtos de proximidade ou ecolóxicos?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2025 16:41:37
Nº Rexistro: 23833
Data envío: 09/04/2025 16:41:37.656

3. Nos procedementos de contratación pública dos servizos de comedores das escolas infantís, centros educativos, hospitais ou residencias de maiores, cal é o criterio de adxudicación que máis peso ten na valoración das ofertas das empresas licitadoras?

Santiago de Compostela, 8 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/04/2025 16:27:52

Paloma Castro Rey na data 09/04/2025 16:28:02

Julio Abalde Alonso na data 09/04/2025 16:28:10

Silvia Longueira Castro na data 09/04/2025 16:28:20

Elena Espinosa Mangana na data 09/04/2025 16:30:59

CSV: BOPGDSPG-jkvufksaE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

79153

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

A contratación Pública Estratéxica é unha aproximación á contratación pública que busca maximizar o impacto das compras realizadas polas administracións públicas, non só en termos de eficiencia económica, senón tamén incorporando obxectivos sociais, ambientais e de innovación.

Esta visión está impulsada por directivas europeas e as, lexislacións nacionais, buscan transformar a contratación pública nunha ferramenta clave para o desenvolvemento sostible e a modernización do sector público.

Asemade, a nivel estatal dende o Ministerio de Consumo e Servizos sociais e Axenda 2030 estase a ultimar a aprobación do Real decreto de comedores escolares saudables e sostibles, que non só vai garantir que haxa unha alimentación máis saudable nos centros escolares, tamén que os nosos agricultores, gandeiros e pescadores teñan salarios máis xustos e un futuro máis estable, e que se reduza a contaminación e o desperdicio.

O 20 de febreiro de 2025 aprobouse por unanimidade unha iniciativa promovida pola PSdeG, pola que o Goberno galego adquiriu o compromiso de promover nas contratacións públicas que se liciten dos servizos de comedores públicos o consumo de produtos de proximidade e KM0.





Por outra banda, estamos a vivir unha situación chea de incerteza a nivel xeopolítico mundial, pola política arancelaria que está a decidir de forma unilateral o presidente Trump.

Por iso, é urxente que o Executivo autonómico adopte propostas para paliar estes efectos e estas perdas que poden ter as empresas galegas. E unha das resposta do goberno ten que ser a compra local, o produto fresco, de proximidade, e iso temos que levalo á contratación pública e instar a que en centros públicos como carácter prioritario se introduzan, como criterio de valoración ou condición especial de execución, o consumo de o produto de proximidade. Unha proposta que os socialistas levaron ao Parlamento galego e que contou co respaldo unánime.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Cal é o prezo medio de menús que se ofertan para os comedores dos centros educativos xestionados pola Consellería de Educación? Cal é a subvención que se concede ás ANPA para a xestión dos comedores escolares?

Santiago de Compostela, 8 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/04/2025 16:31:32

Paloma Castro Rey na data 09/04/2025 16:31:41

Julio Abalde Alonso na data 09/04/2025 16:31:48





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2025 16:41:50
Nº Rexistro: 23834
Data envío: 09/04/2025 16:41:50.734

Silvia Longueira Castro na data 09/04/2025 16:31:59

Elena Espinosa Mangana na data 09/04/2025 16:32:08

CSV: BOPGDSPG-jkvufksaE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

79156

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A contratación Pública Estratéxica é unha aproximación á contratación pública que busca maximizar o impacto das compras realizadas polas administracións públicas, non só en termos de eficiencia económica, senón tamén incorporando obxectivos sociais, ambientais e de innovación.

Esta visión está impulsada por directivas europeas e as, lexislacións nacionais, buscan transformar a contratación pública nunha ferramenta clave para o desenvolvemento sostible e a modernización do sector público.

Asemade, a nivel estatal dende o Ministerio de Consumo e Servizos sociais e Axenda 2030 estase a ultimar a aprobación do Real decreto de comedores escolares saudables e sostibles, que non só vai garantir que haxa unha alimentación máis saudable nos centros escolares, tamén que os nosos agricultores, gandeiros e pescadores teñan salarios máis xustos e un futuro máis estable, e que se reduza a contaminación e o desperdicio.

O 20 de febreiro de 2025 aprobouse por unanimidade unha iniciativa promovida pola PSdeG, pola que o Goberno galego adquiriu o compromiso de promover nas contratacións públicas que se liciten dos servizos de comedores públicos o consumo de produtos de proximidade e KM0.





Por outra banda, estamos a vivir unha situación chea de incerteza a nivel xeopolítico mundial, pola política arancelaria que está a decidir de forma unilateral o presidente Trump.

Por iso, é urxente que o Executivo autonómico adopte propostas para paliar estes efectos e estas perdas que poden ter as empresas galegas. E unha das resposta do goberno ten que ser a compra local, o produto fresco, de proximidade, e iso temos que levalo á contratación pública e instar a que en centros públicos como carácter prioritario se introduzan, como criterio de valoración ou condición especial de execución, o consumo de o produto de proximidade. Unha proposta que os socialistas levaron ao Parlamento galego e que contou co respaldo unánime.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o prezo medio de menús que se ofertan para os comedores das escolas infantís xestionadas polo Consorcio Igualdade e do Benestar?
2. Cal é o importe da subvención que se concede aos concellos nas escolas infantís municipais para a xestión do servizo de comedor?
3. Cal é o importe do concerto para o servizo de comedor nas escolas infantís privadas?

Santiago de Compostela, 8 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/04/2025 16:33:18

Paloma Castro Rey na data 09/04/2025 16:33:27





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2025 16:42:07
Nº Rexistro: 23835
Data envío: 09/04/2025 16:42:07.327

Julio Abalde Alonso na data 09/04/2025 16:33:35

Silvia Longueira Castro na data 09/04/2025 16:33:45

Elena Espinosa Mangana na data 09/04/2025 16:33:53

CSV: BOPGDSPG-jkvufksaE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

79159

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A contratación Pública Estratéxica é unha aproximación á contratación pública que busca maximizar o impacto das compras realizadas polas administracións públicas, non só en termos de eficiencia económica, senón tamén incorporando obxectivos sociais, ambientais e de innovación.

Esta visión está impulsada por directivas europeas e as, lexislacións nacionais, buscan transformar a contratación pública nunha ferramenta clave para o desenvolvemento sostible e a modernización do sector público.

Asemade, a nivel estatal dende o Ministerio de Consumo e Servizos sociais e Axenda 2030 estase a ultimar a aprobación do Real decreto de comedores escolares saudables e sostibles, que non só vai garantir que haxa unha alimentación máis saudable nos centros escolares, tamén que os nosos agricultores, gandeiros e pescadores teñan salarios máis xustos e un futuro máis estable, e que se reduza a contaminación e o desperdicio.

O 20 de febreiro de 2025 aprobouse por unanimidade unha iniciativa promovida pola PSdeG, pola que o Goberno galego adquiriu o compromiso de promover nas contratacións públicas que se liciten dos servizos de comedores públicos o consumo de produtos de proximidade e KM0.





Por outra banda, estamos a vivir unha situación chea de incerteza a nivel xeopolítico mundial, pola política arancelaria que está a decidir de forma unilateral o presidente Trump.

Por iso, é urxente que o Executivo autonómico adopte propostas para paliar estes efectos e estas perdas que poden ter as empresas galegas. E unha das resposta do goberno ten que ser a compra local, o produto fresco, de proximidade, e iso temos que levalo á contratación pública e instar a que en centros públicos como carácter prioritario se introduzan, como criterio de valoración ou condición especial de execución, o consumo de o produto de proximidade. Unha proposta que os socialistas levaron ao Parlamento galego e que contou co respaldo unánime.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Cal é o prezo medio de menús que se ofertan nos procedementos de contratación pública para os comedores dos centros de saúde e hospitais dependentes da Consellería de Sanidade e do Sergas?

Santiago de Compostela, 8 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/04/2025 16:34:05

Paloma Castro Rey na data 09/04/2025 16:34:14

Julio Abalde Alonso na data 09/04/2025 16:34:22





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2025 16:42:23
Nº Rexistro: 23836
Data envío: 09/04/2025 16:42:23.952

Silvia Longueira Castro na data 09/04/2025 16:34:33

Elena Espinosa Mangana na data 09/04/2025 16:34:41

CSV: BOPGDSPG-jkvufksaE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

79162

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o repintado dun paso de peóns na AC-440, no lugar de Quintáns (Muxía).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai anos que os veciños e veciñas do lugar de Quintáns (Muxía) non poden cruzar a estrada AC-440 coa seguridade coa que o facían antes, porque á altura do quilómetro 6+980 había un paso de peóns que hoxe está despintado e practicamente non se ve. Este paso para cruzar a estrada é utilizado todos os días polo alumnado dos CEIP os Muíños e do IES Ramón Caamaño, centros escolares de Muxía, e polos usuarios do transporte público, moitos deles xente maior, ao estar lado da marquesiña que aloxa o punto de parada dos autobuses.

O concello de Muxía, dirixiuse por carta á Axencia Galega de Infraestruturas, a finais do ano pasado, para poñer en coñecemento o estado no que se atopaba dito paso de peóns, e para solicitar o repintado do mesmo. A AXI respondeulle á misiva, afirmando que a normativa de aplicación para sinalizar os pasos de peóns é a instrución 1/2024, e que unha vez analizado as prescricións do artigo 11, a conclusión é que “non se cumpren os requirimentos necesarios para sinalizar un paso prioritario”, entre outras cousas porque a DH de peóns (demanda horaria) non é superior a 20 peóns. Ademais lémbra-lle ao concello que é ilegal que o este realice calquera tipo de sinalización nas estradas competentes da Xunta de Galiza, ante o ofrecemento do concello de realizar o repintado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación actual existente é dun esperpento total, por un lado nos atopamos ante a negativa da Xunta de repintar os pasos de peóns, e por outra con sinalización vertical de advertencia de perigo indicando a proximidade dunha curva perigosa á esquerda e advertencia de nenos, un sinal de velocidade máxima de 40 Km/hora e outra vertical sinalando a situación dun paso de peóns, que non ten sinalización horizontal.

O paso de peóns foi implantado moito antes de que entrara en vigor a última instrución da Xunta de Galiza o pasado ano, e a desidia ou a incompetencia da AXI fai que teñamos en Quintáns un escenario que de ningunha das maneira proporciona seguridade na estrada, nin para os viandantes que queren cruzala, nin para os vehículos que a usan. Coma sempre, parece que ten que ser unha desgraza a que xurda para que dende o goberno galego tomen as medidas adecuadas, co sinxelo que é repintar un paso de peóns que xa existía, e polo que cruzan de forma máis segura e con moita máis confianza moitos veciños, crianzas e maiores, que non fan máis que demandar que se adopte unha solución canto antes.

Á vista da situación existente, é preciso e urxente repintar o paso de peóns no tramo da AC-440 no punto quilométrico 6+980, porque o cruzamento da estrada non é un acto optativo, pois hai veciñanza que debe cruzala obrigatoriamente porque vive na outra marxe de dita estrada.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Considera o goberno galego que a situación actual da AC-440 ao seu paso por Quintáns (Muxía) garante a seguridade viaria e peonil?

-Considera o goberno galego que é necesario que faleza por atropelo unha persoa para adoptar as medidas de seguridade que se están reclamando?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten pensado adoptar a Xunta de Galiza o repintado do paso de peóns de xeito inmediato nesta estrada para mellorar a seguridade viaria e peonil? Vai adoptar algún outro tipo de medidas?

- Cal é o método que recomenda o goberno galego á veciñanza que vive a ambas marxes da estrada para cruzar a estrada? Como cree que deben facer como alternativa ao cruce da estrada?

-É consciente a Axencia Galega de Infraestruturas, do perigo que supón para os alumnos dos colexios de Muxía que na parada de bus de Quintáns onde os recollen e os deixan, si existe un sinal vertical situando un paso de peóns, mais este non está pintado na estrada? Como e por onde deben cruzar os nenos e nenas a estrada na mesma parada do bus?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Luís Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 09/04/2025 16:46:49

Luis Bará Torres na data 09/04/2025 16:46:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Iago Suárez Fernández e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, para que o Goberno galego adopte as medidas necesarias para dotar dun mellor e maior servizo de transporte público por estrada ás vilas do rural galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade.

Alén destas características, o transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático, reducindo cada vez máis o uso dos vehículos privados e gañando en calidade ambiental.

Estas son algunhas das potencialidades dun bo servizo público de transporte, mais para que estas potencialidades poidan ser explotadas, é fundamental que as políticas públicas de mobilidade se deseñen en consonancia a estas potencialidades.

Atender a cuestións tan importantes como a intermodalidade, é central para conseguir facer que o uso deste servizo sexa útil e atractivo para a poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Actualmente, o rural galego vive un problema maiúsculo coas súas liñas de transporte público, xa que á perda de calidade nos últimos anos, debemos engadirlle a eliminación de paradas e traxectos, atrasos etc.

Cando unha usuaria dunha vila do rural quere utilizar o transporte público para moverse entre diferentes cidades, vive unha auténtica odisea, xa que as conexións entre as vilas e as cidades do rural son moi escasas e dunha duración por traxecto moi elevada.

Concretamente, se falamos das persoas que cursan estudos universitarios fóra da súa provincia, esta odisea repítese todas as semanas, tendo que asumir traxectos que multiplican por tres e por catro a súa duración en relación ao que tardarían un vehículo privado. Todo isto acrecentado nas persoas maiores de 21 anos que non teñen recoñecido o dereito ás bonificacións coa tarxeta Xente Nova.

É por isto que se está a fallar na planificación e execución das políticas públicas de mobilidade interurbana no rural, xa que na contra de facilitar un desprazamento máis limpo e barato, practicamente obrigan ás usuarias e usuarios e depender dun vehículo particular.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. É consciente a Xunta de Galiza das complicacións que existen para moverse en transporte público no rural galego?
2. Parécelle á Xunta de Galiza que a diferenza nos tempos de traxecto entre o transporte público e o vehículo privado no rural, incentivan o uso do primeiro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que medidas ten adoptado e vai adoptar a Xunta de Galiza para facer asumible o uso regular do transporte público entre as vilas do rural e as cidades de referencia?

4. Por que se nega a Xunta de Galiza a aumentar a idade máxima para percibir as bonificacións da tarxeta Xente Nova?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Iago Suárez Fernández

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 09/04/2025 17:20:01

Iago Suárez Fernández na data 09/04/2025 17:20:14

Luis Bará Torres na data 09/04/2025 17:20:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Iago Suárez Fernández e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á posta en funcionamento do servizo de transporte nocturno “Noitebús”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador e democratizador da sociedade.

Alén destas características, o transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático, reducindo cada vez máis o uso dos vehículos privados e gañando en calidade ambiental.

Outra das características dun bo servizo público de transportes, é a súa capacidade de dinamización social, especialmente entre a mocidade, que moitas veces non contan coa capacidade de dispoñer dun vehículo privado.

Alá por mediados dos anos 2000, o goberno bipartito botou a andar unha iniciativa moi importante para a mocidade galega. O Noitebús.

Esta iniciativa tiña como obxectivo a dinamización das actividades de ocio da mocidade galega, dun xeito colectivo e máis seguro. Esta era unha iniciativa con grande





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

valor engadido, xa que era quen de aglutinar á mocidade do rural e ofrecerlles un servizo de mobilidade adaptado á súa realidade, dun xeito moito máis seguro que o vehículo privado.

Esta era unha iniciativa que contaba con preto de 200 liñas en todo o país, e que funcionaba nas catro provincias galegas, cun moi bo acollemento, uso e demanda.

Coa chegada do Partido Popular á Xunta, este servizo foi totalmente desmantelado, aludindo a criterios económicos, sen reparar nos criterios, sociais, ambientais e de seguranza, os cales deberan estar por enriba dos criterios de rendibilidade económica para unha administración pública.

Hoxe, a mocidade galega vive unha situación complicada en moitos planos, como poden ser o emprego ou o acceso a unha vivenda digna, mais tamén vive unha situación complicada en termos de asociacionismo, da relación no grupo de pares, e non existen iniciativas públicas que favorezan estas cuestións.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Está dacordo, a Xunta de Galiza, en que un servizo de transporte público de calidade debe servir para vertebrar e dinamizar a sociedade galega?
2. Por que se aluden a criterios económicos para desmantelar un servizo de transporte nocturno para a mocidade, cando son múltiples os seus beneficios sociais e ambientais e existe demanda do servizo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Cre a Xunta de Galiza que a posta en marcha dun servizo destas características, cumpre cos obxectivos que debe ter o servizo de transporte público?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Iago Suárez Fernández

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 09/04/2025 17:33:11

Iago Suárez Fernández na data 09/04/2025 17:33:24

Luis Bará Torres na data 09/04/2025 17:33:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os datos de vítimas mortais en estradas en 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a estatística provisional da DGT sobre mortes en estradas en Galiza no ano 2023 (mortes en vías interurbanas nas 24 h posteriores ao accidente), houbo no pasado ano 88 vítimas mortais por accidentes de tráfico no noso país.

Trátase de datos moi preocupantes, xa que as cifras de mortalidade relacionada co tráfico permanecen estabilizadas nos últimos anos: 88 en 2023, 89 en 2022 e 79 de 2021.

Un dos elementos máis significativos é o incremento das vítimas que corresponden con colectivos vulnerábeis, xa que foron un total de 32: 15 peóns, 15 motociclistas e 2 ciclistas.

En realidade, estas cifras non reflicten a mortalidade real nas estradas, xa que só computan as vítimas en estradas interurbanas e non inclúen as mortes en vías urbanas. E, como sinalamos, só computan as mortes nas 24 h posteriores ao accidente.

Segundo datos do IMELGA, as vítimas mortais por accidentes de tráfico foron 123 en 2022 (fronte ás 89 da estatística da DGT), 113 en 2021 (fronte ás 79 da estatística da DGT) e 131 en 2019 (fronte ás 89 da DGT). E nunha análise máis polo miúdo deberían estudarse os datos por tipos de estradas e por tipo de persoas usuarias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das vías, con especial atención ás máis vulnerábeis. Así como outras circunstancias relacionadas coa concentración de accidentes, a intensidade do tráfico nas vías, o uso das vías relacionados con cambios laborais e no sector do transporte, a relación entre sinistralidade e idade, a incidencia de novas formas de mobilidade, ou a incidencia de prácticas de risco como o exceso de velocidade, a condución sen cinto, o uso do móbil, ou o consumo de alcol e drogas.

O peor que podemos facer diante desta dramática realidade é normalizala, facer que pase desapercibida, actuar como se fose algo natural e inevitábel.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que valoración fai a Xunta sobre as preocupantes cifras de vítimas de accidentes de tráfico do ano 2023?

Corresponden estas cifras coas previsións da planificación da Xunta en materia de seguridade viaria?

Que previsións ten o goberno galego sobre o informe de seguimento do Plan de seguridade viaria 2022-2025?

Que medidas específicas, máis alá das previstas no Plan de Seguridade Viaria, vai desenvolver a Xunta para analizar as causas da sinistralidade e reducir as vítimas de accidentes de tráfico?

Ten previsto a Xunta realizar algún estudo específico sobre a evolución da sinistralidade e da mortalidade nas estradas nos últimos anos?

Ten previsto o goberno galego desenvolver un programa de atención integral ás vítimas de accidentes de tráfico e ás persoas achegadas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 09/04/2025 17:38:55

Paulo Ríos Santomé na data 09/04/2025 17:39:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o contrato “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2020 a consellaría de medio ambiente licitou a contratación do “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia, cofinanciado nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo FEDER”.

O contrato adxudicouse á USC no mes de outubro de 2020 con un prezo de 70.966 euros e un prazo de execución de 12 meses.

Transcorridos tres anos e medio desde a adxudicación do contrato, non se fixeron públicas as actuacións que se deberían derivar do seu obxecto. Pola contra, asistimos a un proceso continuado de degradación e destrución de espazos como as turbeiras de enorme valor ambiental, de grande interese para a biodiversidade e para a prevención do cambio climático.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cal é o estado de execución do contrato do “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia”?

Vai enviar a Xunta aos grupos parlamentares a documentación ou cando menos un resumo executivo da documentación do citado contrato?

Ten previsto o goberno galego aprobar un plan para garantir a conservación, protección e restauración dos tipos de hábitat turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos?

Ten previsto a Xunta iniciar o procedemento para a protección baixo a figura da Rede Natura 2000 todos os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 09/04/2025 17:42:44

Alexandra Fernández Gómez na data 09/04/2025 17:42:55

Montserrat Valcárcel Armesto na data 09/04/2025 17:43:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o contrato “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de queirogais e matogueiras de Galicia”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 a consellaría de medio ambiente licitou o contrato do “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de queirogais e matogueiras de Galicia, en particular os tipos de hábitat de interese comunitario dos grupos 4 - queirogais e matogueiras da zona temperada e 5 - matogueiras esclerófilas, cofinanciado nun 75% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rexional (FEADER) dentro do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 (PDR)”.

O contrato foi adxudicado á USC en outubro de 2021 por valor de 122.784 euros e un prazo de execución de 21 meses.

Transcorridos dous anos e medio desde a adxudicación do contrato, non se fixeron públicas as actuacións que se deberían derivar do seu obxecto, mais alá dalgúns anuncios sobre a previsión de incluír na Rede Natura 2000 os hábitats de queirogais e matogueiras. Ao mesmo tempo, observamos con preocupación como se leva a cabo un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proceso de deterioro e destrución destes hábitats esenciais para preservar a biodiversidade e para combater o cambio climático.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten previsto a Xunta enviar ao parlamento a documentación derivada do contrato “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de queirogais e matogueiras de Galicia?

Ten previsto a Xunta aprobar un plan para garantir a conservación, protección e restauración dos hábitats de matogueiras e queirogais?

Vai a Xunta iniciar o procedemento para a protección dos hábitats de matogueiras e queirogais baixo a figura da Rede Natura 2000?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 09/04/2025 17:47:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 09/04/2025 17:48:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre ameazas dos valores naturais e medidas aplicadas para mellorar o estado de conservación dos espazos da Rede Natura 2000.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de maio de 2020 o goberno galego adxudicou o contrato do “Servizo para a elaboración de documentos técnicos de identificación das principais ameazas dos valores naturais, orixinadas por actuacións de planeamento nos espazos protexidos da Rede Natura 2000 de Galicia e proposta de medidas para mellorar o seu estado de conservación”.

Transcorridos catro anos desde a formalización do contrato, non se fixeron públicos os resultados do mesmo, non se coñecen os documentos técnicos sobre as ameazas aos valores naturais dos espazos protexidos da Rede Natura 2000 e tampouco as medidas desenvolvidas para mellorar o seu estado de conservación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cales son as principais ameazas dos valores naturais nos espazos da Rede Natura?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas desenvolveu a Xunta para mellorar o estado de conservación dos espazos da Rede Natura 2000?

Cal foi o investimento realizado nestes espazos nos anos 2020-2024?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 09/04/2025 17:53:22

Alexandra Fernández Gómez na data 09/04/2025 17:53:32

Montserrat Valcárcel Armesto na data 09/04/2025 17:53:45





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

No ano 2023 os sindicatos CCOO, UGT e ANPE e a Xunta asinaron un acordo no que se fixaban novos criterios de referencia para a fixación de ratios máximas de alumnado por aula, inclúese a toma de decisións sobre agrupamentos ou desdobres nos casos en que o número de alumnos reais sobrepasa as ratios, así como ter en conta a presenza de alumnado con necesidades educativas especiais ponderándoas para o cálculo das ratios.

A Consellaría de Educación, sinalou reiteradamente que un dos fitos do novo curso é a aplicación do acordo asinado coas tres centrais sindicais é a adecuación as novas ratios e, sobre todo, a decisión de ponderar por dous ou tres en función da presenza de estudantado con necesidades especiais.

A realidade é ben distinta. Prodúcese unha continua redución de recursos, especialmente humanos, para a escola pública. Unha falta de profesorado que prexudica ao conxunto do alumnado e aos propios docentes, cunha carga de traballo e saturación por riba do normal e do soportable.

Reiteradamente as persoas representantes das asociacións de pais e nais así como os equipos directivos e representantes de diferentes concellos viñan denunciando o incumprimento dos acordos asinados. Esta situación de incumprimento do acordado púxose de manifesto pola propia Consellería cando, na Lei de medidas fiscais, a propia Xunta de Galicia inclúe un novo





calendario de aplicación que non foi nin negociado nin acordado cos asinantes do acordo.

Recentemente as mesmas organizacións sindicais denunciaron conxuntamente os tres máis importantes incumprimentos: o agrupamento nas aulas mixtas, o cómputo dobre ou tripla do alumnado con necesidades educativas especiais e a foto fixa para establecer as ratios máximas.

O pasado outono, un ano despois da sinatura do pacto, apenas un mes de iniciado o curso escolar, as persoas representantes das e dos traballadores asinantes xa denunciaron o incumprimento do acordo e anunciaron que o levarían á Valedora do Pobo. A principio do mes de abril os representantes sindicais declararon que están "esgotando os prazos legais da vía administrativa para dar paso á vía xudicial con garantías."

Por todo iso, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que postura ten a Consellería con respecto a denuncias públicas das organizacións sindicais CCOO, UGT e ANPE respecto a aplicación do acordo asinado con estas organizacións no ano 2023?
2. Foi consensuado coas organizacións asinantes as modificacións do calendario de aplicación das distintas medidas contidas no acordo coas organizacións sindicais CCOO, UGT e ANPE pola Lei de medidas fiscais dos orzamentos do 2025 da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, a 9 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2025 17:58:14
Nº Rexistro: 23859
Data envío: 09/04/2025 17:58:14.518

Julio Abalde Alonso na data 09/04/2025 17:52:26

Silvia Longueira Castro na data 09/04/2025 17:52:35

CSV: BOPGDSPG-jkvufksaE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

79185

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a atención ás demandas da veciñanza no proxecto de adecuación da estrada N-551 en Tui.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada N-551 no seu treito das inmediacións ao polígono de Areas pasará a ser titularidade galega, onde a Xunta de Galiza a través da Axencia Galega de Infraestruturas vai iniciar o proxecto de adecuación, no cal non se tivo en conta a opinión da veciñanza para artellar un deseño que se adecuara á realidade dos desprazamentos das veciñas e veciños de Tui.

Este tramo cumpre dúas funcións principais, a de zona de paso entre Tui e o resto de concellos do Baixo Miño e a de acceso ao polígono de Areas e a súa área comercial, no caso de vehículos, para quen non accede a través da autovía A-55 maioritariamente.

Por esas dúas condicións este é un tramo con moita carga de tráfico con preto de 8.000 vehículos diarios, incluíndo o tráfico pesado, que supón máis de 200 dos mesmos por día.

Así e todo, a veciñanza leva reclamando que se adecúe este tramo ás necesidades reais das persoas. Xa en varias ocasións demandaron un paso de peóns entre as dúas actuais paradas de autobús que sirva de acceso directo cara a zona





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comercial de Areas, tamén seguindo nesa liña demandan instalación de beirarrúas adecuadas nun tramo tan transitado polas veciñas e veciños.

Porén, o actual proxecto, que en suma suporá o desembolso de máis dun millón de euros, non contempla un paso de peóns no acceso ao área comercial de Areas, se non que o sitúa a máis de 200 metros do mesmo e case medio quilómetro do anterior.

Así mesmo tamén se critica a intención de desprazar a parada de autobús a 200 metros dirección A Guarda separándoa da súa homóloga en sentido contrario, tampouco se entende como non se contempla a elevación dos pasos de peóns como medida de seguridade para a redución da velocidade dos automóviles.

O proxecto presentado pola Xunta de Galiza pon de manifesto unha vez máis o desleixo desta á hora de actuar sobre as infraestruturas en Tui, xa o vimos coas diferentes actuacións na tan prometida VAC Tui A Guarda e agora vémolos na desatención a demandas históricas dos veciños e veciñas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Ten pensado o Goberno da Xunta tomar en consideración as demandas da veciñanza de Areas con respecto ao proxecto de acondicionamento da N-551? Prantexarase un paso de peóns na saída da estrada de Anta cara N-551 no sentido A Guarda?

-Farase un dimensionamento correcto das beirarrúas para facilitar o tránsito de peóns calquera que sexa a súa condicións de mobilidade?

-Ten pensado a Xunta de Galiza algún uso para a antiga saída da A-55 na N-551, agora en desuso?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/04/2025 17:58:34

Luis Bará Torres na data 09/04/2025 17:58:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de a Xunta actuar como motor de impulso da cultura galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega publica periodicamente, como órgano asesor da Xunta, informes que actúan como ferramenta de análise e de seguimento do estado e a evolución do sector cultural no país.

Os últimos datos recollidos no Barómetro da cultura galega 2024 indican que a nosa cultura segue instalada nun crecemento moderado, mais con rexistros inferiores aos de 2021 e 2022 e sen expectativas diferentes para 2025.

O marco xeral das conclusións deste informe podería dicirse que é o da estabilidade fronte ao crecemento dos últimos anos.

Entre os diferentes sectores culturais, hai dúas actividades que se sitúan nun plano negativo, con datos peores que en 2023: as artes visuais (pintura, escultura, fotografía...) e as actividades de comercio de libros e publicacións periódicas que acumulan varios exercicios en declive.

A respecto da valoración da actuación das diferentes administracións, a Xunta, como responsábel única das competencias en cultura, recibe unha avaliación de 4,28, moi inferior ao correspondente informe do ano 2023.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que medidas vai impulsar o goberno da Xunta para actuar como motor de impulso da cultura galega?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Za**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 10/04/2025 09:40:13

Daniel Castro García na data 10/04/2025 09:42:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fenrández e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a enfermidade de Aujeszky.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade de Aujeszky está causada por un herpesvirus porcino tipo I, que da lugar a sintomatoloxía variable con cadros clínicos de tipo nervioso, respiratorio e reprodutivo, que dependen moito da cepa do virus, a idade do animal e a dose infectiva. A morbilidade e mortalidade é moi elevada, de xeito especial en leitóns e animais de cebo, cun período de incubación da enfermidade oscila entre os 2 e os 6 días aproximadamente .

Trátase dunha enfermidade de declaración obrigatoria (DO), onde as notificacións da detección de focos se levan a cabo polo Regulamento UE 2020/2002 da Comisión do 7 de decembro de 2020 polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento UE 2016/429 do Parlamento Europeo e o consello relativas á notificación e ao envío de informes sobre as enfermidades da lista de declaración obrigatoria. Segundo os datos cos que se contan sobre as explotacións, estas son clasificadas segundo o nivel de control da enfermidade entre as A0 e as A4, podendo haber movementos unicamente entre granxas coa mesma categoría sanitaria.

A normativa estatal de aplicación ante Aujeszky réxese polo RD 360/2009 polo que se establecen as bases do programa nacional coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade tratada, existindo tamén un programa nacional de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vixilancia de xabaríns, polo que se coñecemos que a seroprevalencia estimada de enfermidade de Aujeszky é dun 30,60% no estado español. En Galiza hai porcentaxes de afectados sobre o total de mostrados que oscilan entre o 16% de afectados en A Coruña e o 42% que se rexistra en Ourense, cun terzo dos xabaríns mostrados afectados pola enfermidade.

Estes animais da fauna silvestre son hospedadores do virus que produce dita enfermidade, sendo lugar de multiplicación, reserva en forma latente e difusión desta. No caso dos animais domésticos os casos diminuíron sensiblemente en explotacións porcinas de intensivo durante os últimos anos, aínda que si que se rexistran casos notificados en explotacións porcinas de extensivo, por varios motivos, entre os que destacan fallos de vacinación obrigatoria, ou contacto con xabaríns infectados polo virus.

No noso país realizáronse 534 analíticas durante o período de mostraxe que coincide coa tempada de caza, cun 48% de positividade en Galiza en xabaríns. Con esta seroprevalencia nos casos analizados é preciso poñer atención nesta enfermidade, que ademais de ser unha ameaza para o sector porcino galego, causa moitos problemas en cans chegando á morte. Este aumento dos casos nos cans son un signo claro do aumento lento pero constante da enfermidade nos últimos anos na fauna silvestre e, polo tanto, de que precisamos tratar a enfermidade de Aujeszky coma unha patoloxía que pode afectar tamén ao noso sector porcino, onde ate o de agora se mantén controlada grazas ao bo facer e medidas preventivas tomadas por parte dos gandeiros e gandeiras.

Dada esta situación débese considerar dende o goberno galego que a toma de mostras e a diagnose debe ser chave na xestión da enfermidade, ao igual que as medidas preventivas e de loita contra esta, asegurando a situación sanitaria das nosas explotacións de porcino, xa sexan de carácter intensivo ou extensivo, garantindo a protección e viabilidade do sector, moi relevante na economía do noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Que medidas adicionais vai tomar a Xunta de Galiza ao respecto da toma de mostras e diagnose da enfermidade de Aujeszky na nosa fauna silvestre, nomeadamente a poboación de xabarín que se atopa moi estendida polo país, e que resulta un perigo na transmisión de enfermidades cara o sector porcino?

. É consciente a Xunta de Galiza de que a enfermidade de Aujeszky está en situación de infradiagnose no noso país, coa complicación que iso supón á hora de facer unha valoración sobre a situación real?

. Prevé a Xunta de Galiza elaborar un plan de xestión do xabarín con medidas integrais e orzamento preciso para manter controlado o aumento da poboación deste suído e as enfermidades que este transmite?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asdo.: Ariadna Fernández González

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 10/04/2025 10:58:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sonia Vidal Lamas na data 10/04/2025 11:02:08

Secundino Fernández Fernández na data 10/04/2025 11:02:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a creación dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais de Moraña e A Lama.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou no ano 2021 a creación de novos Grupos Supramunicipais de Emerxencias, entre eles o de Moraña (que atendería os concellos de e o da Lama (que atendería os concellos de Cerdedo-Cotobade, Fornelos de Montes, A Lama e Ponte Caldelas) e o de Moraña, que daría cobertura aos concellos de Moraña, Campo Lameiro, Cuntis, Caldas de Reis, Portas, Catoira e Barro.

Transcorridos xa catro anos desta decisión, ningún destes GES foi creado, o que agrava a situación de desprotección destes concellos do interior da provincia de Pontevedra, que teñen xa de partida unha deficiente cobertura por parte dos parques comarcais de bombeiros.

No mes de maio de 2021, o daquela vicepresidente da Xunta fixo entrega dun camión Bomba Rural Pesada (BRP) valorado en case 200.000 euros ao inexistente Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) da Lama. Segundo a nota propagandística feita pública pola Xunta, “o novo vehículo cedido ao GES da Lama, cun custo de preto de 200.000 euros, dispón de tracción integral 4x4 e está totalmente equipado para acceder a todo tipo de zonas e intervenir en incendios urbanos, forestais ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

industriais. Por tanto, está adaptado para calquera actuación tanto en áreas urbanas como do rural. Ademais, conta cunha cisterna de auga de 3.000 litros de capacidade e unha bomba centrífuga con presión combinada, o que permite o lanzamento de auga en baixa e alta presión ou ambas de forma simultánea”.

A Xunta dotaba así “de equipamento a este novo grupo creado este ano coa finalidade de mellorar a eficacia nas súas intervencións e garantir a seguridade dos profesionais que o integran para que poidan realizar o seu traballo nas mellores condicións”. A realidade é que catro anos despois este Grupo de Emerxencias aínda non foi creado, o que supón unha irresponsabilidade por parte da Xunta e do Concello.

No mes de xuño de 2022 a Xunta fixo entrega ao inexistente GES de Moraña dun vehículo Bomba Urbana Lixeira (BUL) valorado en 150.000 euros, que leva todo este tempo nunha nave e non se coñece que fose utilizado. O cal constitúe un exercicio de propaganda e un dispendio de fondos públicos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

Por que razón aínda non están creados os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) de Moraña e da Lama?

Que consecuencias ten para a seguridade cidadá e para a protección da poboación o retraso de catro anos na creación dos GES de Moraña e da Lama?

Que criterios seguiu a Xunta para a dotación de equipamento aos inexistentes GES de Moraña e da Lama e cal foi o uso que se lle deu aos vehículos valorados nuns 350.000 euros?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Utilizáronse fondos europeos para sufragar a compra dos vehículos e xustificouse axeitadamente este investimento?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 10/04/2025 12:01:05

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/04/2025 12:04:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a situación da estrada AC-453, en Ames.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC-453, de titularidade autonómica e que serve de nexo entre a zona de Carballo e o suroeste galego, sofre desde a inauguración no 2008 da autovía AG-56 Santiago – Brión un aumento significativo do tráfico rodado, con máis de 3500 vehículos circulan diariamente por esta vía, sendo a maioría de gran tonelaxe.

Durante este tempo, foron múltiples as demandas de arranxo das deficiencias que presenta esta vía, sobre todo no referente á seguridade viaria de peóns, ciclistas e vehículos que circulan por ela. O BNG, facéndose eco desta denuncia da veciñanza, trasladou emendas aos orzamentos da Xunta de Galiza para mellorar a súa seguridade viaria, mais contaron co veto do Partido Popular. Tampouco desde a Xunta de Galiza se tomaron medidas para corrixir estas eivas.

O tramo con maior circulación está entre Portomouro e Augapesada e supón 8km de tráfico intenso. A estrada non está preparada para tanto volume de tránsito pesado, e nin o firme nin as dimensións da vía son axeitados para esta tonelaxe, creando novos puntos negros e facendo que xurdan situacións de perigo constantemente, o que se suma á falta de sinalización e beirarrúas. Ademais, esta é unha zona poboada, con múltiples vivendas habitadas, e polas que tamén transcorre o transporte escolar, con varias paradas para recoller crianzas neste tramo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- É consciente o goberno galego do estado da estrada AC-453?
- Considera que está garantida a seguridade viaria das persoas que circulan por ela diariamente, ben a pé, ben en vehículo?
- Por que non se ten acometido unha reforma nesta estrada para mellorar a súa seguridade viaria, como ten demandado a veciñanza e o BNG?
- Cando se vai realizar a mellora desta infraestrutura?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 10/04/2025 12:28:42

Paulo Ríos Santomé na data 10/04/2025 12:29:08

Luis Bará Torres na data 10/04/2025 12:29:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de a Xunta comprometer un plan de acceso á vivenda pública até final de lexislatura na cidade da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, sinala que lle corresponde á Administración Pública impulsar accións, plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda.

Con esa finalidade esa mesma lei habilita as Administracións Públicas para impulsar a posta no mercado de vivendas en alugueiro, sinalando como obxectivo prioritario a mobilización de vivendas baleiras. Sen embargo, a Xunta leva anos sen aplicar medidas efectivas para a mobilización de vivenda baleira.

O expresidente da Xunta de Galiza presentou en rolda de prensa o actual “Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025” que viña substituír o anterior programa “Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015- 2020”.

Dende o grupo do Bloque Nacionalista Galego estamos convencidos de que as políticas de vivenda van ser unha peza fundamental para definir a forma en que saímos deste momento de crise. Cremos que o novo programa de vivenda non pode deixar de lado o actual contexto e que é necesaria a súa reformulación na procura de novas solucións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O continuísmo do novo programa, con medidas e un enfoque que xa se demostraron un fracaso, só pode agravar a falta de mecanismos para achegar, no novo ciclo que se abre, respostas eficaces. As políticas recicladas do novo plan xa se demostraron ineficaces para garantir o acceso á vivenda e para intervir, reordenar e reequilibrar o parque inmobiliario.

Un bo exemplo da inacción do PP desde a Xunta, ao longo de quince anos de goberno, en materia de política activa de vivenda pública vémosto na cidade da Coruña.

Os datos do IGE referidos a decembro de 2021 conclúen que A Coruña é a terceira cidade con maior porcentaxe de fogares con dificultades para chegar a fin de mes, sendo tamén a terceira máis alta canto á taxa de risco de pobreza.

Un dato aínda máis significativo por preocupante é que 11.530 hogares coruñeses teñen moita dificultade para chegar a fin de mes, o 11% fronte ao 8% da media galega, isto é, a taxa máis alta entre os sete municipios galegos de maior poboación.

As entidades de axuda social explican que son precisamente as graves dificultades de acceso á vivenda as que representan o principal factor de exclusión social na Coruña pola falta de oferta de vivenda social e a imposibilidade de acceder a un alugueiro debido aos elevados prezos que non deixan de subir, o que obriga, en moitos casos, a destinar o 100% dos ingresos ao pagamento do alugueiro quedando descubertas necesidades básicas como a alimentación, o vestido, o calzado ou o material escolar.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que avaliación fai a Xunta do plan de acceso a vivenda pública executado na cidade da Coruña polo goberno do PP?
- Que investimento executou en promoción de vivenda pública desde a aprobación do plan dende 2021 na cidade da Coruña?
- Cantas vivendas públicas foron postas a disposición en primeira adxudicación na Coruña?
- Que plan de acceso á vivenda pública compromete a Xunta até final de lexislatura na cidade da Coruña? En que prazos?
- Que porcentaxe da vivenda protexida prevista a desenvolver nesta lexislatura na Coruña vai ser de promoción pública en aluguer?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 10/04/2025 12:35:40

Iria Taibo Corsanego na data 10/04/2025 12:35:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 10/04/2025 12:36:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre zonas ben conservadas en estudo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O visor xeográfico de conservación da natureza do sistema de información xeográfica de Galiza inclúe como “zonas de exclusión” ás denominadas “zonas ben conservadas en estudo”

Moitas destas zonas albergan hábitats e especies de especial interese ou de interese prioritario e en moitos casos coinciden con zonas propostas en 2008 e 2011 para a ampliación da Rede Natura 2000.

Polo que respecta a áreas como a serra do Suido, a existencia destas “zonas ben conservadas en estudo” foi un argumento de peso para facer informes desfavorables de proxectos industriais eólicos.

A delimitación destas zonas está avalada por informes técnico-científicos mais o goberno galego négase sistematicamente a darlles un estatus de protección acorde coa súa importancia biolóxica e para a biodiversidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que rango legal teñen as zonas de exclusión denominadas “zonas ben conservadas en estudo”?

Por que a Xunta non lle outorga un estatus de protección dos previstos na lei do patrimonio natural e a biodiversidade a estas zonas?

Que criterios segue o goberno galego para denegar autorizacións ambientais a proxectos que afectan a estas zonas de interese para a biodiversidade?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 10/04/2025 12:46:17

Alexandra Fernández Gómez na data 10/04/2025 12:50:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Iago Suárez Fernández e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a reposición dos trens nocturnos Monforte-Barcelona.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os trens-hotel nocturnos entre Monforte e Barcelona, antes de seren suprimidos polo goberno español durante a pandemia, ofrecían un servizo ferroviario de grande utilidade para as comarcas do sur de Lugo, nomeadamente para a localidade de Monforte. A grande emigración que viviron e viven os concellos da contorna de Monforte provocou que moitas persoas teñan familia emigrada en Cataluña. É por este motivo que a poboación de Monforte e arredores viña reclamando desde hai tempo a reposición deste servizo ferroviario para moitos esencial, xa que, para alén diso, o tren sempre foi un elemento dinamizador no social e no económico para a localidade monfortina.

O ferroviario debe ser o futuro do transporte. Trens eficientes, con liñas e horarios suficientes e a prezos asumibles debe ser a clara aposta dos gobernos, algo que xa comprenderon noutros países europeos onde o tren é a primeira opción de transporte para boa parte da poboación. No caso dos trens nocturnos entre Monforte e Barcelona, este era uns dos poucos servizos ferroviarios do estilo que podía desfrutar a poboación dunha zona demograficamente castigada como é o sur de Lugo. Existe, aliás, un compromiso de Renfe, asinado no ano 2021, para a recuperación progresiva dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizos suprimidos ao longo da pandemia da Covid-19. En concreto do tren nocturno entre Monforte e Barcelona non se volveu saber máis nada.

Ademais, a poboación de Monforte e arredores xa mostrou a súa vontade no relativo á reposición deste servizo con múltiples mobilizacións simultáneas en Monforte e na estación de Sans en Barcelona e coa recollida de cerca de 3.000 sinaturas.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Prevé a Xunta reclamar ao Goberno español a reposición dos trens nocturnos entre Monforte de Lemos e Barcelona?
- Que resposta dá ás cerca de 3.000 persoas que a través da súa sinatura reclaman a reposición deste servizo?
- Por que non negociou o Goberno galego co Estado a reposición deste servizo desde a súa supresión na pandemia?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Luis Bará Torres

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 10/04/2025 12:51:21

Luis Bará Torres na data 10/04/2025 12:51:40

Paulo Ríos Santomé na data 10/04/2025 12:51:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre procedemento aberto pola Comisión Europea a España por incumprimento da normativa europea na ampliación da concesión da AP9.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. No mes de setembro de 2021 a Comisión Europea incoou un procedemento ao Estado español sobre a ilegalidade das prórrogas concedidas a AUDASA para a xestión da AP 9, xa que non se respectou o procedemento comunitario en materia de contratación pública e concesións administrativas.

- A primeira prórroga, de UCD en 1977, supuxo a ampliación da concesión en 1 ano, de 2012 a 2013

- A segunda, do PSOE en 1994, ampliou a concesión en 10 anos, até 2023.

- A terceira, do PP no ano 2000, prorrogou a concesión por 25 anos máis, até o 2048.

A comunicación da Comisión Europea, en resposta a unha denuncia da asociación En Colectivo, pon de manifesto a actuación irregular do goberno español coa adopción de decisións que favoreceron os intereses da empresa concesionaria e supuxeron un grave perxuízo para as persoas usuarias e para a economía galega.

Este caso conta xa co precedente dunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que ditaminou en 2019 que Italia ampliou a concesión dunha autoestrada á “Società Autostrada Tirrenica” sen iniciar previamente un procedemento de licitación, infrinxindo a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Directiva 2004/18/CE sobre contratación pública. No caso das prórrogas concedidas a AUDASA en 1994 e 2000, tamén se incumpriron as normas de contratación pública da UE, nomeadamente a Directiva 93/37/CEE.

AUDASA -empresa privatizada polo goberno do PP en 2003- obtivo ingresos de máis de 3.000 millóns de euros e máis de 1000 millóns de beneficios desde o inicio da concesión. E prevé beneficios de arredor de 1.500 millóns de euros até o ano 2048. Todos estes feitos poñen en evidencia a aldraxe e o agravio da AP 9, tantas veces denunciado polo BNG.

Mentres isto ocorre, outras autoestradas da mesma época que a AP9 remataron ou van rematar dentro de pouco tempo o seu período de concesión, de maneira que pasan a ser gratuítas. Un exemplo claro do trato discriminatorio do goberno central con Galiza, compartido por gobernos dunha e outra cor.

2. Recentemente, a Comisión Europea volveu abrir o procedemento de infracción sobre a ampliación do prazo de concesión en dúas autoestradas, unha delas a AP 9.

Tendo en conta as irregularidades sinaladas pola Comisión Europea, chama a atención a actitude do goberno central, que teima en defender unha actuación claramente contraria á normativa europea. E causa tamén asombro a reacción do goberno galego, que por un lado xustifica a prórroga e por outro non aproveita esta vía para lograr o rescate da concesión.

Para o BNG estamos diante dunha oportunidade de ouro para poñer fin á estafa das peaxes abusivas, e ao agravio que sofre Galiza en materia de autoestradas de peaxe. Un agravio acrecentado polo veto das forzas do bipartidismo á transferencia da AP 9 a Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Como valora o goberno galego a decisión da Comisión Europea en relación coas prórrogas da AP 9?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera o goberno galego que a concesión destas prórrogas foi unha decisión discriminatoria para Galiza?

-Comparte o goberno galego os argumentos da Comisión Europea en relación coa ilegalidade da prórroga concedida a AUDASA?

-Que opinión lle merece ao goberno galego que autoestradas da mesma xeración ca a AP9 pasen a ser gratuítas mentres que a autoestrada galega tería peaxes até 2048?

-Que iniciativas prevé adoptar o goberno galego para contribuír a deixar sen efecto as prórrogas concedidas e lograr a gratuidade da AP9?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 10/04/2025 12:57:12

Alexandra Fernández Gómez na data 10/04/2025 12:57:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 10/04/2025 12:57:33





Á Mesa do Parlamento

Raúl Santamaría González, María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión 5ª, Sanidade Política, Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia ten configurado, no Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria, un mapa que suma preto de 500 centros distribuídos por toda a comunidade, de distinta orixe, titularidade, configuración e características.

Estes centros prestan asistencia sanitaria a unha poboación de 2,7 millóns de habitantes. Algúns deles, por razón da súa antigüidade, da necesaria adaptación á evolución demográfica da poboación ou para ampliar a súa carteira de servizos, , requiren obras de mellora.

De feito, as infraestruturas sanitarias son unha peza clave na realización e posta en marcha dos servizos de saúde para todas os núcleos de poboación. Tendo isto en conta, a Xunta de Galicia deseñou o proxecto de construción do novo centro de saúde de Vilagarcía de Arousa.

Esta nova infraestrutura ten por obxecto substituír o actual centro de saúde de San Roque e, deste xeito, crear un espazo que facilite o traballo do persoal sanitario e procure o benestar dos usuarios que van ser atendidos, cun deseño que prima tanto a calidade como a funcionalidade co fin de prestar un servizo máis eficiente e converterse tamén nun referente arquitectónico, no que xogará un papel moi importante tamén a vexetación.

O novo centro de saúde de Vilagarcía de Arousa prevé chegar ás 17 consultas de medicina xeral (4 máis con respecto ao actual centro de San Roque), outras 17 consultas de enfermería (4 máis), 6 consultas de pediatría e 5 de enfermería pediátrica (2 máis respectivamente).





As novas instalacións a executar ocuparán unha superficie construída de 8.300 m², xerando ademais dúas prazas abertas cara á cidade e cara aos viarios aos que dá fronte (Avenida da Mariña e rúa Elpidio Villaverde).

Neste sentido, é doado comprender a importancia e positividade do proxecto en cuestión, polas súas repercusións asistenciais na localidade, apostando pola asistencia sanitaria de calidade, máis zonas verdes e por unha construción de referencia arquitectónica.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral para a súa resposta oral:

1. Que prazos manexa a Xunta de Galicia na construción e posta en servizo do novo centro de saúde de Vilagarcía de Arousa?

Santiago de Compostela, 10 de abril 2025.

Asinado dixitalmente por:

Raúl Santamaría González na data 10/04/2025 12:56:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/04/2025 12:56:39

Noelia Pérez López na data 10/04/2025 12:56:47

Raquel Arias Rodríguez na data 10/04/2025 12:56:56

Ethel Vázquez Mourelle na data 10/04/2025 12:57:06

Víctor Baladrón Lamas na data 10/04/2025 12:57:23

Nicole Grueira Fernández na data 10/04/2025 12:57:33

Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/04/2025 12:57:46

Maria Magdalena Perez Millares na data 10/04/2025 12:57:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Argimiro Marnotes Fernández na data 10/04/2025 12:58:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Nos últimos anos, produciuse un avance significativo no recoñecemento e protección dos dereitos das persoas LGTBI, froito do compromiso social e institucional coa igualdade e a non discriminación. O respecto á diversidade sexual e de xénero é un principio fundamental nunha sociedade democrática, e as administracións públicas teñen a responsabilidade de garantir que todas as persoas, independentemente da súa orientación sexual ou identidade de xénero, gocen dos mesmos dereitos e oportunidades.

Galicia foi unha das comunidades autónomas pioneiras na adopción de medidas para a protección do colectivo LGTBI, aprobando unha lexislación específica que busca garantir o seu benestar e promover a igualdade real.

Entre as iniciativas postas en marcha tamén destacan a creación dunha “xanela única” de atención nos Centros de Información á Muller (CIM), que ofrece asesoramento xurídico e psicolóxico especializado; os centros Quérote+, con servizos de orientación laboral, sexoloxía e saúde sexual; e a implementación de protocolos específicos no ámbito educativo para apoiar o alumnado trans.

Ademais, estanse a desenvolver novas medidas para reforzar a protección e inclusión das persoas LGTBI, como a próxima aprobación dun protocolo para a atención das persoas trans nos servizos de Atención Primaria. Tamén existen iniciativas para favorecer a inserción laboral deste colectivo, como as bonificacións específicas para a contratación de persoas trans dentro do Plan Galicia Emprega ou a mención específica ás mulleres trans na convocatoria de Igualdade do IRPF.

Tendo isto en conta, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



Que valoración fai o Goberno galego sobre os avances acadados a prol dos dereitos das persoas LGTBI?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 10/04/2025 12:51:19

Raquel Arias Rodríguez na data 10/04/2025 12:51:39

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/04/2025 12:51:59

Víctor Baladrón Lamas na data 10/04/2025 12:52:07

Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/04/2025 12:52:21

Argimiro Marnotes Fernández na data 10/04/2025 12:52:33

Noelia Pérez López na data 10/04/2025 12:52:46

Ethel Vázquez Mourelle na data 10/04/2025 12:53:00

Maria Magdalena Perez Millares na data 10/04/2025 12:53:31



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, María Deza Martínez, Julio García Comesaña, Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Borja Vereza Fraiz, Paula Prado del Río, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Na actualidade, un dos maiores problemas aos que se enfronta a mocidade galega é o acceso á vivenda. A actual situación neste ámbito non favorece a emancipación da xente nova, de xeito que cada vez prodúcese máis tarde.

Polas súas características, a mocidade ten en maior medida necesidades transitorias de residencia, debido a realización de estudos fóra do seu entorno ou condicionados pola inserción no mercado laboral.

Neste marco, a Xunta de Galicia dálle luz verde a licitación dun proxecto para construír en Vigo un edificio de 80 aloxamentos compartidos e temporais para menores de 36 anos, no que a xente nova poderá permanecer ata 3 anos nun réxime de alugueiro accesible, cun orzamento ao redor dos 445.000 euros.

O inmovible estará situado en Navia, e o obxectivo é que a mocidade poida dispoñer duna alternativa residencial que estea adaptada as súas necesidades e forma de vida, e que favoreza que, unha vez superada esa primeira fase de incorporación ao mercado laboral, o acceso a unha vivenda, xa sexa libre ou protexida e permitan o relevo na ocupación do aloxamento que deixan.

O edificio vaise sumar a outro que, coa mesma finalidade, quedará emprazado en Xoán XXIII, en Santiago de Compostela, cuxo proxecto está pendente de adxudicación.

A figura destes aloxamentos protexidos foi creada a través da lei de medidas deste 2025, e supoñen unha alternativa residencial ao uso de vivenda, pretendendo resolver, de forma transitoria, as necesidades de aloxamento da xente nova.

No desenvolvemento desta iniciativa colaboran a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, quen asume a construción destes inmovibles, e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, que é a que xestionará posteriormente os aloxamentos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:



- 1.- Que previsións ten a Xunta de Galicia sobre a construción do inmoble destinado a aloxamentos compartidos temporais para menores de 36 anos en Navia e Santiago de Compostela?
- 2.- Que características terán os futuros inmoables?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 10/04/2025 12:57:14

María Deza Martínez na data 10/04/2025 12:57:28

Julio García Comesaña na data 10/04/2025 12:57:42

Patricia García González na data 10/04/2025 12:57:55

Miguel Fidalgo Iglesias na data 10/04/2025 12:58:10

Borja Vereza Fraiz na data 10/04/2025 12:58:23

Paula Prado del Río na data 10/04/2025 12:58:42

Cristina Campero Dorado na data 10/04/2025 12:58:56

José Luis Ferro Iglesias na data 10/04/2025 12:59:09

Rubén Lorenzo Gómez na data 10/04/2025 12:59:23

Argimiro Marnotes Fernández na data 10/04/2025 12:59:39

Carmen Pomar Tojo na data 10/04/2025 12:59:52

Roberto Rodríguez Martínez na data 10/04/2025 13:00:10

Gonzalo Trenor López na data 10/04/2025 13:00:30

Katherinie Varela Fernández na data 10/04/2025 13:00:44





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 13:13:22
Nº Rexistro: 23899
Data envío: 10/04/2025 13:13:22.150

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Este grupo parlamentario leva alertando dende o inicio da actual lexislatura, da situación límite na que se atopa a área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras.

Sobre o Hospital Materno-Infantil de Ourense sobrevoan dende hai moito tempo sombras máis que escuras.

Ata o punto de que unha infraestrutura disposta para que a poboación reciba no seu interior asistencia sanitaria se ten convertido, ela mesma, en ameaza seria para o primeiro elo da mesma saúde; a integridade física.

O último acontecemento acontecía o día 9 de abril cando o rebentón dunha tubaxe de auga quente inundaba a entrada do CHUO, feito que non é illado.

Xa advertiamos as socialistas do pésimo estado das instalacións e da paralización da construción do novo edificio de hospitalización sen que o Sergas adopte medidas o respecto nin asuma responsabilidades.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:





1. Como valora o Goberno galego o último grave suceso acontecido no complexo hospitalario de Ourense en relación co rebentón dunha tubaxe de auga quente?
2. Entende o Goberno galego despois dos últimos acontecementos que as instalacións do complexo hospitalario son seguras para usuarios e profesionais?
3. Vai proceder o Goberno galego a unha revisión en profundidade do complexo hospitalario dende a perspectiva arquitectónica de seguridade?
4. Porque está paralizada a construción do novo edificio de hospitalización?
5. Ten relación a paralización da obra anteriormente citada cos últimos acontecementos, derrubes e rebentón de tubaxes?
5. Pensa, tal como lle solicitou este grupo parlamentario, o Goberno galego remitir o Parlamento de Galicia os informes técnicos sobre a causa da paralización da construción do novo edificio de hospitalización?
6. E os informes que garantan a seguridade do edificio do CHUO?
7. Cando se vai proceder á reanudación da construción do edificio de hospitalización?
8. Vai asumir o Goberno galego responsabilidades políticas por estes feitos de suma gravidade?

Parlamento de Galicia, 10 de abril de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 13:13:22
Nº Rexistro: 23899
Data envío: 10/04/2025 13:13:22.150

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/04/2025 11:03:28

Elena Espinosa Mangana na data 10/04/2025 11:03:42

Silvia Longueira Castro na data 10/04/2025 11:03:59

CSV: BOPGDSPG-jkvufksaE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /



981.55.15.30

79222

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 13:15:55
Nº Rexistro: 23907
Data envío: 10/04/2025 13:15:55.195

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Segundo datos ofrecidos pola Xunta de Galicia, foron 738.828 o número de casos da covid rexistrados en Galicia.

A porcentaxe de curación foi alto. Con todo hai persoas que sufriron a infección polo virus SARS-CoV-2 e que agora teñen unha nova afección, que se denomina Covid persistente, aínda que hai expertos que lle chaman “covid prolongado”, “síndrome covid crónico”, “long COVID” ou “síndrome de covid postagudo”.

Considérase que pode afectar entre o 10 % e o 15 % das persoas que sufriron Covid-19. “E que “afecta ás persoas independentemente da súa saúde, sexo, etnia ou estado de saúde preexistente”.

Estamos ademais ante unha enfermidade emerxente, sobre a que se están realizando estudos, e de momento, transcorreu relativamente pouco tempo para poder avanzar con respecto ao mecanismo que o desencadea.

Pero si sabemos que algúns dos síntomas máis frecuentes son: malestar xeral, dores musculares, astenia, falta de concentración, fallos na memoria etc. E o traballo antes sinalado indica que “afecta a todos os sistemas orgánicos, incluído o sistema cardiovascular, o nervioso, o endócrino, o inmunolóxico, o reprodutivo e o gastrointestinal.”





En marzo do ano 2021 a Xunta de Galicia, presentou o Plan funcional de unidade multidisciplinar que definía as unidades post covid nas 7 áreas sanitarias de Galicia.

Unidades que alcanzaron ata 12.000 atencións no ano 2022. e que tiñan por obxectivo -segundo a propia Xunta- a atención e a recuperación, apropiada, equitativa, eficiente, homoxénea e estandarizada das persoas afectados por esta patoloxía e que superaran a fase aguda.

Nunha pregunta formulada por este grupo ao Goberno galego o 27 de marzo, respondeunos que reorganizaría as unidades postcovid por se reducir o número de persoas atendidas

Con todo non se trataba dunha reorganización, senón do desmantelamento das unidades post-covid nas 7 Areas Sanitarias de Galicia. E ter transcorrido nin 15 días, péchase a última en Ourense.

Por todo iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Está disposta a Xunta de Galicia a reconsiderar a decisión tomada co peche das unidades post-covid e presentar unha reorganización real destas unidades?
2. Está disposta a Xunta de Galicia a formar persoal sanitario para que poidan prestar unha atención adecuada ás persoas que teñen covid persistente?

Parlamento de Galicia, 10 de abril de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 13:15:55
Nº Rexistro: 23907
Data envío: 10/04/2025 13:15:55.195

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 10/04/2025 12:09:14

Silvia Longueira Castro na data 10/04/2025 12:09:28

CSV: BOPGDSPG-jkvufksaE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

79225

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Montserrat Valcárcel Armesto e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o proxecto para plantar 10.000 árbores no concello de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Numerosos estudos destacan a importancia que a denominada “arboricultura urbana” aportan aos niveis de benestar social, psicolóxicos e estéticos, ademais dos xa evidentes beneficios ambientais, como son a mitigación do cambio climático debido fundamentalmente á capacidade das árbores de absorber e almacenar o CO₂, favorecer a biodiversidade vexetal e animal, a xeración de microclimas frescos que alivian a presión do aumento constante das temperaturas, algo que en Ourense esta a ter unha importante e crecente incidencias, a captación de augas pluviais, así como contribúe a paliar a propia erosión do solo.

Certamente a exclusiva plantación dun número elevado de árbores non asegura a maior protección da biodiversidade, sendo necesaria a existencia dunha planificación adecuada, sobre os lugares no que fixar as árbores, as especies a plantar en cada espazo para permitir o seu crecemento e que poda cumprir o obxectivo que se pretenda en cada caso. Descrición e análise que debe ser rexistrada nun Catálogo especificamente elaborado a tal fin.

A realidade é que dende hai anos o patrimonio arbóreo da cidade de Ourense non deixa de minguar. Tanto a execución de obras polo Concello de Ourense ou a Xunta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Galiza, como o mal estado das árbores, consecuencia da falla de coidados, de intervencións mal realizadas ou por unha ubicación incompatible co seu crecemento natural; están a supor unha constante perda do arborado na cidade de Ourense. Mariñamansa, A Rabaza, Cudeiro Os Remedios, Castro de Beiro, San Francisco, o Casco Histórico ou a zona centro nos últimos anos sufriron particularmente a perda de distintos exemplares arbóreos.

Hai case dous anos o Concello de Ourense anunciou a elaboración dun proxecto para plantar 10.000 árbores na cidade de Ourense. Esta foi unha das (escasas) iniciativas que o día 4 de outubro de 2003 o alcalde de Ourense trasladou ao Presidente da Xunta, quen manifestou a súa vontade de estudar a iniciativa como medida contra o cambio climático e para paliar as altas temperaturas do estío ourensá, manifestando a súa conformidade coa propostas, que mesmo podería ser unha “experiencia piloto” a estender a outras cidades de Galiza.

Transcorridos 8 meses dende o compromiso do Presidente da Xunta coa proposta de recuperación do patrimonio arbóreo de Ourense non consta a existencia de avance algún, mais ao contrario continúa a diminución e degradación dos espazos verdes da cidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Considera a Xunta de Galiza que o arborado contribúe a mitigar os efectos do cambio climático nas cidades?

Cal é o número de árbores arrincados, nos últimos 5 anos, como consecuencia das obras realizadas pola Xunta de Galiza no concello de Ourense?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dispón a Xunta de Galiza de proxecto para a plantación de 10.000 árbores na cidade de Ourense?

Cal é a ubicación e as especies de árbores previstas para plantar?

No seu caso, cal é o prazo previsto para a execución do proxecto de plantación de árbores en Ourense?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Valcárcel Armesto

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/04/2025 13:14:28

Noa Presas Bergantiños na data 10/04/2025 13:14:57

Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/04/2025 13:15:13

Luis Bará Torres na data 10/04/2025 13:15:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o pacto ambiental asinado entre a Xunta e ENCE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de xuño de 2016 a Xunta e a empresa ENCE asinaron un “pacto ambiental” que incluía a realización de diferentes investimentos por parte da empresa, como resultado dun acordo político logo da concesión irregular dunha prórroga extraordinaria á empresa para a permanencia en Lourizán por 60 anos máis.

Na presentación do acordo participaron en representación da Xunta a daquela conselleira de medio ambiente, Beatriz Mato, e o entón vicepresidente do goberno, Alfonso Rueda.

O pacto ambiental, que prevía a creación dunha comisión mixta de seguimento, incluía como principais actuacións as seguintes:

- Investimentos por valor de 30 millóns de euros para a mellora da eficiencia no complexo industrial de Lourizán, nomeadamente a documentación correspondente ao investimento de 15 millóns de euros no tratamento e rexeneración de augas no complexo.

- Investimentos realizados ao abeiro do programa marco de actuacións de carácter social e ambiental, dotado con 3 millóns de euros anuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Investimento de 15 millóns de euros na ampliación e modernización da EDAR dos Praceres.

-Investimento de 16,6 millóns de euros na creación dun Centro de investigación e desenvolvemento especializado na explotación sustentábel dos recursos forestais.

-Investimento na construción dun novo centro de coxeneración de biomasa nas instalacións de Lourizán, así como de tres novos centros de bioenerxía en diferentes puntos de Galiza.

Logo de máis de 6 anos desde a sinatura do acordo, hai constancia do incumprimento de varias das actuacións previstas, polo que o goberno galego debe dar cumprida información ao respecto.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cal é o grao de cumprimento do “pacto ambiental” asinado entre a Xunta e ENCE en xuño de 2016?

Que actuacións realizou a empresa con cargo á partida de 15 millóns prevista para o tratamento e a rexeneración das augas no complexo industrial?

Cal foi a colaboración da empresa da mellora da EDAR dos Praceres?

Cal foi o investimento realizado pola empresa con cargo á partida de 16,6 millóns de euros prevista para a creación dun Centro de investigación e desenvolvemento especializado na explotación sustentábel dos recursos forestais?

Cal foi o investimento destinado á construción dun novo centro de coxeneración de biomasa nas instalacións de Lourizán, así como de tres novos centros de bioenerxía en diferentes puntos de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións se realizaron con cargo ao programa marco de actuacións de carácter social e ambiental e en que anualidades?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Valcárcel Armesto
Brais Ruanova Vilas-Boas
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 10/04/2025 13:20:51

Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/04/2025 13:20:58

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/04/2025 13:21:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Cristina Fernández Davila, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suido.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A ubicación próxima á costa e as altitudes de máis de 1.000 metros fan que esteamos ante unha das serras de maior pluviosidade de toda a península ibérica, con máis de 2.400 mm de precipitación media anual. Os ríos que nacen na serra, o Tea, o Avia e o Verdugo-Oitavén son dos mellor conservados da demarcación Galiza-Costa, tanto pola calidade das augas, pola boa conservación das ribeiras e pola variedade de flora e fauna.

A orografía, o clima, a paisaxe, a historia fan da serra do Suído un espazo de extraordinarios valores ambientais, culturais e sociais que é necesario preservar e dinamizar no seu conxunto, prevendo impactos que alteren os equilibrios e fomentando actividades sustentábeis e creadoras de valor engadido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Atendendo a riqueza ambiental e á súa importancia para a preservación da biodiversidade, nos anos 2008 e 2012 iniciáronse senllos procedementos para a declaración de parte da serra do Suído (aproximadamente 110 km²) como Lugar de Importancia Comunitaria (actualmente ZEC) e a conseguinte inclusión na Rede Natura 2000, iniciativas que non chegaron a concluírse malia as demandas da Comisión Europea para que se protexesen hábitats de interese prioritario presentes na serra. No ano 2008 tamén se iniciou o procedemento para a ampliación do LIC Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea, sen que tamén neste caso chegase a facerse realidade a declaración.

No Suído e Alto Tea existen 12 tipos de hábitats de interese comunitario (Directiva Hábitats), dos cales 4 son de interese prioritario (en risco de desaparición): as turbeiras altas activas (7110*), os bosques aluviais de amieiros e freixos (91EO*), as matogueiras húmidas atlánticas ((4020*) e os bosques de ladeiras, desprendementos ou barrancos (9180*).

A serra do Suído e o Alto Tea atesouran un grande número de formacións de turbeira, hábitat de grande interese para a biodiversidade e para a prevención e mitigación do cambio climático. As turbeiras funcionan como reguladoras do ciclo hidrolóxico, xa que actúan como unha especie de esponxas que reteñen a auga da chuvia e vana liberando gradualmente. Caracterízanse pola presenza dunha grande variedade de flora e fauna, entre a que se inclúen especies en perigo de extinción.

En total están rexistradas 53 formacións de turbeira que ocupan unha superficie total de 80,8 ha. As turbeiras máis extensas atópanse no Suído: Chan do Libro con 10 ha de superficie, As Pontellas (8ha), Coto de Eiras e Outeiro Vello (5 ha cada unha). A maior parte das turbeiras sitúanse na cabeceira da conca do Oitavén-Verdugo (32). O río Tea e os seus afluentes suman un total de 20 formacións de turbeira mentres que na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cabeceira do Avia só se rexistra unha (O Pozo Novo). O 78% destas formacións están situadas nos concellos da Lama e O Covelo.

	Número	Superficie
Covelo	23	31,4 ha (38,8% do total)
A Lama	16	32 ha (39,6%)
Fornelos	10	11,4 ha (14,2%)
Mondariz	2	5,2 ha (6,4%)
Avión	2	0,8 ha (1%)

A parroquia de Campo (Covelo) é a que rexistra un maior número de de turbeiras, denominadas “porcas”, que ocupan un total de 20 hectáreas.

Unha parte destas turbeiras aparecen recollidas no Inventario de humidaís de Galiza (2003) mais ao longo de 20 anos sufriron numerosas agresións e alteracións. Existe unha proposta para declarar as brañas do Suído como Humidal protexido e como humidaís incluídos na listaxe internacional Ramsar (*Conservación e xestión dos humidaís en Galicia*, IBADER, 2017, ®Pablo Ramil-Rego, Luís Gómez-Orellana e Javier Ferreiro da Costa editores). No mes de marzo de 2023, unha parte dos humidaís do Suido foron incluídos no Inventario de zonas húmidas de Galiza (DOG do 13 de marzo de 2023).

O río Parada do Valdohome, afluente do Oitavén, que ten as súas nacentes na serra do Suído, foi declarado Reserva Natural Fluvial atendendo ao seu bo estado de conservación e aos valores naturais que atesoura. Por este motivo, a súa bacía debe ser obxecto de especial protección e precaución, evitándose as agresións e alteracións da súa contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A serra representa unha mesma unidade etnográfica, composta por toda a rede de construcións gandeiras estacionais da Serra do Suído e Alto Tea. Os chozos ou chozas, sesteiros, curralas e cortellos ou parideiras atópanse diseminados de tal modo que se insiren na paisaxe beneficiándose das súas características ambientais e orográficas, para se asentar ora nas pequenas valgadas e chans, para aproveitaren os seus pastos, ora nos cumes ou cotos para aproveitaren a tendencia espontánea do gando para sestar neles.

Estas construcións facíanse mediante a técnica da “pedra seca” ou “cachotería en seco”, unha técnica de construción tradicional que foi incluída na listaxe do patrimonio inmaterial da UNESCO no ano 2018.

Empregáronse até a segunda metade do século XX para o pastoreo do gando na estación estival. Organizábase mediante un sistema de rolda, na que participaba de xeito rotatorio a veciñanza dos lugares aos que pertencía cada chozo.

A paisaxe da serra do Suido foi recoñecida como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”.

Ademais dos conxuntos etnográficos relacionados coa actividade gandeira, na serra teñen unha importante representación os foxos ou “forcas” do lobo, construcións de grandes dimensións situadas nas valgadas e formadas por valados en forma de V que converxen nun pozo (foxo) a onde se conducía o lobo en batidas colectivas. No Suído e Alto Tea existen 6 foxos do lobo, o máis espectacular dos cales é o Foxo da Portela, no Coto de Eiras.

Outras das manifestacións senlleiras do suído son os camiños tradicionais, pola situación estratéxica do Suído como lugar de paso entre importantes comarcas do país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cabe sinalar a este respecto o Camiño dos Arrieiros, que comunica O Ribeiro con Pontevedra, o Camiño Breeiro que ía cara Aciveiro e Compostela; o camiño da Brea que comunicaba a reitoral de Barcia de Mera co Mosteiro de Melón; e a Calzada do Alén, un camiño empedrado que vai pola marxe dererita do río Alén desde a Ponte de San Xoán do Mosteiro até o concello de Fornelos.

4. Toda esta inmensa riqueza de patrimonio cultural e natural do Suido viuse mermado e sometido a múltiples agresións, que se poden agravar de maneira irreparable debido a proliferación de proxectos mineiros e de parques eólicos.

Con respecto aos parques eólicos, a Comisión Europea (EC, 2010) identifica os impactos na fase de construción do parque en canto á perda de superficie ocupada por hábitats de interese comunitario debido á apertura de viais, cimentación dos aeroxeradores, instalación de liñas áreas e subterráneas, construción de centrais eléctricas e edificacións auxiliares, introdución de especies invasoras, etc. Tamén fai referencia aos impactos na fase de explotación, pola mortandade que causan os aeroxeradores na avifauna e polo incremento do ruído.

No caso de humidais, a creación de pistas e drenaxes alteran a hidroloxía superficial. Os viais acostuman a converterse en receptores de augas de grandes superficie de terreo, que son transportadas a lugares afastados por medio das gavias.

Nos últimos anos, no contexto do boom eólico, estanse a tramitar numerosos proxectos de parques eólicos na Serra do Suído, no Alto Tea e no Faro de Avión. Na tramitación destes proxectos industriais débese ter en conta o establecido na lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade, que consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, o principio de precaución a respecto das intervencións que poidan afectar negativamente ao patrimonio natural e a biodiversidade, e mais a prevención dos problemas derivados do cambio climático.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación con esta última cuestión cómpre avaliar a incidencia dos parques eólicos e das súas infraestruturas nos recursos hídricos, co obxecto de preservar a función do Suído como gran colector de auga que abastece as concas do Avia, Oitavén-Verdudo e Tea.

Por outra parte, o solo afectado polos proxectos sectoriais vai experimentar unha radical modificación na súa cualificación urbanística e o seu uso, xa que pasa a cualificarse como solo rústico de especial protección de infraestruturas. Na práctica supón abrir paso a un proceso de explotación industrial de espazos de grande interese ambiental, cultural e paisaxístico.

En relación coa afección á paisaxe, cómpre ter en conta que o Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP _08_15), polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia. Resulta evidente que a construción de até 16 parques eólicos e as súas correspondentes infraestruturas van terían un enorme impacto visual na paisaxe da serra.

5. Calquera planificación do desenvolvemento de enerxías renovábeis debe facerse contando coa participación dos concellos e a veciñanza, debe respectar os valores ambientais e culturais do territorio, debería ter como contrapartida o abaratamento do prezo da enerxía eléctrica e debería ter como principais beneficiarias as comunidades locais.

Recentemente, a Xunta vén de informar negativamente varios proxectos de parques eólicos situados na serra do Suido, atendendo ao seu impacto paisaxístico, aos efectos sinérxicos e acumulativos (efecto barreira) e a afección a especies protexidas, nomeadamente as aves.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación coa tramitación do parque eólico Coto das Airas, logo reconvertido como Carballoso (de tramitación estatal por ter unha potencia de 51MW), situado nos concellos de Fornelos, A Lama e Avión, a dirección xeral de Patrimonio Natural da Xunta emitou informes desfavorábeis polo impacto negativo no patrimonio natural e en especies protexidas. Un dos argumentos clave para esta avaliación foi que “neste momento están en estudo distintos espazos ben conservados que reúnen importantes valores ambientais pola presenza de turbeiras e hábitats asociados insuficientemente representados na Rede galega de espazos naturais. En dito estudo, ademais da cartografía detallada dos hábitats, están presentes cuestións como a conectividade das especies e o mantemento das condicións dos equilibrios hídricos, fundamentais neste tipo de formacións vexetais.

Doutra banda, esta a tramitarse actualmente un volume importante de proxectos de desenvolvemento eólico que se superpoñen con estes espazos e que se amosan incompaibles coa conservación dos valores naturais presentes neles, o que representa un factor de perturbación que ameaza de modo significativo o seu estado de conservación e as obrigas de conservación que debe atender a Xunta de Galicia.

En consecuencia, en aplicación do artigo 46.1 da Lei 5/2029 de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, **procede informar negativamente a instalación de aeroxeradores e subestacións na devanditas zonas**, así como o resto de infraestruturas asociadas”.

En consecuencia con este informe, referido ao parque eólico Coto das Airas e reiterado nos mesmos termos para o parque eólico Carballoso, o goberno galego debe aplicar o procedemento previsto nos artigos 45 e 46 da lei 5/2019.

E tendo en conta dos demais valores patrimoniais, socioculturais e humanos da serra do Suido, debe impulsar, en coordinación cos concellos e co tecido social da contorna, un conxunto de medidas de conservación, de recuperación e dinamización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Considera o goberno galego que están suficientemente protexidos os valores ambientais da serra do Suído, no que existen 12 hábitats de interese comunitario, dos cales 4 son de interese prioritario?

. Ten previsto o goberno galego incoar o procedemento para a protección da serra do Suído baixo a figura da Rede Natura 2000?

. Que plans de actuación desenvolveu ou prevé desenvolver a Xunta para a protección e conservación dos humidais e das turbeiras do serra do Suído?

. Que actuacións prevé desenvolver o goberno galego para a protección dos valores paisaxísticos e dos recursos hídricos da serra do Suído e Alto Tea?

. Ten previsto o goberno galego establecer o réxime de protección cautelar e preventiva previsto na lei 5/2019, coa finalidade de evitar o risco de destrución irreversible de especies e hábitats de interese comunitario e de interese prioritario presentes na serra do Suido?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 10/04/2025 13:25:10

Noa Presas Bergantiños na data 10/04/2025 13:25:20

Cristina Fernández Davila na data 10/04/2025 13:25:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Luis Bará Torres e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as concesións de Portos de Galiza no concello de Pontedeume.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Portos de Galiza xestiona actualmente as instalacións portuarias no concello de Pontedeume. Estas instalacións están divididas en dúas partes, separadas pola “Ponte de Pedra”; así no lado da ponte máis próxima á desembocadura do río Eume podemos atopar as instalacións da confraría de pescadores, dique principal e pontóns flotantes.

Do outro lado da Ponte de Pedra, os terreos xestionados por Portos de Galiza contan con varias áreas diferenciadas, entre as que podemos atopar zonas adicadas ao tránsito de peóns, zonas axardinadas, deportivas, e por último unha zona de máis de 13.000 m2 de uso comercial e industrial.

Estes usos comerciais e industriais, nomeadamente un establecemento de hostalaría e unha estación de servizo, contan con cadansúa concesión para a ocupación do chan que xestiona Portos de Galiza. Actualmente estas concesións de ocupación están chegando ao seu fin, co que os terreos concesionados deben de reverter á xestión pública.

Sabido é que esta zona é emblemática ao estar situado nun lugar estratéxico, á entrada da vila de Pontedeume, cun gran valor estratéxico, dotacional e paisaxístico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Recuperación para a xestión pública destes terreos ofrece unha oportunidade única para a vila de Pontedeume, e para toda a comarca de contar cun novo espazo no que localizar instalacións de uso público das que actualmente carece o concello.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- . Cal é a data de fin de concesión dos terreos de Portos de Galiza que actualmente están ocupados por un complexo de hostalaría e unha estación de servizo?
- . Está previsto a reversión ao estado orixinal dos terreos concesionados?
- . Ten Portos de Galiza un plan de xestión e reurbanización destes terreos?
- . Vai Portos de Galiza convocar un concurso de ideas para avaliar os novos usos deste área?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Ramón Fernández Alfonso

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 10/04/2025 13:40:18

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/04/2025 13:40:40

Luis Bará Torres na data 10/04/2025 13:40:51



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

Unha das medidas comunicadas foi a colaboración co Concello de Ferrol para levar a cabo a rehabilitación urbana da cidade incluíndo actuacións en seis barrios cun investimento de total de 12 millóns de euros, o Goberno galego achegará o 75 % do investimento, 9 millóns de euros e o Concello de Ferrol aportará o resto de 3 millóns de euros.

As intervencións previstas do futuro convenio é a rexeneración urbana de barrios declarados BIC, históricos ou que están na traza do Camiño de Santiago para recuperar edificios e espazos para a cidadanía.

A Xunta de Galicia indica que financiará as obras destinadas a adecuación e reurbanización, e a Administración local asumirá o investimento da adquisición de soares e edificios para transformalos en infraestruturas sociais, sanitarias e culturais; rehabilitación de edificios emblemáticos, e reurbanización de rúas, prazas ou accesos.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 13:42:14
Nº Rexistro: 23919
Data envío: 10/04/2025 13:42:14.404

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as actuacións previstas por parte da Xunta de Galicia no Plan de rehabilitación dos barrios do Concello de Ferrol?
2. Que prazos ten previstos a Xunta de Galicia para a sinatura e posta en marcha do convenio de rehabilitación do Concello de Ferrol?

Santiago de Compostela, a 10 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 10/04/2025 13:29:53

Carlos López Font na data 10/04/2025 13:30:02

Paloma Castro Rey na data 10/04/2025 13:30:09

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

79245

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

O Consello da Xunta de Galicia anunciou, actividades de rehabilitación de vivenda no Concello de Ferrol con dúas accións: programa Rexurbe no que a Administración autonómica adquiriu diferentes inmobles para dar lugar vivendas para utilizar en réxime de alugamento accesible.

A segunda acción é a Área Rexurbe, declarada polo Consello da Xunta no 2022, e o ámbito coincide co Plan especial de protección e rehabilitación do barrio de Ferrol Vello. Ademais, a cidade ten declaradas áreas de rehabilitación integral nos barrios da Madalena e Ferrol Vello, no barrio da Graña, no de Esteiro Vello e Recimil.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 13:44:06
Nº Rexistro: 23925
Data envío: 10/04/2025 13:44:06.435

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que estado de execución se atopa o plan de actividades de rehabilitación de vivenda no Concello de Ferrol dentro do plan Rexurbe de adquisición de inmobles para vivendas para utilizar en réxime de alugamento?
2. En que estado de execución se atopa o plan de actividades de rehabilitación na Área Rexurbe do Concello de Ferrol, declarada polo Consello da Xunta no 2022, no barrio de Ferrol Vello e nas áreas declaradas de rehabilitación integral polo Concello nos barrios da Madalena e Ferrol Vello, no barrio da Graña, no de Esteiro Vello e Recimil?

Santiago de Compostela, a 10 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 10/04/2025 13:32:53

Carlos López Font na data 10/04/2025 13:33:01

Paloma Castro Rey na data 10/04/2025 13:33:08

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

79247

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

O Consello da Xunta anunciou, actuacións en materia de vivenda no Concello de Ferrol, con investimentos previstos para a posta en marcha vivendas de promoción pública en sete parcelas do polígono de Bertón.

Neste senso, informa que están licitadas as obras de construción en distintas parcelas, están licitadas a redacción e a dirección de obra de distintas vivendas. Estas accións atópanse en distintas fases nos procesos de avaliación de ofertas para a súa adxudicación dos correspondentes contratos.

Ademais destas actuacións, o Goberno galego impulsará a posta á disposición dos promotores e cooperativas en dúas parcelas de propiedade da Xunta de Galicia, no Bertón para a construción de vivendas protexidas na cidade de Ferrol por axentes privados.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 13:46:25
Nº Rexistro: 23931
Data envío: 10/04/2025 13:46:25.996

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que fase se atopan as distintas accións en tema de vivenda de construción pública que a Xunta de Galicia ten previstas desenvolver no polígono de Bertón no Concello de Ferrol?
2. Cales son os compromisos orzamentarios das distintas accións en tema de vivenda de construción pública que a Xunta de Galicia ten previstas desenvolver no polígono de Bertón no Concello de Ferrol?

Santiago de Compostela, a 10 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 10/04/2025 13:35:48

Carlos López Font na data 10/04/2025 13:35:59

Paloma Castro Rey na data 10/04/2025 13:36:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os polígonos industriais eólicos Anduriña e Zudreiro, situados na ADE Monte Acibal, promovidos pola empresa Green Capital 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está a tramitar os polígonos industriais eólicos Anduriña e Zudreiro, situados na ADE Monte Acibal, promovidos pola empresa Green Capital.

O polígono eólico Anduriña ten unha potencia de 41.4 MW, con 9 aeroxeradores de 4,6 MW e 200 m de altura, e unha poligonal que afecta aos concellos de Barro, Campo Lameiro, Moraña e Pontevedra.

O polígono eólico Zudreiro ten unha potencia de 23 MW, con 5 aeroxeradores de 4.6 MW de 200 m de altura, e unha poligonal que afecta aos concellos de Moraña e Campo Lameiro.

Os dous proxectos están situados na mesma zona, un a continuación do outro, comparten subestación e liña de evacuación, polo que estamos diante dun caso claro de fragmentación irregular.

Estes dous proxectos teñen tamén relación directa, en canto ás infraestruturas de evacuación e conexión á rede, con outros proxectos promovidos pola mesma empresa: LMT Parque Eólico Zudreiro a Subestación Parque Eólico Anduriña, Liña de Alta Tensión Anduriña-SEC Parque Eólico Coto Aguado (Cerdedo-Cotobade), LAT de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conexión de Coto Aguado coa Subestación de Tomeza. Todas estas infraestruturas terían un forte impacto no territorio e deberían ser tramitadas e avaliadas conxuntamente.

O polígono industrial eólico conformado polos proxectos Acibal (autorizado polo Consello da Xunta), Anduriña e Zudreiro non está debidamente xustificado en canto ao seu interese público e tería unha incidencia moi negativa nos seguintes ámbitos:

-Nos usos residenciais do territorio, pola incidencia negativa en núcleos de poboación da contorna, tanto na fase de construción como na de funcionamento.

-Na dispoñibilidade de recursos hídricos, pola incidencia das obras dos parques nas nacentes, cursos de auga e mananciais de abastecemento á poboación.

-En hábitats declarados de interese prioritario e interese comunitario, como as breixeiras, matogueiras e turbeiras do Monte Acibal, nomeadamente as Brañas da Amil.

-Na paisaxe, polo forte impacto visual e paisaxístico das numerosas infraestruturas previstas.

-No patrimonio cultural, pola presenza na zona de numerosos xacementos arqueolóxicos (mámoas e petroglifos principalmente) que se verían directamente afectados pola construción dos parques.

-Na zona de campeo do cabalo de monte, unha especie de alto interese ambiental e cultural, que cumpre unha función esencial na preservación de hábitats de interese como as breixeiras e brañas, e na prevención dos incendios. Estes hábitats veríanse fragmentados e alterados polas obras de construción dos proxectos.

-Nos valores culturais e na celebración da Rapa das Bestas da Amil, un ben cultural inmaterial que é preciso protexer e potenciar como sinal de identidade e atractivo turístico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Na celebración dos Milagres da Amil, unha festa relixiosa e popular de grande raigame e participación masiva.

Toda a contorna afectada pola construción dos polígonos eólicos e futuras actuacións (ampliación, repotenciacións) vería fortemente limitado o seu valor, o seu atractivo e a súa potencialidade de usos e aproveitamentos sustentábeis.

Tendo en conta o conxunto de proxectos e infraestruturas en tramitación nunha área de 15 km á redonda, debería levarse a cabo unha avaliación sinérxica e acumulativa do seu impacto nos ámbitos ambiental, cultural, residencial e socioeconómico. Ao mesmo tempo, debería desenvolverse un proceso de información e participación pública, coa intervención dos concellos e das entidades sociais, para acordar as grandes liñas de desenvolvemento socioeconómico e a compatibilidade de usos do territorio.

Os proxectos enerxéticos que se están a tramitar no Monte Acibal non teñen como finalidade nin a transición enerxética nin o desenvolvemento local sustentábel. Responden a unha lóxica depredadora e á voracidade de grandes empresas enerxéticas que pretenden obter o máximo lucro sen importarlles quen vive no territorio e que expectativas e potencialidades alternativas ten a zona.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten previsto a Xunta suspender a tramitación dos proxectos eólicos Anduriña e Zudreiro e levar a cabo un proceso de avaliación sinérxica e acumulativa de todos os proxectos eólicos previstos na comarca de Pontevedra?

Por que a Xunta permite a fragmentación irregular de proxectos eólicos que afectan aos concellos de Moaña, Campo Lameiro, Barro, Cerdedo-Cotobade e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pontevedra como ocorre no caso de Anduriña e Zudreiro, da subestación colectora e das súas infraestruturas de evacuación e conexión á rede?

Vai a Xunta desenvolver as actuacións necesarias para garantir a protección dos valores ambientais e culturais do Monte Acibal, nomeadamente a conservación dos humidais, do patrimonio cultural, de hábitats e especies protexidas, da zona de campeo do cabalo do monte e da tradición da Rapa das Bestas?

Ten previsto o goberno galego garantir a protección das Brañas da Amil e das turbeiras do Acibal, paralizando de forma cautelar e preventiva todos os proxectos que poidan afectar a estes ecosistemas de transcendental importancia para a conservación da biodiversidade e para a prevención do cambio climático?

Ten previsto o goberno galego desenvolver un proceso participativo e un debate social amplo sobre a incidencia dos proxectos eólicos no territorio e a súa incompatibilidade con outros usos tradicionais e sustentábeis?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Paulo Ríos Santomé
Xosé Manuel Golpe Acuña
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 10/04/2025 13:45:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 10/04/2025 13:45:48

José Manuel Golpe Acuña na data 10/04/2025 13:46:07





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

Os médicos forenses do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) desempeñan un papel esencial no funcionamento da xustiza, participando en procedementos que van desde levantamentos de cadáver ata informes periciais e atención a vítimas de violencia. Un dos aspectos que máis afecta á súa saúde laboral e á calidade do servizo é o sistema actual de gardas, baseado en quendas semanais de dispoñibilidade continua.

Na maioría dos partidos xudiciais galegos, os médicos forenses están sometidos a un réxime de garda de *sete días consecutivos, 24 horas ao día*. Son os únicos facultativos que se enfrontan a quendas de garda de 168 horas. Este sistema, supón un desgaste físico e mental significativo para os profesionais implicados, especialmente en áreas con alta carga de traballo.

Esta situación está a xerar:

1. Fatiga acumulada e risco de erros profesionais, derivados da falta de descanso real durante as gardas.
2. Dificultades para a conciliación familiar e persoal, xa que o profesional debe permanecer dispoñible sen interrupción durante toda a semana.
3. Remuneración pouco acorde co nivel de esixencia, en comparación con outras comunidades autónomas ou colectivos con funcións similares.
4. Desigualdade territorial, xa que nalgúns zonas con maior volume de traballo, o esforzo requirido durante as gardas é moito maior, sen compensación proporcional.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o Goberno galego ten que modificar este sistema de quendas de garda para garantir un servizo de calidade e preservar a saúde dos profesionais, propoñemos:





1. Redución da duración das gardas: Establecer gardas de 48 ou 72 horas, rotatorias entre o persoal dispoñible, en lugar do sistema de gardas semanais.
2. Aumento do número de forenses adscritos ao sistema de garda: Para poder reducir a duración sen afectar o servizo, é necesario incrementar os cadros de persoal.
3. Compensación adecuada: Mellorar a retribución económica das gardas, tendo en conta a dispoñibilidade absoluta e o impacto na vida persoal.
4. Compensación con descansos posteriores: Establecer días de descanso obrigatorios despois das gardas, para garantir a recuperación física e mental do profesional.
5. Adaptación ás características de cada partido xudicial: Promover a flexibilidade organizativa, para que permita adaptar a estrutura das gardas á carga real de traballo de cada zona.

Esta proposta busca equilibrar a necesidade de garantir a atención forense continua coa protección dos dereitos laborais dos profesionais. Mellorar as condicións das gardas non só redundará no benestar dos forenses, senón tamén nun servizo máis eficaz, humano e sustentable para a sociedade galega.

Por iso, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai o Goberno galego modificar o servizo de quendas de garda dos médicos forenses do Imelga?

Santiago de Compostela, 10 de Abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/04/2025 16:30:02

Patricia Iglesias Rey na data 10/04/2025 16:30:14





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Carmen Rodríguez Dacosta e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O 10 de abril, na Comisión 5.ª do Parlamento de Galicia, presentábase a Estratexia Galega de Economía Social, enfocado segundo apuntaban desde a Consellería de Emprego a construír unha economía social para unha Galicia sostible.

A estratexia enfócase de xeito moi directo sobre o eido do cooperativismo, que ten ademais o ano 2025 dedicado á actividade cooperativista. O plan ten unha serie de liñas coincidentes en boa medida co último plan presentado pola devandita Consellería. O desenvolvemento positivo do mesmo dependerá, inexorablemente, da intensidade coa que se afronten as medidas que alí se recollen e que é o que nos leva a contemplar unha serie de dúbidas.

Se ben reflicte unha serie de ideas que basculan entre as persoas, as entidades e a gobernanza; tamén enuncia proxectos prioritarios como os programas Factory, Eurorexión, Capacit, Mentor, ES verde e dixital, MIDESEUSUMO, Comunicación Integral e a Feira da Economía Social.

Con isto queda retratado unha folla de ruta que están á espera de cumprir pero non abordan un tema que para o PSdeG é fundamental: acabar coa discriminación de contratación entre os centros especiais de emprego sen ánimo de lucro e os centros que si o son. E garantir a viabilidade das empresas e centros dedicados a inserción social; basicamente porque son un valor inescusable para a independencia das persoas con discapacidade.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 17:19:18
Nº Rexistro: 23947
Data envío: 10/04/2025 17:19:18,774

A non diferenciación entre centros sen ánimo de lucro e os con ánimo de lucro é un lastre que produce unha serie desigualdade á hora de cumprir obxectivos e continuar crescendo coa empregabilidade do sector da discapacidade.

Esta discriminación vén dada porque no plan non existen medidas en economía circular que axuden a preservar as entidades de economía social que xa están no mercado e que levan anos dando servizo.

Por tal motivo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cales son os obxectivos de empregabilidade, de persoas con discapacidade, que espera acadar a Xunta de Galicia para o ano 2025?

Santiago de Compostela, a 10 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 10/04/2025 17:08:45

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/04/2025 17:08:54

Elena Espinosa Mangana na data 10/04/2025 17:09:04





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 17:22:11
Nº Rexistro: 23953
Data envío: 10/04/2025 17:22:11.913

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Lara Méndez López e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A sección terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) anulou parte do trazado dunha liña eléctrica de alta tensión autorizado pola Xunta de Galicia, situado na contorna do Castro Lupario e o Camiño Portugués a Santiago de Compostela, debido á súa afectación a un territorio histórico e paisaxe cultural. Desta forma, acolleu o recurso interposto polo Concello de Rois contra o acordo do Consello da Xunta de Galicia que aprobou a construción e declarou a utilidade pública da infraestrutura de transporte de enerxía eléctrica.

A Sala entende que a contorna xeográfica polo que discorre a liña entre as torres 26 e 28, no que se atopan os elementos catalogados Pazo de Angueira de Castro, Castro Lupario, Pazo do Faramello e Camiño Portugués a Santiago, “debeu ser considerado e analizado na avaliación de impacto ambiental no seu conxunto, non só examinando os seus elementos individualmente”.

Na sentenza, os maxistrados consideran acreditado o vínculo entre o Castro Lupario e o Camiño de Santiago “polo protagonismo que na tradición xacobeana posúe a Raíña Lupa na narración da Traslación do Apóstolo Santiago, recollida de forma oral e tamén no celeberrimo Códice Calixtino”. Así, destacan que “o encontro nun mesmo paraxe, por unha banda, do castro onde a tradición sitúa a morada da Raíña e, doutra, do Camiño Portugués a Santiago, constitúe un fito único en toda a ruta, xa que ambos elementos físicos integran un mesmo paisaxe e son partes que explican e contan unha mesma historia cultural,





patrimonial de Galicia. Por se isto non abundase, nesta contorna hai dous pazos catalogados, un de orixe baixa medieval -de Angueira de Castro- e outro do século XVII -do Faramello-, que testemuñan a evolución histórica do noso país a nivel económico, arquitectónico e social, destaca o tribunal na resolución.

O TSXG salienta que a Lei 5/2026, de Patrimonio Cultural de Galicia, protexe determinadas categorías de bens, aínda que non viñesen precedidos dun expediente administrativo. Tal é o caso, neste suposto, da consideración da paraxe como territorio histórico, cuxa cualificación deriva directamente da existencia da ruta portuguesa do Camiño de Santiago e a súa catalogación no Plan Básico Autonómico de Galicia de 2018.

En concreto, sobre a afección patrimonial ao Castro Lupario, o alto tribunal galego afirma que o proxecto infrinxe a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

Así, destaca que as liñas de alta tensión sobrevoan o perímetro de protección do castro, polo que conclúe que “resulta evidente que afecta á apreciación do ben e impide a súa adecuada contemplación”. Ademais, os maxistrados conclúen que o trazado definitivo aprobado na contorna do castro infrinxe a Lei de protección da Paisaxe de Galicia. O TSXG tamén sostén que o tendido aéreo afecta a un ben catalogado, o Camiño Portugués, “sen explicar a idoneidade do punto escollido para o cruzamento”, a pesar de que “impón un gravame visual evidente por tempo indefinido a este territorio histórico, que impacta negativamente no mesmo”.

Asemade, fronte o peso reputacional do Consello da Cultura de Galicia, a Dirección Xeral encarga un informe do que en realidade non hai proba ningunha da súa existencia, a alguén de quen se oculta reiteradamente a súa identidade, a pesar de dicir que é unha persoa experta en paisaxe cultural, cun alto e recoñecido prestixio internacional nesta materia”, indica o TSXG na





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 17:22:11
Nº Rexistro: 23953
Data envío: 10/04/2025 17:22:11.913

sentenza, contra a que cabe presentar recurso de casación ante o Tribunal Supremo.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que actuacións vai a seguir a Xunta de Galicia para executar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza que anulou parte do trazado dunha liña eléctrica de alta tensión situada na contorna do Castro Lupario e o Camiño Portugués, debido á súa afectación a un territorio histórico e paisaxe cultural?

Santiago de Compostela, a 10 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/04/2025 17:05:49

Lara Méndez López na data 10/04/2025 17:05:58

Silvia Longueira Castro na data 10/04/2025 17:06:07

CSV: BOPGDSPG-jkvufksaE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

79261

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana, Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A recente decisión das autoridades estadounidenses de anunciar a imposición de aranceis do 20 % a todos os produtos procedentes da Unión Europea xerou unha seria preocupación en España e o resto de países europeos. Esta medida, que se xustifica sobre supostos desequilibrios fiscais, afecta directamente a sectores crave da economía europea e española: agricultura, industria agroalimentaria, farmacéutica e metalúrxica, compoñentes do automóbil entre outros.

Por unha banda, a Unión Europea e España están preparadas para protexer e defender ás súas empresas e aos seus traballadores do shock comercial desatado por Estados Unidos mediante unha resposta rápida, unida e proporcionada. España mantén con EEUU unha relación comercial na que as exportacións de bens e servizos alcanzaron os 18.179 millóns de euros en 2024, segundo datos do Ministerio de Economía.

España xa presentou o Plan de Resposta e Relanzamento Comercial do Goberno de España que se despregará de forma inmediata e preventiva, complementará a actuación europea empregando varios instrumentos do Estado. Este plan compartiuse cos axentes económicos e sociais.

Fronte a esta aposta unida de Europa e España, o Goberno galego non reaccionou. para reunirse de forma urxente e adoitar unha posición común respecto aos aranceis que afectan aos sectores produtivos galegos e, así,





liderar a resposta ante as perdas que van soportar as empresas galegas, para as que pediu liñas de axudas e avais, porque é competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

Segundo os datos facilitados polo propio Goberno galego e Confederación de Empresarios de Galicia, preto de mil empresas galegas manteñen relacións comerciais consolidadas con Estados Unidos, ocupando este país o undécimo posto dos destinos das exportacións galegas, cun valor de 802 millóns de euros. Asemade, non se pode perder de vista os sectores que atravesan momentos de dificultade e incerteza debido á situación económica global, como o automobilístico, o metalúrxico, o agro-mar-industria, no que o impacto e sobre todo ó sector vinícola.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ante a política arancelaria do presidente Trump, vai o presidente da Xunta de Galicia aceptar reunirse de forma urxente cos grupos da oposición?
2. Vaise a aprobar un plan de rescate galego acordado con axentes económicos e sociais de axudas públicas con cargo a fondos propios da Xunta de Galicia para os sectores produtivos galegos afectados pola política arancelaria?

Santiago de Compostela, a 10 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/04/2025 17:14:44





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 17:23:59
Nº Rexistro: 23961
Data envío: 10/04/2025 17:23:59.631

Elena Espinosa Mangana na data 10/04/2025 17:14:52

Lara Méndez López na data 10/04/2025 17:15:00

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/04/2025 17:15:07

CSV: BOPGDSPG-jkvufksaE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

79264

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana, Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A recente decisión das autoridades estadounidenses de anunciar a imposición de aranceis do 20 % a todos os produtos procedentes da Unión Europea xerou unha seria preocupación en España e o resto de países europeos. Esta medida, que se xustifica sobre supostos desequilibrios fiscais, afecta directamente a sectores crave da economía europea e española: agricultura, industria agroalimentaria, farmacéutica e metalúrxica, compoñentes do automóbil entre outros.

Por unha banda, a Unión Europea e España están preparadas para protexer e defender ás súas empresas e aos seus traballadores do shock comercial desatado por Estados Unidos mediante unha resposta rápida, unida e proporcionada. España mantén con EEUU unha relación comercial na que as exportacións de bens e servizos alcanzaron os 18.179 millóns de euros en 2024, segundo datos do Ministerio de Economía.

España xa presentou o Plan de Resposta e Relanzamento Comercial do Goberno de España que se despregará de forma inmediata e preventiva, complementará a actuación europea empregando varios instrumentos do Estado. Este plan compartíuse cos axentes económicos e sociais.

Fronte a esta aposta unida de Europa e España, o Goberno galego non reaccionou. para reunirse de forma urxente e adoitar unha posición común



respecto aos aranceis que afectan aos sectores produtivos galegos e, así, liderar a resposta ante as perdas que van soportar as empresas galegas, para as que pediu liñas de axudas e avais, porque é competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

Segundo os datos facilitados polo propio Goberno galego e Confederación de Empresarios de Galicia, preto de mil empresas galegas manteñen relacións comerciais consolidadas con Estados Unidos, ocupando este país o undécimo posto dos destinos das exportacións galegas, cun valor de 802 millóns de euros. Asemade, non se pode perder de vista os sectores que atravesan momentos de dificultade e incerteza debido á situación económica global, como o automobilístico, o metalúrxico, o agro-mar-industria, no que o impacto e sobre todo ó sector vinícola.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ante a política arancelaria do presidente Trump, vai o presidente da Xunta de Galicia aceptar reunirse de forma urxente cos grupos da oposición?
2. Vaise a aprobar un plan de rescate galego acordado con axentes económicos e sociais de axudas públicas con cargo a fondos propios da Xunta de Galicia para os sectores produtivos galegos afectados pola política arancelaria?

Santiago de Compostela, a 10 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/04/2025 17:15:21





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 17:24:10
Nº Rexistro: 23962
Data envío: 10/04/2025 17:24:10.834

Elena Espinosa Mangana na data 10/04/2025 17:15:30

Lara Méndez López na data 10/04/2025 17:15:39

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/04/2025 17:15:47

CSV: BOPGDSPG-jkvufksaE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

79267

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana, Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A recente decisión das autoridades estadounidenses de anunciar a imposición de aranceis do 20 % a todos os produtos procedentes da Unión Europea xerou unha seria preocupación en España e o resto de países europeos. Esta medida, que se xustifica sobre supostos desequilibrios fiscais, afecta directamente a sectores crave da economía europea e española: agricultura, industria agroalimentaria, farmacéutica e metalúrxica, compoñentes do automóbil entre outros.

Por unha banda, a Unión Europea e España están preparadas para protexer e defender ás súas empresas e aos seus traballadores do shock comercial desatado por Estados Unidos mediante unha resposta rápida, unida e proporcionada. España mantén con EEUU unha relación comercial na que as exportacións de bens e servizos alcanzaron os 18.179 millóns de euros en 2024, segundo datos do Ministerio de Economía.

España xa presentou o Plan de Resposta e Relanzamento Comercial do Goberno de España que se despregará de forma inmediata e preventiva, complementará a actuación europea empregando varios instrumentos do Estado. Este plan compartíuse cos axentes económicos e sociais.

Fronte a esta aposta unida de Europa e España, o Goberno galego non reaccionou. para reunirse de forma urxente e adoitar unha posición común





respecto aos aranceis que afectan aos sectores produtivos galegos e, así, liderar a resposta ante as perdas que van soportar as empresas galegas, para as que pediu liñas de axudas e avais, porque é competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

Segundo os datos facilitados polo propio Goberno galego e Confederación de Empresarios de Galicia, preto de mil empresas galegas manteñen relacións comerciais consolidadas con Estados Unidos, ocupando este país o undécimo posto dos destinos das exportacións galegas, cun valor de 802 millóns de euros. Asemade, non se pode perder de vista os sectores que atravesan momentos de dificultade e incerteza debido á situación económica global, como o automobilístico, o metalúrxico, o agro-mar-industria, no que o impacto e sobre todo ó sector vinícola.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ante a política arancelaria do presidente Trump, vai o presidente da Xunta de Galicia aceptar reunirse de forma urxente cos grupos da oposición?
2. Vaise a aprobar un plan de rescate galego acordado con axentes económicos e sociais de axudas públicas con cargo a fondos propios da Xunta de Galicia para os sectores produtivos galegos afectados pola política arancelaria?

Santiago de Compostela, a 10 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/04/2025 17:15:59





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 17:24:21
Nº Rexistro: 23963
Data envío: 10/04/2025 17:24:21.569

Elena Espinosa Mangana na data 10/04/2025 17:16:07

Lara Méndez López na data 10/04/2025 17:16:15

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/04/2025 17:16:22

CSV: BOPGDSPG-jkvufksaE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

79270

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

O Grupo Parlamentario Socialista tivo coñecemento de que unha funcionaria de carreira do corpo facultativo superior, Subgrupo A1, solicitou a prolongación de permanencia no servizo activo no posto de Xefatura de Departamento de Produción Animal do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), organismo que depende da axencia pública autonómica de Calidade Alimentaria (AGACAL) adscrito a Consellaría do Medio Rural e Montes da Xunta de Galicia, a tenor do exposto no art. 68 da lei 2/2025, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

A Axencia Galega de Calidade Alimentaria emitía informe denegando a prolongación do servizo activo da referida funcionaria a pesares do amplo currículo e experiencia máis que acreditada que ostenta a peticionaria.

É de facer constar que as prolongacións solicitadas nos anos 2022 e 2023 foron concedidas, polo que resulta contraditorio co último informe desfavorable emitido polo xefe de área de Formación, Innovación e Investigación Agraria.

A funcionaria ante a denegación presentou o preceptivo recurso no que expoñía, entre outras cuestións, feitos moi graves que evidencian o comportamento inadmisíbel do xefe de área de Formación, Innovación e Investigación Agraria na súa condición de funcionario público. No citado escrito denunciábase o acoso laboral que sofre a funcionaria e os seus compañeiros de traballo.





Este recurso é estimado pola Administración, emendando por tanto a actuación do xefe de Área.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Dispón o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) de plan de igualdade?
2. Visto o escrito de recurso presentado pola funcionaria e en virtude do mesmo realizado o informe favorable de concesión de prórroga de servizo activo pola Administración, procedeuse por parte da Administración á apertura dun expediente de investigación por acoso?
3. De ser negativa a anterior resposta vaise proceder á apertura do citado expediente?
4. Ostenta na actualidade o xefe de Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria a facultade de emitir informes sobre a concesión ou denegación de prorrogas de servizo activo que poidan ser presentadas?

Parlamento de Galicia, 10 de abril de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 17:41:23
Nº Rexistro: 23967
Data envío: 10/04/2025 17:41:23.625

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/04/2025 17:38:39

Lara Méndez López na data 10/04/2025 17:38:57

CSV: BOPGDSPG-jkvufksaE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

79273

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Coñecida a última execución orzamentaria do ano 2024 facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia, compróbase que os programas:

- 322A. Fomento da empregabilidade ten unha execución do 46,6 % no ano 2024.
- 323 A. Formación profesional para desempregados ten unha execución do 47,9 % no ano 2024.
- 323 B. Formación profesional de ocupados ten unha execución do 41,5 % no ano 2024

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración realiza o Goberno galego da baixa execución en materia de políticas activas de emprego durante os últimos 10 anos?
2. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para corrixir a baixa execución en materia de políticas activas de emprego?

Parlamento de Galicia, 10 de abril de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 18:27:47
Nº Rexistro: 23973
Data envío: 10/04/2025 18:27:47.107

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/04/2025 18:21:18

Elena Espinosa Mangana na data 10/04/2025 18:21:29

Silvia Longueira Castro na data 10/04/2025 18:21:37

CSV: BOPGDSPG-jkvufksaE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

79275

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 18:28:02
Nº Rexistro: 23974
Data envío: 10/04/2025 18:28:02.935

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Coñecida a última execución orzamentaria do ano 2024 facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia, compróbase que os programas:

- 322A. Fomento da empregabilidade ten unha execución do 46,6 % no ano 2024.
- 323 A. Formación profesional para desempregados ten unha execución do 47,9 % no ano 2024.
- 323 B. Formación profesional de ocupados ten unha execución do 41,5 % no ano 2024

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que valoración realiza o Goberno galego da baixa execución en materia de políticas activas de emprego durante os últimos 10 anos?

Parlamento de Galicia, 10 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

79276

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 18:28:02
Nº Rexistro: 23974
Data envío: 10/04/2025 18:28:02.935

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/04/2025 18:24:38

Elena Espinosa Mangana na data 10/04/2025 18:24:49

Silvia Longueira Castro na data 10/04/2025 18:24:58

CSV: BOPGDSPG-jkvufksaE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>




Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

79277

@PSdeG





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

